PROXECTO

ORZAMENTOS 2025

MEMORIA **TOMO I**

XUNTA DE GALICIA

MEMORIA

TOMO I

Contido

I. OS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2025 — 7

I.1. ÁMBITO ORZAMENTARIO — 9

I.2. CONCILIACIÓN CO INVENTARIO DE ENTIDADES INTEGRANTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA — 18

I.3. CONTIDO DOS ORZAMENTOS — 21

I.4. ESTRUTURA ORZAMENTARIA — 22

I.5. HOMOXENEIZACIÓN DO ORZAMENTO 2024 — 24

II. O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL — 27

II.1. INGRESOS — 30

II.1.1. SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO — 32

II.1.2. ANÁLISE POR CAPÍTULOS — 39

II.2. GASTOS — 59

II.2.1. ANÁLISE POR CAPÍTULOS — 65

II.2.2. ANEXO SOBRE CONTRATOS DE COLABORACIÓN PÚBLICO-PRIVADA E CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA — 88

II.2.3. DETALLE DA CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DAS SECCIÓNS ORZAMENTARIAS — 91

III. OS ORZAMENTOS DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS E DAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO — 131

III.1. ORGANISMOS AUTÓNOMOS — 134

III.2. ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO — 159

IV. OS ORZAMENTOS DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS — 165

V. CONSOLIDACIÓN DOS ENTES CON ORZAMENTO LIMITATIVO — 213

V.1. INGRESOS — 217

V.2. GASTOS — 219

VI. ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL — 235

VII. ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS 241

VIII. CONSORCIOS AUTONÓMICOS 245

IX. SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS 249

X. FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO 253

XI. DATOS CONSOLIDADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO 257

XII. O MARCO XURÍDICO E ECONÓMICO. COMENTARIOS AO TEXTO ARTICULADO 263

XII.1. LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2025 265

XII.2. MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS DE ACOMPAÑAMENTO PREVISTAS PARA A SÚA ENTRADA EN VIGOR NO ANO 2025 273

OS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2025

Memoria I

I. OS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2025

I.1. ÁMBITO ORZAMENTARIO

O artigo 53.1 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, polo que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia establece que "O orzamento será único e incluirá a totalidade dos gastos e ingresos da Comunidade Autónoma galega e dos organismos, institucións e empresas dela dependentes". En virtude deste mandamento estatutario a lei de orzamentos, como norma que rexe e disciplina a actividade económico-financeira da comunidade autónoma, debe reflectir a totalidade dos gastos e ingresos do sector público autonómico, o que supón a concreción do principio de universalidade orzamentaria.

Consonte ao antedito principio e ao perímetro de consolidación do sistema europeo de contas (SEC -2010 en diante), os orzamentos xerais da comunidade autónoma estarán integrados por:

a) Os orzamentos da Administración xeral, nos que se incorporarán os órganos estatutarios e consultivos.
b) Os orzamentos dos organismos autónomos.
c) Os orzamentos das entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta, que consonte a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, terán a consideración de organismos autónomos para efectos orzamentarios.
d) Os orzamentos das axencias públicas autonómicas.
e) Os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais a que fai referencia o artigo 89 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
f) Os orzamentos de explotación e capital dos consorcios autonómicos a que fai referencia o artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
g) Os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas autonómicas aos que fai referencia o artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
h) Os orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico aos que fai referencia o artigo 113 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
i) En todo caso, os orzamentos das demais entidades que estean clasificadas como administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas normas do

sistema europeo de contas, agás as entidades que integran o sistema universitario de Galicia.

No orzamento da Administración xeral aparecen incluídas, en seccións singularizadas, os diferentes departamentos e órganos sen personalidade xurídica diferenciada que constitúen a Administración autonómica en sentido estrito. Ademais, inclúense outra serie de organismos de carácter estatutario ou que teñen a súa orixe nunha lei ordinaria que prevé a integración dos seus orzamentos nos da comunidade autónoma, aínda que dispoñen de completa independencia funcional. Desta forma, intégranse nos orzamentos xerais os do Parlamento de Galicia, o Consello de Contas, o Consello da Cultura Galega e o Consello Consultivo de Galicia. Finalmente, figuran como seccións independentes as transferencias ás corporacións locais, a débeda pública e os gastos de diversas consellerías, que pola peculiaridade das súas características e pola especial natureza dos gastos aconsellan a súa inclusión como seccións específicas.

Completando os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma figuran os orzamentos das entidades instrumentais do sector público autonómico, definido este pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

Os orzamentos dos organismos autónomos, dan cobertura á actividade económico-financeira destas entidades públicas instrumentais, que poden exercer actividades de intervención, fomento, xestión de servizos públicos ou apoio á función administrativa en réxime de descentralización funcional.

Os orzamentos das entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta, que consonte a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, teñen a consideración de organismos autónomos para efectos orzamentarios.

Os orzamentos das axencias públicas autonómicas creadas polo Consello da Xunta e facultadas para exercer potestades administrativas recollen os recursos para o cumprimento de programas específicos correspondentes a políticas públicas da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de descentralización funcional e xestión por obxectivos. Cómpre salientar a este respecto que as entidades instrumentais ás que se refire o apartado cinco da Disposición Transitoria Terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, se adecuarán ao disposto na citada lei para as axencias públicas autonómicas.

As entidades públicas empresariais, como entes instrumentais aos que se lles encomenda a realización, consonte criterios de xestión empresarial, de actividades prestacionais, de xestión de servizos públicos ou de produción de bens de interese público susceptibles de contraprestación, presentan orzamentos de explotación e capital que dan cobertura á súa actividade.

Os orzamentos dos consorcios autonómicos, constituídos mediante convenio pola administración xeral con outras administracións públicas para a xestión de servizos da súa competencia ou para a consecución de fins de interese común, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro, están integrados polos seus orzamentos de explotación e de capital.

As sociedades mercantís públicas autonómicas consideradas pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, como outras entidades instrumentais do sector público autonómico, presentan orzamentos de explotación e orzamentos de capital.

Por último, os orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico presentan os estados financeiros necesarios para a realización dos seus fins de interese xeral.

Na elaboración dos orzamentos tense en conta que o día 1de setembro de 2014 entrou en vigor o Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello Nº 549/2013, polo que se establece o novo Sistema de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-2010) que reempraza ao anterior Sistema Europeo de Contas SEC-95.

Entre os cambios metodolóxicos que incorpora o SEC-2010 no ámbito das contas públicas cabe citar os relativos á capitalización dos gastos de I+D, o tratamento dos swaps de intereses, a asignación dos impostos á unidade das administracións públicas que este habilitada para a súa esixencia, de xeito que o IVA e os impostos especiais que anteriormente rexistrábanse nas contas do sector das comunidade autónomas como impostos propios e, simultaneamente, como menores impostos do Estado, pasan a rexistrarse como impostos estatais e impútanse como gasto do Estado ás comunidades en concepto de transferencias correntes entre administracións públicas.

Entre todos os cambios destaca pola súa importancia a incorporación dun capítulo sobre a elaboración das contas das Administracións Públicas. Ao respecto introduce importantes modificacións que se dirixen ao reforzamento do criterio de control público da entidade, ampliando os indicadores que deben terse en conta para determinar se unha entidade está controlada ou non polas administracións públicas. Entre estes indicadores teñen especial relevancia os seguintes: determinar se a administración é o cliente principal; avaliar o grao de participación da administración no financiamento da súa actividade; comprobar o control público no nomeamento ou na revogación do persoal directivo; e, finalmente, verificar o control público dos principais comités da entidade.

En consecuencia, no SEC-2010, ademais de aplicar a "regra do 50%", é dicir, que as vendas cobren máis do 50% dos custos de produción, téñense en conta algúns dos criterios cualitativos adicionais mencionados para asegurar si realmente a unidade opera en condicións de mercado ou debe revisarse a súa clasificación e integrarse no sector de Administración Pública. Así mesmo, no novo sistema modifícase o cálculo do rateo vendas/custos que se emprega para aplicar a "regra do 50%". En particular, é necesario subliñar que debe ser incluído o custo de capital, custos financeiros netos, como custo de produción.

Desta forma, preséntanse os orzamentos da comunidade autónoma para o exercicio 2025 considerándose os das entidades que se definen a continuación, incluídas dentro do perímetro de consolidación definido polo SEC-2010, con excepción das entidades que integran o sistema universitario de Galicia, así como o resto de entidades con participación maioritaria da Xunta de Galicia.

Como organismos autónomos figuran os seguintes:

- Academia Galega de Seguridade Pública-AGSP
- Instituto de Estudos do Territorio
- Escola Galega de Administración Pública-EGAP
- Instituto Galego de Estatística-IGE
- Instituto Galego da Vivenda e Solo-IGVS
- Servizo Galego de Saúde-Sergas
- Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral-Issga
- Instituto Galego do Consumo e da Competencia-IGCC
- Fondo Galego de Garantía Agraria-Fogga

Como entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento figuran as seguintes:

- Consello Económico e Social-CES
- Consello Galego de Relacións Laborais

Como axencias públicas autonómicas inclúense as seguintes:

- Axencia de Turismo de Galicia
- Axencia Galega de Emerxencias
- Axencia Galega de Innovación-Gain
- Axencia Galega de Servizos Sociais-Agass
- Instituto Galego de Promoción Económica-Igape
- Instituto Enerxético de Galicia-Inega
- Axencia Galega da Industria Forestal-XERA
- Axencia Tributaria de Galicia
- Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
- Axencia Galega de Infraestruturas
- Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde-ACIS
- Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos-ADOS
- Axencia Galega das Industrias Culturais
- Axencia Galega de Desenvolvemento Rural-Agader
- Axencia Galega da Calidade Alimentaria-Agacal
- Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia-Intecmar

Como entidades públicas empresarias figuran as seguintes:

- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático:
  - Augas de Galicia
- Consellería do Mar:
  - Portos de Galicia

Como consorcios autonómicos figuran os seguintes:

- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes:
  - Consorcio Local Os Peares
- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático:

- Centro Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia
- Consorcio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento aos concellos de Cervo e Burela

- Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional:
  - Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia
- Consellería de Política Social e Igualdade:
  - Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar
- Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras:
  - Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
  - Consorcio Casco Vello de Vigo
- Consellería de Sanidade:
  - Consorcio Oncolóxico de Galicia

Como sociedades mercantís públicas autonómicas inclúense as que seguen:

- Presidencia da Xunta de Galicia:
  - Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo
  - Galicia Calidade, S.A.U.
  - Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.
- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático:
  - Sociedade Galega do Medio Ambiente S.A.-Sogama
- Consellería de Economía e Industria:
  - XesGalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U.
  - Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A.
  - Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.
  - Xestión do Solo de Galicia - Xestur, S.A.
- Consellería de Facenda e Administración Pública:
  - Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.
- Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras:
  - Sociedade Pública de Investimentos de Galicia S.A.
- Consellería de Sanidade:
  - Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A.
- Consellería do Medio Rural:
  - Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A.- Seaga
  - Xenética Fontao S.A.

Como fundacións do sector público autonómico figuran as seguintes:

- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes:

- Fundación Semana Verde de Galicia
- Fundación Galicia Europa
- Fundación Deporte Galego

- Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional:
  - Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia
- Consellería de Política Social e Igualdade:
  - Fundación Pública Gallega para la Tutela de Personas Adultas-Funga
- Consellería de Consellería de Economía e Industria:
  - Fundación do Granito
- Consellería de Sanidade:
  - Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía
  - Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061
  - Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica
  - Fundación Pública de Investigación Biomédica da Coruña_INIBIC
  - Fundación Instituto de investigación Sanitaria Santiago de Compostela
  - Fundación Biomédica Galicia Sur.

- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude:
  - Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia
  - Fundación Museo do Mar
  - Fundación Pública Galega Camilo José Cela

- Consellería de Emprego, Comercio e Emigración:
  - Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo
  - Fundación Pública Artesanía de Galicia
  - Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada
  - Fundación Feiras e Exposicións de Lugo
  - Fundación Feiras e Exposicións de Ourense
  - Instituto Feiral da Coruña
  - Instituto Feiral de Vigo

- Consellería do Medio Rural:

Fundación Centro Tecnolóxico da Carne

Ámbito dos Orzamentos Xerais para o ano 2025

Seccións	Organismos Autónomos	Entidades Públicas Instrumentais Consulta ou Asesoramento	Axencias Públicas Autonómicas	Entidades Públicas Empresariais	Consorcios Autonómicos	Sociedades Mercantís Públicas Autonómicas	Fundacións do Sector Público Autonómico
01 Parlamento							
02 Consello de Contas							
03 Consello da Cultura Galega							
04 Presidencia da Xunta de Galicia			Axencia de Turismo de Galicia			Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo Galicia Calidade, S.A.U. Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.	
05 Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes	Academia Galega de Seguridade Pública		Axencia Galega de Emerxencias		Consorcio Local Os Peares		Fundación Galicia Europa Fundación Semana Verde de Galicia Fundación Deporte Galego
06 Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático	Instituto de Estudos do Territorio			Augas de Galicia	Centro Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia Consorcio para a Xestión e Explotación da rede básica de abastecemento aos Concellos de Cervo e Burela	Sociedade Galega do Medioambiente S.A.	
07 Cª de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional			Axencia Galega de Innovación (GAIN)		Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia		Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia
08 Cª de Política Social e Igualdade			Axencia Galega de Servizos Sociais (Agass)		Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar		Fundación Pública Galega para a tutela de persoas adultas-Funga
09 Cª de Economía e Industria			Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) Instituto Enerxético de galicia (Inega) Axencia Galega da Industria Forestal (Xera)			XesGalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U. Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A. Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. Xestión do Solo de Galicia - Xestur, S.A.	Fundación do Granito
10 Cª de Facenda e Administración Pública	Escola Galega de Administración Pública (EGAP) Instituto Galego de Estatística (IGE)	Consello Económica e Social (CES)	Axencia Tributaria de Galicia Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia			Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A:	
	Orzamento consolidado da comunidade autónoma			**Entidades públicas que presentan PAIF**			

Ámbito dos Orzamentos Xerais para o ano 2025 (continuación)

Seccións	Organismos Autónomos	Entidades Públicas Instrumentais Consultativas ou Asesoramento	Axencias Públicas Autonómicas	Entidades Públicas Empresariais	Consorcios Autonómicos	Sociedades Mercantís Públicas Autonómicas	Fundacións do Sector Público Autonómico
11 Cª de Vivenda e Planificación de Infraestruturas	Instituto Galego da Vivenda e Solo		Axencia Galega de Infraestruturas		Axencia de Protecci´on da Legalidade Urbanistica Consorcio Casco Vello de Vigo	Sociedade Pública de Investimentos de Galicia SA.	
12 Cª de Sanidade	Servizo Galego Saúde (SERGAS)		Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS)		Consorcio Oncolóxico de Galicia	Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios SA	Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061 Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica (INIBIC) Fundación Instituto de investigación Sanitaria Santiago de Compostela Fundación Biomédica Galicia Sur
13 Cª de Cultura, Lingua e Xuventude			Axencia Galega das Industrias Culturais				Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia Fundación Museo do Mar Fundación Pública Galega Camilo José Cela
14 Cª de Emprego, Comercio e Emigración	Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC)	Consello Galego de Relacións Laborais					Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo Fundación Pública Artesanía de Galicia Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada Fundación Feiras e Exposicións de Lugo Fundación Feiras e Exposicións de Ourense Instituto Feiral da Coruña Instituto Feiral de Vigo
15 Cª do Medio Rural	Fondo Galego de Garantía Agraria - Fogga		Axencia Galega de Desenvolvemento Rural - Agader Axencia Galega da Calidade Alimentaria - Agacal			Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. Seaga Xenética Fontao S.A.	F. Centro Tecnolóxico da Carne - CTC
16 Cª do Mar			Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia - Intecmar	Portos de Galicia			F. Centro Tecnolóxico do Mar - Fundación Cetmar
20 Consello Consultivo de Galicia							
21 Transferencias a corporacións locais							
22 Débeda Pública da C. A.							
23 Gastos de diversas Consellerías							
Orzamento consolidado da comunidade autónoma				**Entidades públicas que presentan PAIF**			

I.2. CONCILIACIÓN CO INVENTARIO DE ENTIDADES INTEGRANTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Os acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira do 10 de abril de 2003, publicados mediante Orde HAC/2283/2003 do 31 de xullo, establecen a obriga de formular e manter actualizado o inventario de entidades integrantes do sector público autonómico, aos efectos da súa inclusión nas distintas categorías previstas na Lei 18/2001, do 12 de decembro, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, letra c) do artigo 2.1 e artigo 2.2; preceptos que tras a entrada en vigor da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, se refiren ao artigo 2 apartado 1b) e 2 de dita lei orgánica.

En materia de contabilidade nacional, o Instituto Nacional de Estatística, a Intervención Xeral da Administración do Estado e o Banco de España, son as institucións competentes para clasificar as entidades que compoñen o sector público.

A tal efecto, a Intervención Xeral do Estado comunica anualmente as entidades dependentes da Xunta de Galicia e que conforman o sector público autonómico. Sendo obriga da administración autonómica facilitar toda a información necesaria para manter actualizado o inventario de entes.

Presidencia da Xunta de Galicia

Entidades	Clasificación	Tipo Orzamento	Presentación Orzamentaria	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Axencia de Turismo	A	LIMITATIVO	XUMCO				
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo	SM	ESTIMATIVO	PAIF	SOCIEDADES	SI	AP	SI
Galicia Calidade, S.A.U.	SM	ESTIMATIVO	PAIF	SOCIEDADES	SI	AP	SI
Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.	SM	ESTIMATIVO	PAIF	SOCIEDADES	SI	AP	SI

Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

Entidades	Clasificación	Tipo Orzamento	Presentación Orzamentaria	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Academia Galega de Seguridade Pública	OO.AA.	LIMITATIVO	XUMCO				
Axencia Galega de Emerxencias	A	LIMITATIVO	XUMCO				
Consorcio Os Peares	C	ESTIMATIVO	PAIF	CONSORCIO	SI	AP	SI
Fundación Semana Verde de Galicia	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Galicia Europa	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Deporte Galego	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACION	SI	AP	SI

Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

Entidades	Clasificación	Tipo Orzamento	Presentación Orzamentaria	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Instituto de Estudos do Territorio	OO.AA	LIMITATIVO	XUMCO				
Centro Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia	C	ESTIMATIVO	PAIF	CONSORCIO	SI	AP	SI
Consorcio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento aos concellos de Cervo e Burela	C	ESTIMATIVO	PAIF	CONSORCIO	SI	AP	SI
Augas de Galicia	EPE	ESTIMATIVO	PAIF	EPE	SI	AP	SI
Sociedade Galega do Medioambiente S.A.	SM	ESTIMATIVO	PAIF	SOCIEDADES	SI	ENF	SI

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Entidades	Clasificación	Tipo Orzamento	Presentación Orzamentaria	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Axencia Galega de Innovación (GAIN)	A	LIMITATIVO	XUMCO				
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	C	ESTIMATIVO	PAIF	CONSORCIO	SI	AP	SI
Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACION	SI	AP	SI

Consellería de Política Social e Igualdade

Entidades	Clasificación	Tipo Orzamento	Presentación Orzamentaria	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Axencia Galega de Servizos Sociais (Agass)	A	LIMITATIVO	XUMCO				
Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	C	ESTIMATIVO	PAIF	CONSORCIO	SI	AP	SI
Fundación Pública Gallega para la Tutela de Personas Adultas-Funga.	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACIÓN	SI	AP	SI

Consellería de Economía e Industria

Entidades	Clasificación	Tipo Orzamento	Presentación Orzamentaria	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)	A	LIMITATIVO	XUMCO				
Instituto Enerxético de Galicia (Inega)	A	LIMITATIVO	XUMCO				
Axencia Galega da Industria Forestal (XERA)	A	LIMITATIVO	XUMCO				
Fundación do Granito	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACIÓN			
XesGalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U.	SM	ESTIMATIVO	PAIF	SOCIEDADES	SI	AP	SI
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A.	SM	ESTIMATIVO	PAIF	SOCIEDADES	SI	AP	SI
Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.	SM	ESTIMATIVO	PAIF	SOCIEDADES	SI	AP	SI
Xestión do Solo de Galicia - Xestur, S.A.	SM	ESTIMATIVO	PAIF	SOCIEDADES	SI	AP	SI

Consellería de Facenda e Administración Pública

Entidades	Clasificación	Tipo Orzamento	Presentación Orzamentaria	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Escola Galega de Administración Pública (EGAP)	OO.AA.	LIMITATIVO	XUMCO				
Instituto Galego de Estatística (IGE)	OO.AA.	LIMITATIVO	XUMCO				
Consello Económico e Social (CES)	OO.AA.	LIMITATIVO	XUMCO				
Axencia Tributaria de Galicia	A	LIMITATIVO	XUMCO				
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	A	LIMITATIVO	XUMCO				
Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.	SM	ESTIMATIVO	PAIF	SOCIEDADES	SI	AP	SI

Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras

Entidades	Clasificación	Tipo Orzamento	Presentación Orzamentaria	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Instituto Galego da Vivenda e Solo	OO.AA	LIMITATIVO	XUMCO				
Axencia Galega de Infraestruturas	A	LIMITATIVO	XUMCO				
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	C	ESTIMATIVO	PAIF	CONSORCIO	SI	AP	SI
Consorcio Casco Vello de Vigo	C	ESTIMATIVO	PAIF	CONSORCIO	SI	AP	SI
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia S.A.	SM	ESTIMATIVO	PAIF	SOCIEDADES	SI	AP	SI

Consellería de Sanidade

Entidades	Clasificación	Tipo Orzamento	Presentación Orzamentaria	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Servizo Galego Saúde (SERGAS)	OO.AA.	LIMITATIVO	XUMCO				
Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS)	A	LIMITATIVO	XUMCO				
Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS)	A	LIMITATIVO	XUMCO				
Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica (INIBIC)	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACION			SI
Fundación Instituto de investigación Sanitaria Santiago de Compostela	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACION			SI
Fundación Biomédica Galicia Sur.	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACION			SI
Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A.	SM	ESTIMATIVO	PAIF	SOCIEDADES	SI	AP	SI
Consorcio Oncolóxico de Galicia	C	ESTIMATIVO	PAIF	CONSORCIO	SI	P	NON (1)

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

Entidades	Clasificación	Tipo Orzamento	Presentación Orzamentaria	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Axencia Galega das Industrias Culturais	A	LIMITATIVO	XUMCO				
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Museo do Mar	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Pública Galega Camilo José Cela	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACION	SI	AP	SI

Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Entidades	Clasificación	Tipo Orzamento	Presentación Orzamentaria	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga)	OO.AA.	LIMITATIVO	XUMCO				
Consello Galego de Relacións Laborais	OO.AA.	LIMITATIVO	XUMCO				
Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC)	OO.AA	LIMITATIVO	XUMCO				
Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Pública Artesanía de Galicia	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACION	SI	AP	SI
Fundación Feiras e Exposicións de Ourense	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACION	SI	ENF	SI
Instituto Feiral da Coruña	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACION	SI	AP	SI
Instituto Feiral de Vigo	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACION	SI	P	SI

Entidades	Clasificación	Tipo Orzamento	Presentación Orzamentaria	Clasificación	IGAE	Sector	Orzamento
Consellería do Medio Rural							
Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga)	OO.AA.	LIMITATIVO	XUMCO				
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader)	A	LIMITATIVO	XUMCO				
Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal)	A	LIMITATIVO	XUMCO				
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACION	SI	AP	SI
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (Seaga)	SM	ESTIMATIVO	PAIF	SOCIEDADES	SI	AP	SI
Xenética Fontao S.A.	SM	ESTIMATIVO	PAIF	SOCIEDADES	SI	ENF	SI
Consellería do Mar							
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar)	A	LIMITATIVO	XUMCO				
Portos de Galicia	EPE	ESTIMATIVO	PAIF	EPE	SI	ENF	SI
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	F	ESTIMATIVO	PAIF	FUNDACION	SI	AP	SI

(1) Sen actividade

AP: Administración Pública

ENF: Empresa non financeira

EF: Empresa financeira

P: Pendente de clasificación, en estudo

I.3. CONTIDO DOS ORZAMENTOS

Respecto ao contido da lei de orzamentos, podemos distinguir dous compoñentes claramente diferenciados.

Por un lado, o texto articulado que contén a ordenación xurídica da actividade económico financeira, especificamente aplicable aos orzamentos do ano 2025, e concrétase na aprobación dos orzamentos; é dicir a, previsión dos ingresos que se espera realizar e a autorización dos gastos que como máximo se poderán recoñecer, así coma unha serie de normas de diverso calado que se consideran necesarias para conseguir unha mellor xestión dos recursos e dos créditos orzamentarios.

En segundo lugar, os estados numéricos de ingresos e gastos cuantifican e detallan as estimacións dos dereitos económicos, que se prevén liquidar, e a distribución dos créditos autorizados para a execución dos diferentes programas de gasto, así como os estados financeiros das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís públicas autonómicas, consorcios e fundacións do sector público autonómico.

I.4. ESTRUTURA ORZAMENTARIA

No referente a súa estrutura, os orzamentos xerais da comunidade autónoma axústanse ás seguintes regras:

1. Os estados de gastos son elaborados aplicando unha clasificación funcional por programas, que identifica a finalidade do gasto. Por outro lado, a clasificación orgánica proporciona información sobre o axente que realiza o gasto, e a clasificación económica identifica a natureza do mesmo.
2. Para cada programa de gasto, establécense os obxectivos estratéxicos e operativos que se pretenden conseguir cos recursos que se lle asignan e, tamén, cando resulta posible, os indicadores de seguimento que se consideran adecuados para analizar o grao de consecución deses obxectivos.
3. Os gastos correntes e os gastos de capital preséntanse de forma separada, e a súa clasificación económica seguirá os seguintes criterios:
    - Nos créditos para gastos correntes, distinguiranse os necesarios para o funcionamento dos servizos, os gastos financeiros e as transferencias correntes.
    - Nos créditos para gastos de capital, distinguiranse os de investimentos reais, as transferencias de capital e as variacións de activos e pasivos financeiros.

Conforme ás regras indicadas, o gasto orzamentario adopta unha tripla clasificación:

1. Funcional por programas, que permite coñecer o destino ou finalidade do gasto.
2. Orgánica, que identifica ao órgano xestor que asume a realización do gasto.
3. Económica, que informa sobre a concreción do gasto segundo a súa natureza económica.

Polo que respecta aos estados de ingresos, que expresan a contía e natureza da totalidade dos recursos previstos para o financiamento dos gastos autorizados no exercicio, presentan unha clasificación moito máis acoutada ou sinxela. De conformidade co artigo 49 do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, presentarán unicamente unha clasificación económica, distinguindo entre os que corresponden a operacións correntes e a operacións de capital. Isto é debido á aplicación dos principios xerais de caixa única e non afectación dos ingresos públicos.

Por último, en canto a estrutura orzamentaria, podemos establecer unha diferenza fundamental en base ao carácter limitativo ou non dos orzamentos das diferentes entidades que integran o perímetro de consolidación:

1. As entidades con orzamento limitativo, presentan as súas contas en forma de orzamento administrativo, e son: a administración xeral, organismos autónomos, entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e axencias públicas autonómicas.
2. As demais entidades, non suxeitas a orzamento limitativo, presentan os seus orzamentos en forma de conta financeira e son as entidades públicas empresariais, consorcios e sociedades mercantís públicas autonómicas, fundacións do sector público autonómico e demais entes non suxeitos a orzamentos limitativos.

I.5. HOMOXENEIZACIÓN DO ORZAMENTO 2024

Co fin de establecer un marco de análise máis claro e transparente que permita comparar os orzamentos de 2024 e 2025 resultou necesario a realización de diversas homoxeneizacións e axustes no orzamento do 2024.

Por un lado, os cambios na estrutura orgánica da Xunta de Galicia derivadas do proceso electoral levado a cabo en febreiro do ano 2024 e reflectidos na aprobación dos decretos en abril de 2024, obrigaron a realizar diversas homoxeneizacións, tanto a nivel de sección como de servizo. Esta homoxeneización no orzamento do 2024 obedece fundamentalmente a:

- O Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- O Decreto 48/2024, do 22 de abril, polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- O Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Por outra banda, a Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 outorga á Consellería de Facenda e Administración Pública a competencia para xerar crédito no programa 621B, «Imprevistos e funcións non clasificadas», por un importe igual á diferenza que poida existir entre as cantidades inicialmente consignadas no estado de ingresos e as comunicadas en concepto de entregas á conta e a liquidación de exercicios anteriores correspondente aos distintos recursos do sistema de financiamento das comunidades autónomas do réxime común.

Os importes recollidos no Orzamento de 2024 foron estimados polos servizos da Consellería de Facenda ante a falta de comunicación en prazo por parte do Ministerio de Hacienda das entregas a conta do dito ano e da liquidación provisional do ano 2022. Os importes definitivos das entregas a conta do ano 2024 foron actualizadas a través do Real Decreto-Lei 4/2024, do 26 de xuño, incrementando o seu importe en 250,7 millóns de euros e en canto ao importe da liquidación do ano 2022 se incrementou en 102,3 millóns de euros. Por isto, e necesario axustar os estados de gastos e ingresos do Orzamento 2024.

De seguido móstranse os cadros que recollen os estados de ingresos e gastos, consolidados, que aparecen nos orzamentos iniciais aprobados para o ano 2024 coa homoxeneización e axustes efectuados co fin de garantir unha maior transparencia e precisión nos datos facilitando a comparación entre ambos orzamentos.

Orzamento consolidado de Ingresos homoxeneizado e axustado

Distribución económica				
	Capítulos	Orzamento inicial 2024	Axustes	Orzamento Homoxeneizado e Axustado 2024
I	Impostos directos	3.431.422	190.489	3.621.911
II	Impostos indirectos	4.136.599	-177.364	3.959.235
III	Taxas, prezos e outros ingresos	176.403	0	176.403
IV	Transferencias correntes	4.225.274	339.878	4.565.152
V	Ingresos patrimoniais	26.895	0	26.895
OPERACIÓNS CORRENTES		11.996.592	353.003	12.349.596
VI	Alleamento de investimentos reais	9.056	0	9.056
VII	Transferencias de capital	1.319.961	0	1.319.961
OPERACIÓNS DE CAPITAL		1.329.017	0	1.329.017
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**13.325.610**	**353.003**	**13.678.613**
VIII	Activos financeiros	100.442	0	100.442
IX	Pasivos financeiros	1.389.149	0	1.389.149
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**1.489.591**	**0**	**1.489.591**
TOTAL		**14.815.201**	**353.003**	**15.168.204**

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado de gastos homoxeneizado e axustado

Distribución económica				
	Capítulos	Orzamento inicial 2024	Axustes	Orzamento Homoxeneizado e Axustado 2024
I	Gastos de persoal	4.867.677	31.187	4.898.865
II	Gastos en bens correntes e servizos	2.243.532	0	2.243.532
III	Gastos financeiros	188.822	11.000	199.822
IV	Transferencias correntes	3.101.668	0	3.101.668
OPERACIÓNS CORRENTES		10.401.699	42.187	10.443.887
V	Fondo de continxencia	16.839	296.073	312.912
VI	Investimentos reais	1.597.192	4.743	1.601.935
VII	Transferencias de capital	1.241.080	0	1.241.080
OPERACIÓNS DE CAPITAL		2.838.273	4.743	2.843.016
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**13.256.811**	**343.003**	**13.599.815**
VIII	Activos financeiros	229.667	10.000	239.667
IX	Pasivos financeiros	1.328.723	0	1.328.723
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**1.558.390**	**10.000**	**1.568.390**
TOTAL		**14.815.201**	**353.003**	**15.168.204**

(Miles de Euros)

O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL

II. O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL

A maior parte da actividade económico-financeira do sector público autonómico canalízase a través dos orzamentos da Administración xeral. Directamente, por medio da xestión que desenvolven as distintas seccións orzamentarias ou, indirectamente, a través das transferencias de financiamento aos organismos autónomos, axencias públicas autonómicas e consorcios autonómicos e, en menor medida, coas entidades públicas empresarias que completan o seu financiamento con importantes ingresos propios. Do mesmo xeito financia á maioría das sociedades mercantís públicas autonómicas e fundacións que integran o sector público autonómico.

Os orzamentos da Administración xeral constitúen o 97,6% do total de ingresos consolidados do sector público autonómico que ascenden a 15.740,5 millóns de euros.

Polo que respecta aos organismos autónomos e as axencias públicas, as transferencias configuran a maior parte dos seus recursos, salvo certas excepcións. Destacan no ano 2025 os ingresos propios do Sergas correspondentes, entre outros, á prestación de servizos a satisfacer polas compañías aseguradoras como consecuencia da atención médica derivada de accidentes do tráfico e polas mutuas patronais por accidentes de traballo. Conta ademais con diversas subvencións finalistas que lle transfire o Estado e que recibe directamente, como o Fondo de Cohesión Sanitaria e Fondo de Garantía Asistencial, a Asistencia Sanitaria para o mantemento de centros sanitarios, o Plan de Atención Primaria, entre outras.

Dentro das axencias públicas autonómicas, destacan os ingresos do Instituto Galego de Promoción Económica que conta en 2025 con importantes ingresos propios de carácter financeiro, procedentes do reintegros de préstamos concedidos e do fondo de activos financeiros e o fondo de investimento estratéxicos de Galicia.

Con diferentes matices o papel financiador da Administración Xeral tamén é relevante no caso das entidades públicas empresariais. Non obstante, destacan as taxas pola prestación de servizos nos portos e polas ocupacións lucrativas do dominio público portuario de Portos de Galicia e en Augas de Galicia o Canon da Auga, o Canon de Xestión de Depuradoras e Canon de Abastecementos, tributos creados pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e a Lei1/2022, de 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, que representan a maior parte dos seus ingresos de xestión ordinaria.

Por último, as transferencias das consellerías revisten unha intensidade moi distinta nas sociedades mercantís públicas autonómicas que dispoñen dun cadro de recursos moito máis diversificado que o das restantes entidades que se integran nos orzamentos da comunidade autónoma.

O 29 de xullo de 2024 aprobouse o Acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, ao cal se refire o artigo 12 da

Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, modificado polo artigo 92 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Este acordo establece o límite do gasto para o Proxecto de lei dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia en 13.954 millóns de euros.

O gasto non financeiro recolleito nos orzamentos da comunidade autónoma para 2024 axústase ao establecido no citado teito de gasto alcanzando o importe dos 13.954 millóns de euros.

Estes orzamentos incorporan o enfoque de obxectivos e resultados do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030, destaca a programación e execución dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia priorizando os investimentos que permitan dar cumprimento aos fitos e obxectivos previstos, a orzamentación da programación 21-27, que logo dun primeiro ano de implantación se prevé que se orienten a unha anualidade financeira teórica tanto os fondos de cohesión como os sectoriais, o pulo aos programas de vivenda pública, reforzo dos programas de gasto sanitario, con prioridade do Plan de infraestruturas sanitarias e os investimentos en novas tecnoloxías sanitarias para garantir unha atención sanitaria pública de calidade.

Os Orzamentos do 2025 consolidan o compromiso de Galicia co crecemento económico sostible e co reforzo das políticas sociais, ao tempo que asegura a sustentabilidade das finanzas públicas.

II.1. INGRESOS

Os ingresos totais previstos para a Administración Xeral ascenden a 15.362,8 millóns de euros incrementándose en 583,2, millóns de euros, un 3,9% respecto aos do ano 2024, incrementándose os non financeiros un 2,7% e os financeiros increméntanse nun 16,4%.

Orzamento de Ingresos da Xunta de Galicia

Distribución económica

Capítulos		2024	2025	Variación 2025/2024 Importe	%	Valor Relativo 2024	2025
I	Impostos directos	3.621.911	4.072.768	450.857	12,4	24,5	26,5
II	Impostos indirectos	3.959.235	3.931.866	-27.369	-0,7	26,8	25,6
III	Taxas, prezos e outros ingresos	96.097	108.384	12.286	12,8	0,7	0,7
IV	Transferencias correntes	4.405.463	4.357.608	-47.856	-1,1	29,8	28,4
V	Ingresos patrimoniais	18.750	23.514	4.764	25,4	0,1	0,2
OPERACIÓNS CORRENTES		**12.101.456**	**12.494.140**	**392.683**	**3,2**	**81,9**	**81,3**
VI	Alleamento de investimentos reais	150	150	0	-	-	-
VII	Transferencias de capital	1.287.563	1.250.250	-37.313	-2,9	8,7	8,1
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**1.287.713**	**1.250.400**	**-37.313**	**-2,9**	**8,7**	**8,1**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**13.389.169**	**13.744.540**	**355.370**	**2,7**	**90,6**	**89,5**
VIII	Activos financeiros	1.258	2.947	1.689	134,2	-	-
IX	Pasivos financeiros	1.389.149	1.615.336	226.187	16,3	9,4	10,5
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**1.390.407**	**1.618.283**	**227.876**	**16,4**	**9,4**	**10,5**
Total		**14.779.577**	**15.362.823**	**583.246**	**3,9**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento axustado) (Miles de Euros)

- Os ingresos por operacións correntes increméntanse neste exercicio en 392,7 millóns de euros, un 3,2% máis co ano anterior. As causas do bo comportamento destes ingresos responde a dous factores:

Os impostos directos increméntanse nun 12,4%, derivado sobre todo do incremento das entregas a conta do IRPF nun 13,6% con respecto ao ano anterior e do imposto de patrimonio nun 54,4%.

Os impostos indirectos redúcense nun 0,7%, derivado sobre todo da redución da liquidación do IVE do ano 2023 e das entregas a conta dos impostos especiais.

As transferencias correntes redúcense nun 1,1%, derivado sobre todo do decaemento das liquidacións do ano 2023 do sistema de financiación autonómico.

Por último, neste capítulo dentro dos fondos europeos se dota el Mecanismo de Recuperación e Resiliencia- MRR con 34,6 millóns de euros que diminúe en 12,6 millóns respecto ao orzado no ano 2024.

Os ingresos patrimoniais increméntanse nun 25,4% como consecuencia do incremento dos dividendos e participación en empresas públicas e pola dotación do produto de concesións administrativas en materia de medio ambiente e operacións de derivados.

- Os ingresos por operacións de capital dos capítulos VI e VII do orzamento de ingresos alcanza a cifra de 1.250,4 millóns de euros, reducíndose neste exercicio en 37,3 millóns de euros, un 2,9% menos co ano anterior.

As transferencias finalistas de capital procedentes do Estado increméntanse nun 17% e o Fondo de Compensación Interterritorial mantense na mesma contía que a orzada en 2024.

No que atinxe transferencia de capital dos fondos europeos estímanse para o ano 2025 en 1.089,6 millóns de euros, fronte a 1.140,3 millóns de euros no ano 2024, o que supón unha diminución dun 3,5%.

- Dentro dos ingresos financeiros, os activos incrementan o seu importe nun 134,2% debido a dotación do reintegro de prestamos concedidos á Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. Os pasivos financeiros tamén incrementan o seu importe ata os 1.615,3 millóns de euros.

Por último engadir que, da mesma forma que o realizado nos orzamentos precedentes, os ingresos dos organismos estatutarios preséntase nos cadros desta memoria de forma agregada aos ingresos da Administración Xeral.



II.1.1. SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO

Desde a entrada en vigor da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de Autonomía e modifícanse determinadas normas tributarias, os recursos que integran o sistema de financiamento autonómico son os seguintes:

- os tributos cedidos que determinan a capacidade tributaria,

- a transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais,

- o Fondo de Suficiencia Global,

- e os Fondos de Convergencia: o Fondo de Competitividade e o Fondo de Cooperación.

CAPACIDADE TRIBUTARIA

A Lei 22/2009, do 18 de decembro, determina que a capacidade tributaria de cada comunidade autónoma estará formada polos seguintes recursos:

1. Recadación dos tributos totalmente cedidos: Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, Imposto sobre Sucesións e Doazóns, Imposto Especial sobre Determinados Medios de Transporte, Tributos sobre o xogo e Taxas afectas aos servizos traspasados.
2. A tarifa autonómica do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas dos residentes na comunidade autónoma, correspondente a unha participación autonómica do 50% no rendemento deste imposto.
3. Cesión do 50% da recadación líquida producida polo Imposto sobre o Valor Engadido correspondente a cada comunidade autónoma, determinado mediante o índice de consumo certificado polo INE.
4. Cesión do 58% da recadación líquida dos Impostos Especiais sobre a Cervexa, Produtos Intermedios, Alcohol e Bebidas Derivadas segundo o índice de consumo certificado polo INE e cesión do 58% da recadación líquida polo Imposto sobre Hidrocarburos derivada da aplicación do tipo estatal xeral, segundo o índice de entregas de gasolinas, gasóleos e fueló-leos determinado polo Ministerio para la Transición Ecológica, ponderados polos correspondentes tipos impositivos.
5. Cesión do 58% da recadación líquida polo Imposto sobre os Elaborados do Tabaco, segundo o índice de ventas a expendedurías da comunidade autónoma, certificados polo Comisionado para o Mercado de Tabacos, ponderados polos correspondentes tipos impositivos.
6. Cesión do 100% da recadación líquida derivada do tipo estatal especial do Imposto sobre Hidrocarburos e do Imposto Especial sobre a Electricidade distribuídos segundo os índices de entregas e de consumo establecidos, respectivamente.

O financiamento derivado dos tributos suxeitos a liquidación, é dicir, os parcialmente cedidos, o tipo estatal especial do Imposto sobre Hidrocarburos e o Imposto sobre a Electricidade recíbese do Estado mediante entregas a conta, que supoñen o 98% da previsión, por doceavas partes mensuais, a conta da liquidación definitiva que se practicará cando se coñezan tódolos datos do sistema (no exercicio n+2).

Os recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico constitúen a partida que dentro do total de recursos non financeiros de Galicia ten maior importancia (con carácter xeral supoñen en torno o 80% dos ingresos non financeiros totais).

O cálculo dos recursos do sistema de financiamento realízase pola comunidade autónoma en base á comunicación provisional dos recursos do sistema de financiamento do Ministerio de Hacienda.

No ano 2025 o total de recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico aumentará nun 2,8% respecto aos rendementos definitivos correspondentes ao ano 2024. No que atinxe ás entregas a conta o seu importe experimenta unha variación dun 9,5% que compensa a menor liquidación que se espera recibir no ano 2025.

En canto aos importes do ano 2024 é preciso recordar que para realizar o Orzamento do dito ano, ante a falta de comunicación en prazo por parte do Ministerio de Hacienda das entregas a conta do dito ano e da liquidación provisional do ano 2022, os servizos da Consellería de Facenda tiveron que estimar os respectivos importes. As entregas a conta definitivas do ano 2024 foron actualizadas a través do Real Decreto-Lei 4/2024, do 26 de xuño.

O importe das entregas a conta consignadas no orzamento do ano 2024 se incrementan respecto dos importes derivados do Real Decreto-Lei en 250,7 Millóns de euros, un 2,7% máis. E o importe da liquidación do ano 2022 se incrementa en 102,3 millóns de euros, un 8,8% máis.

Millóns de euros

FONTES FINANCIAMENTO	Orzamento inicial 2024	Rendementos definitivos 2024	Orzamento inicial 2025	Variación	
				Absoluta	%
Recursos Sistema Financiamento	**10.205**	**10.559**	**10.857**	**299**	**2,8%**
- Entregas a conta	9.123	9.374	10.262	888	9,5%
- Liquidación ano n-2	1.167	1.270	680	-589	-46,4%
- Liquidacións anos 2008-2009	-85	-85	-85	0	0,0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Os importes que vai recibir a Comunidade Autónoma de Galicia en concepto de recursos do sistema de financiamento autonómico nos últimos anos vense moi afectados por todas as medidas extraordinarias e temporais de rebaixas tributarias adoptadas de forma unilateral polo Estado desde mediados do ano 2021 ata o presente ano en relación co incremento do prezo da enerxía e da alimentación. De xeito que no IVE adoptáronse sucesivas medidas de rebaixa dos tipos impositivos aplicables á enerxía eléctrica, ao gas natural ou á alimentación e no Imposto especial sobre a electricidade desde setembro do ano 2021ata o 30 de decembro do ano 2023 o tipo impositivo reduciuse ata o 0,5%, e non retomándose o tipo xeral do imposto ata o pasado 1 de xullo.

Pois ben, o 22 de xullo de 2024 recibiuse a liquidación definitiva do ano 2022, unha vez revisada a mesma constatouse que, ao igual que ocorreu coa liquidación do ano 2021, non se inclúe na mesma ningunha compensación ás CCAA das medidas adoptadas polo Estado con vixencia durante o dito exercicio 2022, incumpríndose de novo o principio de lealdade institucional establecido tanto na LOFCA como na Lei 22/2009.

A partir da información publicada pola AEAT ata o de agora, o impacto de todas as medidas adoptadas entre os ano 2021-2024 pode estimarse para o conxunto das CCAA duns 10.220 millóns de euros, e un impacto para Galicia de 649,2 millóns de euros.

Estimación impacto medidas tributarias para contrarrestar incremento prezos da enerxía.

	2021	2022	2023	2024	Total
Impacto Galicia	-42,0	-194,7	-247,5	-165,2	-649,2
Impacto Total CCAA	-589,9	-3.145,7	-3.926,3	-2.558,0	-10.219,9

Fonte: elaboración propia

IRPF

En relación ao Imposto sobre a renda das persoas físicas, por un lado, en canto ás entregas a conta do exercicio 2025, o seu importe é de 3.531,4 millóns de euros, é dicir, un 13,6% máis que o importe da entrega a conta definitiva do ano 2024. Se se compara co importe consignado no Orzamento do ano 2024 o incremento é dun 20,8% máis.

E, por outra parte, en canto á liquidación do ano 2023 estímase en 268,5 millóns de euros. É dicir, case a mesma cantidade que o importe da liquidación definitiva do ano 2022: 270,5 millóns euros, o que representa unha caída dun 0,7%.

Por último, hai que descontar o importe do reintegro das 12 mensualidades correspondentes á liquidación negativa do sistema do exercicio 2009, que ascende a 2,9 millóns de euros.

IVE

Os importes previstos para o Imposto sobre o Valor Engadido para o vindeiro ano, en concepto de entregas a conta e de liquidación do ano 2023, ascenden a 2.717,4 millóns de euros, experimentando unha leve redución respecto aos importes definitivos do ano 2024, cunha caída de 19,3 millóns de euros, un 0,7% menos.

En relación ás entregas a conta do exercicio 2025, o seu importe é de 2.797,2 millóns de euros, é dicir, un 9% máis que o importe definitivo do ano 2024.

En relación a liquidación provisional do exercicio 2023 estímase un importe de -79,7 millóns de euros, o que supón unha forte caída respecto á liquidación definitiva do ano 2022 xa que esta ascendeu a 170,3 millóns de euros, é dicir, unha minoración de 250,1 millóns de euros, o cal se debe ao forte incremento da recadación experimentado polo IVE no ano 2022, un 13,9% máis, mentres que o incremento da recadación esperado do IVE incluído nos PGE do ano 2022 foi dun 4,3%.

Por último, ao igual que acontece no IRPF, tamén hai que minorar o importe do reintegro das 12 mensualidades correspondentes á liquidación negativa do sistema dos exercicios 2008 e 2009, que ascende a 23,7 millóns de euros.

IIEE

Os impostos especiais suxeito a liquidación son o do Alcol e Bebidas Derivadas, o da Cervexa, o dos Elaborados de Tabaco, o dos Produtos Intermedios, o da Electricidade e o do Imposto sobre Hidrocarburos respecto dos que se estima unha previsión conxunta de entregas a conta por un importe total de 881,9 millóns de euros, un 2,2% inferior ás entregas definitivas do ano 2024.

En canto á liquidación provisional do ano 2023 estímase en -138,8 millóns de euros (dos que se estima que -90,2 millóns corresponden ao imposto sobre a electricidade polo impacto da redución do tipo impositivo ao 0,5% desde setembro do ano 2021 para contrarrestar o efecto do incremento dos prezos da enerxía). Isto supón unha redución do seu importe en 20,6 millóns de euros xa que a liquidación definitiva do ano 2022 foi de -118,1 millóns de euros.

TRANSFERENCIA DO FONDO DE GARANTÍA DE SERVIZOS PÚBLICOS FUNDAMENTAIS

O dito Fondo ten por obxecto asegurar que cada comunidade autónoma recibe os mesmos recursos por habitante axustado para financiar os servizos públicos fundamentais, configurado como un mecanismo de garantía no que participan todas as comunidades autónomas cunha porcentaxe dos seus recursos tributarios, en termos normativos, e o Estado con recursos adicionais.

É dicir, o Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais, componse de:

- O 75% dos recursos tributarios cedidos ás comunidades autónomas, en termos normativos e debidamente homoxeneizados.
- E a achega de recursos adicionais por parte do Estado. Para cada exercicio esta achega calcúlase aplicándolle ao importe fixado para o ano base (2007): 8.055 millóns de euros, o índice de evolución dos Ingresos Tributarios do Estado (ITE) do ano 2007 e o ITE do ano de cálculo.

Hai que sinalar que cada comunidade autónoma participa neste Fondo de Garantía en función dunha serie de variables que determinan a súa poboación axustada ou unidade de necesidade, nos termos establecidos no artigo 9 da Lei 22/2009: poboación, superficie, dispersión, insularidade, poboación protexida equivalente (distribuída en 7 grupos de idade), poboación maior de 65 anos e poboación entre 0-16 anos.

A transferencia a recibir do Fondo de Garantía defínese como a diferenza, positiva ou negativa, entre o importe da participación da comunidade autónoma no importe total do fondo en función da respectiva poboación axustada e o 75% dos seus recursos tributarios en termos normativos. Farase efectiva mediante entregas a conta mensuais por doceavas partes e será obxecto da liquidación definitiva correspondente aos 2 anos.

En 2025 as entregas a conta do Fondo de Garantía increméntanse ata os 2.189,6 millóns de euros, un 7,7%, respecto á entrega definitiva do ano 2024.

En canto a liquidación do Fondo de Garantía do ano 2023 estímase unha liquidación positiva de 79,3 millóns de euros, o que supón unha redución de 210,9 millóns de euros respecto á liquidación do ano 2022, debido a que esta liquidación foi extraordinariamente elevada polo forte incremento da recadación tributaria, moi por riba das previsións utilizadas para calcular as respectivas entregas a conta, de modo que mentres que estimaba un ITE dun 1,3586 para o ano 2022 o definitivo ascendeu a 1,5746.

FONDO DE SUFICIENCIA GLOBAL

Configurado como mecanismo de peche do sistema de financiamento, cobre a diferenza entre as necesidades de financiamento de cada comunidade autónoma e a suma da súa capacidade tributaria e transferencia do Fondo de Garantía no ano base do vixente modelo (2007). Foi calculado inicialmente de forma provisional para Galicia por importe de 1.496,6 millóns de euros, cantidade que foi aceptada no acordo da Comisión Mixta de Transferencias Administración do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia.

Sen embargo, segundo o artigo 10.2 da Lei 22/2009, o Fondo de Suficiencia Global foi obxecto dunha primeira regularización, para o cumprimento do obxectivo sinalado no artigo 5 da mesma lei: compáranse as necesidades globais de financiamento de cada comunidade autónoma (recursos do sistema de financiamento da Lei 21/2001 e recursos adicionais do artigo 5 da nova lei) coa suma da capacidade tributaria e a transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais que corresponden a cada comunidade autónoma en valores do ano 2009, en garantía do "statu quo" establecido na lei.

Por último, e segundo o establecido no artigo 10.3 da mesma lei, no momento da incorporación dos recursos adicionais descritos no artigo 6, no ano 2012, determinouse o Fondo de Suficiencia Global de cada comunidade autónoma para o ano 2010, regularizándose definitivamente no ano base no importe de 1.184,9 millóns de euros.

Sen embargo, para o cálculo da entrega a conta do Fondo de Suficiencia Global para o exercicio 2025 pártese dese importe calculado en 2010, no ano base, pero reducido nas revisións sufridas polo dito Fondo por mor das variacións nos tipos impositivos estatais dos Impostos Especiais de Fabricación e IVE entre os anos 2011 e 2020, segundo o disposto no artigo 21.2 da mencionada lei, e pola supresión do Imposto sobre o Patrimonio no ano 2011.

De esta forma estímase que no ano 2025 o importe da entrega a conta do Fondo de Suficiencia sexa de 861,9 millóns de euros, un 13,1% máis que o ano anterior, o cal supón que o ITE que se está utilizando para fixar o dito importe é de 1,6476.

En canto a liquidación do ano 2023 estímase unha liquidación positiva por importe de 41,7 millóns de euros, o que supón unha minoración respecto do ano anterior de 98,6 millóns de

euros, un 70,3% menos. A forte liquidación do ano 2022 débese, como xa se comentou para o Fondo de Garantía, ao forte incremento experimentado pola recadación tributaria no dito ano de modo que o ITE definitivo foi moi superior ao previsto.

Ademais, tamén hai que ter en conta que as liquidacións negativas do Fondo de Suficiencia xeradas nos anos 2008 e 2009 foron moi importantes (case alcanzaron os 1.500 millóns de euros) de modo que cada ano hai que reintegrar por este concepto 58,2 millóns de euros.

OS FONDOS DE CONVERXENCIA AUTONÓMICA

A Lei 22/2009 creou dous novos fondos dotados con recursos adicionais do Estado: oo Fondo de Cooperación e o Fondo de Competitividade. Polas súas características Galicia soamente cumpre os requisitos do primeiro.

Este Fondo non ten o mesmo funcionamento que o resto de recursos do sistema de financiamento xa que neste recurso non hai entrega a conta, polo que aos 2 anos, xunto coa liquidación do resto de recursos do modelo se calcula e se recibe o rendemento definitivo do dito fondo.

Polo que no ano 2025 se percibirá a liquidación do Fondo de Cooperación correspondente ao ano 2023, que se estima en 509,2 millóns de euros, o cal supón unha minoración de 7,3 millóns de euros respecto á liquidación definitiva do ano 2022, un 1,4% menos.

LIQUIDACIÓN DE EXERCICIOS ANTERIORES

Por unha parte, compútanse o importe correspondente ao reintegro das liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009 que ascenderon a 2.174,3 millóns de euros.

A disposición adicional trixésima sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2012 establece, segundo a redacción dada pola disposición derradeira primeira do Real-Decreto Lei 12/2014, do 12 de setembro, que o prazo de reintegro destas liquidacións é de 20 anos dende o ano 2012, polo que ata o ano 2031 hai que reintegrar 18,9 millóns de euros como consecuencia da liquidación negativa do ano 2008 e 65,9 millóns de euros polo ano 2009, en total 84,8 millóns de euros.

Cabe destacar que estas liquidacións son obxecto de axuste positivo en contabilidade nacional, polo mesmo importe que se inclúe como devolución do ano, para conciliar o saldo orzamentario co saldo de contabilidade nacional, xa que xa foron un menor ingreso en contabilidade nacional nos anos 2010 e 2011.

Respecto a liquidación global do ano 2023, que se practicará durante o ano 2025, por diferenza entre o rendemento definitivo de todos os recursos que integran o sistema de financiamento autonómico (agás o Fondo de Cooperación que non é obxecto de entrega a conta) e as correspondentes entregas a conta o seu importe estímase en 680,2 millóns de euros, e dicir,

589,5 millóns de euros menos que no ano 2022, como consecuencia do forte aumento experimentado pola recadación tributaria durante o ano 2022, moi superior á previsión utilizada para calcular as entregas a conta do ano 2022, de xeito que a liquidación estimada do ano 2023, sendo tamén moi elevada, volve a uns niveis máis normais.

Recursos do sistema de financiamento suxeitos a liquidación				
			Variación 2025/2024*	
	2024 *	2025	Importe	%
Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (50%)	3.109.959	3.531.435	421.476	13,6%
Imposto sobre o Valor Engadido (50%)	2.566.423	2.797.182	230.759	9,0%
Impostos Especiais (58% e 100%)	901.922	881.923	-19.999	-2,2%
Fondo de Suficiencia Global	762.269	861.927	99.658	13,1%
Fondo de Garantía Servizos Públicos Fundamentais	2.033.404	2.189.612	156.208	7,7%
Entregas a conta	**9.373.976**	**10.262.079**	**888.103**	**9,5%**
Anualidade Liquidación Exercicio 2008	-18.900	-18.900	0	0,0%
Anualidade Liquidación Exercicio 2009	-65.907	-65.907	0	0,0%
Liquidación Exercicio 2021/2022	1.269.660	680.207	-589.453	-46,4%
Liquidacións exercicios anteriores	**1.184.853**	**595.400**	**-589.453**	**-49,7%**
Recursos sistema de financiamento suxeitos a liquidación	**10.558.829**	**10.857.479**	**298.650**	**2,8%**

** (Orzamento Axustado) (Miles de Euros)*

II.1.2. ANÁLISE POR CAPÍTULOS

CAPÍTULO I. IMPOSTOS DIRECTOS

Os ingresos deste capítulo ascenden a 4.072,8 millóns de euros incrementándose nun 12,4% respecto aos do ano anterior.

CAPÍTULO I. Impostos directos

Distribución económica. Variación 2025-2024						
			Variación 2025/2024		Valor Relativo	
Conceptos	2024	2025	Importe	%	2024	2025
100 Tarifa autonómica sobre a renda das persoas físicas	3.377.526	3.797.041	419.515	12,4	93,3	93,2
110 Imposto sobre sucesións e doazóns	178.281	181.758	3.477	2,0	4,9	4,5
111 Imposto sobre o patrimonio	40.708	62.847	22.138	54,4	1,1	1,5
112 Imposto sobre os depósitos nas entidades de crédito	25.151	30.869	5.718	22,7	0,7	0,8
120 Imposto compensatorio ambiental mineiro	244	253	9	3,8	0,0	0,0
Total	**3.621.911**	**4.072.768**	**450.857**	**12,4**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento axustado) (Miles de Euros)

A análise dos recursos obtidos polo IRPF xa foi obxecto de análise no epígrafe correspondente ao sistema de financiamento autonómico. De todos modos, en conxunto e en comparación coas cifras previstas en 2024, o IRPF increméntase en 68,6 millóns de euros, un 13,6% máis.

En canto o Imposto sobre Sucesións e Doazóns a cifra recadatoria prevista para o ano 2025 é de 181,8 millóns de euros, incrementando o seu importe un 2% respecto ao ano 2024, que responde sobre todo á actualización do valor das masas patrimoniais.

E todo isto, aínda que veñen impactadas as medidas fiscais implantadas dende o 2016 nas reducións de parentesco, as dirixidas ao mantemento do patrimonio familiar e a capacidade económica da familia, así como a regulación prevista no texto articulado da lei de medidas do ano 2025, que eleva e unifica a redución de parentesco para o grupo III, quedando determinada en 25.000 €.

En canto ao Imposto sobre o Patrimonio para o ano 2025 prevese un importe de dereitos recoñecidos de 62,8 millóns de euros, o que supón un incremento dun 54,4% con respecto a cifra inicialmente orzada no ano 2024.

Esta cifra responde á previsión de ingresos pola campaña para o ano 2024, ao aumento do tipo aplicable no último tramo da tarifa do imposto e á redución da bonificación do 50%, ou no seu caso, das outras deducións autonómicas, no importe a pagar que derive da aplicación da normativa do Imposto Temporal de Solidariedade das Grandes Fortunas.

Inclúense 30,9 millóns de euros da recadación esperada polo Imposto sobre os Depósitos nas Entidades de Crédito, un 22,7% máis que a previsión de recadación do ano 2024. Este imposto foi creado, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2013, pola Lei 16/2012, do 27 de decembro, pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas públicas e ao impulso da actividade económica, modificada polo Real Decreto-Lei 8/2014, do 4 de xullo, coa pretensión de asegurar un tratamento fiscal harmonizado que garante unha maior eficiencia no funcionamento do sistema financeiro así como unha tributación harmonizada dos depósitos constituídos nas entidades de crédito en todo o territorio español.

O Imposto sobre os Depósitos nas Entidades de Crédito é un tributo de carácter directo que grava os depósitos constituídos nas entidades de crédito, constituíndo o feito impoñible o mantemento de fondos de terceiros que comporten a obriga de restitución, a excepción dos fondos mantidos en sucursais fóra do territorio español. O período impositivo será o ano natural e o imposto devindicarase o último día do período, de forma que a recadación do imposto de 2024 producirase ao longo do exercicio 2025. Ademais, establécese un sistema obrigatorio de pagamentos a conta, de forma que os contribuíntes teñen que presentar unha autoliquidación do imposto no mes de xullo de cada exercicio, por importe do 50% da contía resultante de aplicar o tipo de gravame á base impoñible do período impositivo anterior.

Por outra banda, recóllese o importe da recadación do Imposto Compensatorio Ambiental Mineiro, creado pola Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Trátase dun imposto propio da comunidade autónoma, directo, real, obxectivo e orientado a unha finalidade extrafiscal. Está orientado a compensar as externalidades negativas xeradas pola actividade mineralúrxica de extracción, explotación e almacenamento de minerais metálicos, que

se desenvolva e poida desenvolverse en Galicia. Prevese un mantemento das circunstancias existentes que dan lugar á devindicación deste imposto compensatorio, que levará unha recadación asociada de 0'3 millóns de euros.

Por último, en canto ao canon de inmobles declarados en estado de abandono (CIDEA), este canon, que entrou en vigor no ano 2020 e que comezaría ingresarse no ano 2021 está asociado aos inmobles declarados en estado de abandono nos ámbitos territoriais en que estea declarada unha área de rexeneración urbana de interese autonómico. O proceso regulado na lei é complexo e longo, o que fai que no ano 2024 aínda non se dera ningunha declaración de inmoble en estado de abandono, motivo polo que a recadación esperada para o ano 2025 é cero.

CAPÍTULO II. IMPOSTOS INDIRECTOS

A previsión de ingresos derivados de impostos indirectos sitúase en 3.931,9 millóns de euros para o exercicio 2025 o que supoñe un decaemento do 0,7% respecto ao ano anterior.

CAPÍTULO II. Impostos indirectos

Distribución económica. Variación 2025-2024

Conceptos	2024	2025	Variación 2025/2024 Importe	%	Valor Relativo 2024	2025
200 Sobre transmisións inter vivos	234.005	255.780	21.775	9,3	5,9	6,5
201 Sobre actos xurídicos documentados	97.449	104.300	6.851	7,0	2,5	2,7
210 Imposto sobre o valor engadido	2.713.058	2.693.733	-19.325	-0,7	68,5	68,5
220 Impostos especiais	813.981	773.830	-40.151	-4,9	20,6	19,7
230 Taxas fiscais sobre o xogo	44.468	46.066	1.597	3,6	1,1	1,2
231 Imposto sobre actividades de xogo	9.040	9.050	10	0,1	0,2	0,2
240 Imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos	12.150	12.355	205	1,7	0,3	0,3
291 Imposto sobre a contaminación atmosférica	762	432	-331	-43,4	0,0	0,0
292 Imposto sobre o dano ambiental da auga encorada	11.871	13.871	2.000	16,8	0,3	0,4
293 Canon eólico	22.450	22.450	0	0,0	0,6	0,6
Total	**3.959.235**	**3.931.866**	**-27.369**	**-0,7**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento axustado) (Miles de Euros)

A comparativa do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP-AXD) co respecto ao orzamento 2024 é positiva (cun incremento dun 9,3%), que obedece a unha esperada evolución positiva do mercado inmobiliario e dos prezos e a unha diminución da litixiosidade pola consolidación dos valores de referenza. No articulado da lei de medidas do ano 2025 prevese unha serie de beneficios fiscais aplicables a vivenda cuxo coste económico é de 6.625.180,70 euros que xa está impactado no ingreso de ITPAXD correspondente ao ano 2025.

Respecto ao IVE este imposto xa foi obxecto de análise no epígrafe correspondente do sistema de financiamento autonómico.

Con respecto aos Impostos Especiais é necesario diferenciar os suxeitos a liquidación do Imposto sobre determinados Medios de Transporte. Os impostos especiais suxeitos a liquidación son os seguintes: o de Alcol e Bebidas Derivadas, Cervexa, Elaborados de Tabaco, Produtos Intermedios, Electricidade e os tipos estatais do Imposto sobre Hidrocarburos e xa foron comentados no epígrafe do sistema de financiamento.

E respecto ao Imposto Especial sobre Determinados Medios de Transporte (IEDMT prevese recadar un importe de 30'7 millóns de euros, cifra que ven supoñer un aumento de case un 1'7% respecto ao orzamento previsto para 2024, baseado na evolución esperada das matriculacións de vehículos.

Dentro dos tributos sobre o xogo figuran por unha parte as Taxas Fiscais sobre o Xogo (TFX), que se axustan á realidade da evolución do sector do xogo, cunha recadación prevista de 46'1 millóns de euros, cifra superior nun 3,6% á orzada para o ano 2024. O volume do xogo parece ir recuperando pouco a pouco a normalidade, o que foi favorecido pola redución do tipo de gravame aprobada na lei de medidas para o ano 2023, redución que se asociou ao mantemento do cadro de persoal medio de traballadores.

Inclúese así mesmo, a recadación esperada polo Imposto sobre Actividades de Xogo, 9,1 millóns de euros, recadación derivada dos xogos realizados a través de canles electrónicos, informáticos, telemáticos e interactivos e nos que os medios presenciais deberán ter un carácter accesorio, segundo o establecido pola Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, e a recibir trimestralmente pola comunidade autónoma. A cifra impactada é lixeiramente superior á do orzamento do 2024.

O novo Imposto sobre o depósito, a incineración e a coincineración de residuos, creado na lei estatal de residuos e solos contaminados para unha economía circular e configurado como un imposto cedido ás CCAA, comezou ser aplicado a partir do 1 de xaneiro de 2023. A cifra esperada para o ano 2025 sitúase nun importe de 12'4 millóns de euros, importe superior nun 1,7% ao previsto para o ano 2024, aínda que debe terse en conta que este imposto é de recente creación e que todavía é incerta a evolución do comportamento da actividade gravada, tendo en conta que a finalidade do imposto é precisamente incidir nese comportamento.

O Imposto sobre a Contaminación Atmosférica (ICA), que recae sobre as emisións de determinadas sustancias contaminantes fíxase en torno aos 0'4 millóns de euros para o ano 2025, unha cifra inferior á proxectada para o ano inmediato anterior.

O Imposto sobre o Dano Medioambiental de Augas Encoradas (IDMAE) axusta a súa previsión de ingresos para 2025 na cifra de recadación esperada de case 13,9 millóns de euros.

O Canon Eólico (CE), creado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, cuxo feito imponíble constitúeo a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio, como consecuencia da instalación en parques eólicos de aeroxeradores

afectos á produción de enerxía eléctrica e situados en territorio galego, mantense neste exercicio nunha cifra igual á do ano anterior, de xeito que se espera acadar 22,45 millóns de euros.

CAPÍTULO III. TAXAS, PREZOS E OUTROS INGRESOS

A previsión de ingresos neste capítulo ascende a 108,4 millóns de euros incrementado un 12,8 % respecto á do ano anterior.

O conxunto das taxas alcanza os 25,8 millóns de euros en 2025, incrementándose nun 14,5 % respecto ao inicial do ano anterior. No dito importe tense en conta as modificacións introducidas na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia que obedecen, ben a creación de novas taxas ou ben a modificación ou supresión das vixentes.

Co fin de atenuar a escalada dos prezos ocorrida nos últimos meses tómase a decisión de que no ano 2025 os tipos das taxas de contía fixa vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia non experimentarán ningunha actualización respecto ao ano 2024.

Os prezos, considerando tanto os públicos como os privados, estímase que se incrementarán nun 4,3 % alcanzando os 27,8 millóns de euros en 2025. No conxunto dos prezos destacan os da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (derivados fundamentalmente das residencias da terceira idade)e os da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (principalmente derivados de comedores escolares e das escolas de idiomas) . A suma dos importes dos prezos que aplican estas dúas consellerías representan case o 82 % da previsión de ingresos por prezos correspondente ao 2025.

Por último, dentro deste capítulo, cabe destacar a presencia dos seguintes ingresos: reintegros, os xuros de demora, as multas e sancións tributarias, as sancións das consellerías, as recargas de constrinximento, etc. de modo que no ano 2025 por todos estes conceptos prevese recadar uns 54,7 millóns de euros, cifra superior ao ano 2024 nun 16,8%

CAPÍTULO III. Taxas, prezos e outros ingresos

Distribución económica. Variación 2025-2024						
			Variación 2025/2024		Valor Relativo	
Conceptos	2024	2025	Importe	%	2024	2025
301 Taxas por servizos administrativos	7.330	8.172	842	11,5	7,6	7,5
302 Taxas por servizos profesionais	15.121	17.541	2.420	16,0	15,7	16,2
303 Taxas por venda de bens	26	26	0	0,5	0,0	0,0
304 Taxas por dominio público	77	79	3	3,7	0,1	0,1
311 Prezos públicos	23.329	24.427	1.097	4,7	24,3	22,5
312 Prezos privados	3.341	3.391	50	1,5	3,5	3,1
353 De sociedades públicas e outros entes públicos da Comunidade Autónoma	930	930	0	0,0	1,0	0,9
380 Reintegros de exercicios pechados	19.100	26.215	7.115	37,2	19,9	24,2
381 Reintegros de exercicio corrente	3.150	4.000	850	27,0	3,3	3,7
391 Recargas e multas	6.250	6.750	500	8,0	6,5	6,2
392 Sancións impostas polas conselle-rías	14.044	13.653	-391	-2,8	14,6	12,6
399 Ingresos diversos	3.400	3.200	-200	-5,9	3,5	3,0
Total	**96.097**	**108.384**	**12.286**	**12,8**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento axustado) (Miles de Euros)

CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

No ano 2025 a previsión de ingresos por transferencias correntes ascende 4.357,6 millóns de euros, o que representa un decaemento dun 1,1% respecto ao orzamento do ano 2024.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes

Distribución económica. Variación 2025-2024						
			Variación 2025/2024		Valor Relativo	
Conceptos	2024	2025	Importe	%	2024	2025
400 Participación no sistema de finan-ciamento	3.684.453	3.623.561	-60.892	-1,7	83,6	83,2
401 Da Seguridade Social	223.045	231.814	8.769	3,9	5,1	5,3
402 De organismos autónomos do Estado	185.389	182.911	-2.477	-1,3	4,2	4,2
403 De empresas e entes públicos do Estado	70	839	769	1094,4	0,0	0,0
404 Subvencións finalistas da Adminis-tración xeral	163.054	176.947	13.894	8,5	3,7	4,1
460 De concellos	1.000	1.000	0	0,0	0,0	0,0
490 Fondo social europeo. Programa operativo	99.887	103.747	3.859	3,9	2,3	2,4
493 Interreg III e outras Iniciativas 2007-2013 e 2014-2020	317	1.511	1.193	376,0	0,0	0,0
495 MRR-Mecanismo de Recuperación e Resiliencia	47.197	34.620	-12.577	-26,6	1,1	0,8
499 Outras transferencias da Unión Europea	1.051	657	-393	-37,4	0,0	0,0
Total	**4.405.463**	**4.357.608**	**-47.856**	**-1,1**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento axustado) (Miles de Euros)

Neste apartado inclúense as transferencias recibidas do Estado polos recursos do sistema de financiamento autonómico, é dicir, polas entregas a conta do Fondo de Suficiencia Global, a

transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais, as liquidacións de ditos Fondos e a liquidación do Fondo de Cooperación. A contía dos importes que se esperan recibir por ditos Fondos no vindeiro ano xa foron analizados no apartado relativo ao sistema de financiamento autonómico.

As subvencións de carácter finalista do Estado increméntanse nun 3,6 %. Igual que nos orzamentos de anos anteriores, figuran detalladas segundo a orixe da transferencia, diferenciando si proceden da Seguridade Social, da administración xeral, dos organismos autónomos ou de empresas e demais entes do Estado, e segundo a liña de actuación de que se trate, o que permite un maior seguimento dos ingresos en correlación cos créditos que financian.

Para a estimación do importe previsto para 2025 partiuse das cantidades aprobadas para 2024 nos distintos Acordos do consello de Ministros polos que se formalizan os criterios de distribución e os compromisos financeiros resultantes das Conferencias Sectoriais e en diversos Convenios firmados.

No ámbito laboral, destacan no ano 2025 e segundo a Orde TES/602/2024, do 10 de xuño, e a Orde TES/848/2024, do 3 de agosto as axudas recibidas do Bloque A correspondente a "Servicios e Programas de Fomento do Emprego e de Formación Profesional para o Emprego", o Bloque B que comprende "Servizos e Programas de Formación Profesional para o Emprego financiados con cargo á cota de Formación Profesional" e o Bloque C "Modernización ", dotándose para este orzamento 199,3 millóns de euros, dos cales 179,3 millóns de euros corresponden a transferencias correntes. Tamén neste ámbito, órzase neste ano un importe de 77,2 millóns de euros como axuda no Bloque D "Formación certificable", correspondendo a totalidade á transferencia corrente.

Inclúese tamén, a igual que no ano 2025, o Pacto de Estado contra a violencia de xénero aprobada por Resolución do 10 de maio de 2024 da Secretaría do Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade do 29 de abril de 2024,, pola que se fixan os criterios de distribución e a distribución resultante para o exercicio 2024. A Galicia correspondéronlle 11 millóns de euros, dos cales 10,2 millóns de euros son de transferencia corrente. Como consecuencia do Real decreto 664/2024, do 9 de xullo, polo que se regulan as axudas económicas a vítimas de violencias sexuais, e polo que se modifica o Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero., increméntase nun millóns máis que no ano 2024 a finalista Plan integral violencia xén. L.O. 1/2004 dotándose con 2,7 millóns de euros para facer fronte ás novas situación derivadas de a dita modificación e órzase por primeira vez neste orzamento o Plan integral de violencia sexual 10/2024 en 1,3 millóns de euros.

Así mesmo, inclúese tamén a transferencia procedente do Plan Corresponsables que promove, por segundo ano consecutivo, a conciliación e a igualdade de oportunidades para mulleres e homes con fillos menores ao cargo, por importe de 9,3 millóns de euros neste ano 2025.

Destacan as destinadas á atención da dependencia, que se incrementan respecto ao ano anterior nun 3,9%, como consecuencia do incremento das persoas beneficiarias do SAAD segundo as propostas establecidas no "Plan de Choque para o impulso do Sistema para á Autonomía e Atención á Dependencia", a aprobación do Real Decreto 675/2023 polo que se modifica o Real Decreto 1051/2013, de 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do SAAD e pola inclusión no texto articulado da lei de medidas de 2025 a modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servicios sociais, que obriga a reforzar os servizos e prestacións ás persoas atendidas.

Inclúese tamén, ao igual que no ano 2024, o Plan Concertado para o desenvolvemento de prestacións básicas de servizos sociais de corporacións locais, ca fin de manter a rede de servizos de atención primaria e proporcionar á cidadanía servizos sociais adecuados que permitan a cobertura das súas necesidades básicas.

Inclúense, dende o ano 2017 trala aprobación da Lei 3/2017, do 13 de xullo, os Programas de interese xeral. Esta transferencia ten a súa orixe na sesión do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) do día 26 de abril de 2017 na que se adoptou por unanimidade acordar, en cumprimento da Sentenza do Tribunal Constitucional 9/2017, do 19 de xaneiro, ditada no conflito de competencias C-4777, que o futuro modelo de xestión do 0,7% do IRPF sexa un modelo mixto xestionado pola Administración xeral do Estado e polas comunidades autónomas. No ano 2025 espéranse recibir un total 36,4 millóns de euros e como transferencia corrente 26,7 millóns de euros.

Mantense o Plan Estatal de Vivenda tamén dotado con 21,1 millóns de euros, dos cales 6 órzase como transferencias correntes, segundo a anualidade establecida para o ano 2024 na Resolución do 12 de xullo de 2022, da Dirección General de Vivienda y Suelo, pola que se publica o Convenio entre a Secretaría General de Agenda Urbana y Vivienda e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución do Plan de Estatal para o acceso á vivenda 2022-2025.

No ámbito educativo, orzase por primeira vez o Plan de Redución do Abandono Temporal por importe de 3,3 millóns de euros e o Plan PROA- Apoio a centros de Primaria e Secundaria por importe de 1,4 millóns de euros.

Tamén se inclúe, como no ano 2024, a transferencia do bono social térmico por importe de 18,1 millóns de euros.

Dentro de las transferencias finalistas das corporación locais inclúese 1 millón de euros procedentes de convenios de transporte metropolitano.

Neste ámbito, o Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 orientará as liñas estratéxicas de investimento e gasto do orzamento 2025.

O plan ten por obxectivo xeral deseñar as liñas estratéxicas de actuación que convertan a Galicia nunha rexión máis verde, máis dixital e mellor adaptada aos retos actuais e futuros, que

converxe en riqueza coa media española e europea, a partires dun modelo de crecemento sostible e inclusivo baseado no aumento da produtividade a través da innovación, a internacionalización, o apoio ás transicións ecolóxica e dixital, o fomento da calidade do emprego e do produto, e o aumento do benestar dos galegos, en especial o dos máis desfavorecidos, para seguir a artellar unha sociedade ben formada, libre e cohesionada. O Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 fundamentará a estratexia de crecemento a medio prazo de Galicia arredor de catro eixes de actuación: a dinamización demográfica e o benestar, a transición ecolóxica, a competitividade e a cohesión social e territorial.

O Regulamento (UE) Nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, establece as misións do FSE e o Reglamento (UE) 2021/1057, do Parlamento Europeo e do Consello, de 2021, establece ás do Fondo Social Europeo Plus (FSE+).

O FSE+ integra o antigo Fondo Social Europeo (FSE), a Iniciativa de Emprego Xuvenil (YEI), o Fondo de Axuda Europea para os Máis Desfavorecidos (FEAD) e o Programa da UE para o Emprego e a Innovación Social (EaSI), o que permite utilizar os fondos da maneira máis eficiente e coherente posible. Investirá nas seguintes áreas prioritarias:

- Apoiar á mocidade que se veu particularmente afectada pola crise da COVID-19, deste xeito, os recursos do FSE+ axudarán a que atopen unha cualificación, un traballo de boa calidade e a mellorar a súa educación e formación.

- Axudar aos nenos necesitados mediante a asignación de recursos do FSE+ a accións específicas para combater a pobreza infantil e apoiar aos máis vulnerables da sociedade que sofren perdas de emprego e redución de ingresos, incluída a provisión de alimentos e asistencia material básica aos máis desfavorecidos.

- Capacitar ás persoas para a transición a unha economía verde e dixital.

- Crear capacidade para interlocutores sociais e organizacións da sociedade civil.

- Cooperación transnacional para promover a innovación social na UE.

- Apoio directo pola Comisión Europea á innovación social no marco do capítulo Emprego e Innovación Social (EaSI).

Respecto aos fondos europeos dos programas operativos, este é o segundo ano de programación polo que as anualidades son un pouco superiores ao que resulta dunha anualidade financeira teórica, para poder iniciar o despregamento das medidas previstas nos programas. A dotación prevista para o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) do marco 2021-2027 para este ano ascende a 103,7 millóns de euros.

Por outra parte, o Consello Europeo aprobou, en xullo de 2020, un paquete de medidas de gran alcance para impulsar a converxencia, a resiliencia e a transformación na Unión Europea.

Tales medidas englóbanse nun (i) marco financeiro plurianual (MFP) reforzado para 2021-2027 e na (ii) posta en marcha dun Instrumento Europeo de Recuperación ("Next Generation EU") por valor de 750.000 millóns de euros. O Next Generation EU comprende tanto o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia como o REACT EU, entre outros instrumentos. Os fondos REACT-EU, se programaron e executaron na súa totalidade no período 2021-2023, e os fondos MRR que se programaron para o período 2021-2026.

Así, neste orzamento dótanse 488,4 millóns de euros da parte que xestionará a comunidade autónoma dos recursos vinculados ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (Regulamento (UE) 2021/241), sendo a parte correspondente a transferencia corrente de MRR 34,6 millóns de euros.

Dentro das Iniciativas do PO 2021-2027, figura neste capítulo o Programa Cooperación Territorial Europea (Interreg) 2021-2027.

A Cooperación Territorial Europea (CTE), máis coñecida como Interreg, é un instrumento de financiamento, deseñado no marco da Política de Cohesión, que ten como finalidade impulsar o desenvolvemento rexional a través da cooperación entre rexións europeas a diferentes niveis. Desta forma, Interreg articúlase arredor de tres eixos de cooperación: transfronteirizo (Interreg A), transnacional (Interreg B) e interrexional (Interreg C). Para o período 2021-2027 publicouse o Regulamento (UE) 2021/1059 sobre disposicións específicas para o obxectivo de cooperación territorial europea (Interreg) que recibe apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

INTERREG A: TRANSFRONTEIRIZO

Interreg Sudoe

O Programa Interreg Sudoe apoia o desenvolvemento de proxectos rexionais no sudoeste de Europa (España, Francia e Portugal) a través do FEDER. O Principado de Andorra participa no Programa como país terceiro. En España forman parta deste programa todas as rexións, agás Canarias.

Interreg POCTEP

O Programa de Cooperación Interreg España-Portugal – POCTEP promove o desenvolvemento de proxectos transfronteirizos entre diferentes rexións de España (Galicia, Castela e León, Estremadura e Andalucía) e de Portugal.

INTERREG B: TRANSNACIONAL

Interreg Atlantic Area

O Programa Interreg Espazo Atlántico promove a cooperación transnacional entre rexións atlánticas de catro países europeos (España, Francia, Irlanda e Portugal). O programa cofinancia proxectos de cooperación en diversos campos como son a innovación e competitividade, a eficiencia de recursos, a xestión de riscos territoriais, a biodiversidade e os bens naturais e culturais. En España participan as seguintes rexións: Galicia, Principado de Asturias, Cantabria, País Vasco, Navarra, A Rioxa, Andalucía e Canarias.

INTERREG C: INTERREXIONAL

Interreg Europe

O principal obxectivo do programa é apoiar aos gobernos rexionais e locais para desenvolver e ofrecer mellores políticas. En xeral, pretende mellorar a política de cohesión a través do intercambio de experiencias, a transferencia de boas prácticas e as iniciativas conxuntas para lograr un impacto integrado e sostible.

O importe total previsto para 2024 destas Iniciativas 2021-2027 alcanza os 4,8 millóns de euros, dos cales como transferencia corrente dótanse 1,5 millóns de euros. E tamén neste capítulo órzase o importe a percibir doutros fondos europeos nos que participan diversos departamentos da Xunta de Galicia, por importe de 1 millóns de euros, dos cales como transferencia corrente dótanse 0,7 millóns de euros.

CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS

Considéranse ingresos patrimoniais as rendas producidas como contrapartida pola utilización por parte de terceiros de activos que forman parte do patrimonio da comunidade autónoma.

CAPÍTULO V. Ingresos patrimoniais

Distribución económica. Variación 2025-2024

			Variación 2025/2024		Valor Relativo	
Conceptos	2024	2025	Importe	%	2024	2025
520 Xuros de contas bancarias	14.174	14.169	-5	0,0	75,6	60,3
534 Dividend. e part. bfcios. empr. públicas e outros	4.576	6.486	1.910	41,7	24,4	27,6
550 De concesións administrativas	0	2.553	2.553	0,0	0,0	10,9
593 Operacións de derivados	0	306	306	0,0	0,0	1,3
Total	**18.750**	**23.514**	**4.764**	**25,4**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento axustado) (Miles de Euros)

No seu conxunto os ingresos patrimoniais incrementan o seu importe respecto ao anterior exercicio en 4,8 millóns de euros de ingresos derivados do incremento dos dividendos e participación en beneficio de empresas públicas e na dotación neste orzamento de ingresos derivados de concesión e aproveitamentos especiais en materia de medio ambiente por importe de 2,6 millóns de euros.

CAPÍTULO VI. ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS

Os recursos orzamentados neste capítulo de ingresos alcanzan un importe de 150.000 euros. Proceden da venda de edificios e outras edificacións propiedade da comunidade autónoma alleados por resultar innecesario ou antieconómico o mantemento dentro do seu patrimonio. A escasa relevancia económica deste capítulo e a propia flutuación das estimacións realizadas, derívase do carácter completamente atípico e excepcional destas actuacións.

CAPÍTULO VI. Alleamento de investimentos reais

Distribución económica. Variación 2025-2024

Conceptos	2024	2025	Variación 2025/2024 Importe	%	Valor Relativo 2024	2025
612 Venda edificios e outras construcións	150	150	0	0,0	100,0	100,0
Total	**150**	**150**	**0**	**0,0**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento axustado) (Miles de Euros)

CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

A previsión de ingresos por transferencias de capital ascende a 1.250,3 millóns de euros, o que supón un decrecemento do 2,9% respecto ao ano anterior.

CAPÍTULO VII. Transferencias de capital

Distribución económica. Variación 2025-2024

Conceptos	2024	2025	Variación 2025/2024 Importe	%	Valor Relativo 2024	2025
700 Fondo de compensación interterritorial	38.580	38.580	0	0,0	3,0	3,1
701 Da Seguridade Social	9.500	7.070	-2.430	-25,6	0,7	0,6
702 De organismos autónomos do Estado	42.763	56.972	14.209	33,2	3,3	4,6
703 De empresas e entes públicos do Estado	4.001	4.647	646	16,1	0,3	0,4
704 Subvencións finalistas da Administración xeral	42.622	43.463	842	2,0	3,3	3,5
760 De concellos	6.557	6.843	286	4,4	0,5	0,5
770 De empresas privadas	3.260	3.070	-190	-5,8	0,3	0,2
790 FEDER Programa Operativo	272.131	226.210	-45.921	-16,9	21,1	18,1
791 Interreg III e outras Iniciativas 2007-2013 e 2014-2020	609	3.284	2.675	439,1	0,0	0,3
792 FEOGA/FEADER/FEAGA	260.911	247.395	-13.516	-5,2	20,3	19,8
793 Fondos de cohesión	43.904	54.704	10.800	24,6	3,4	4,4
794 IFOP/FEP/FEMP	100.878	103.839	2.962	2,9	7,8	8,3
795 MRR-Mecanismo de Recuperación e Resiliencia	461.270	453.823	-7.447	-1,6	35,8	36,3
799 Outras transferencias da U. E.	578	350	-228	-39,5	0,0	0,0
Total	**1.287.563**	**1.250.250**	**-37.313**	**-2,9**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento axustado) (Miles de Euros)

Os Fondos de Compensación Interterritorial constitúen un dos mecanismos destinados a facer efectivo o principio constitucional de solidariedade interterritorial a favor dos territorios comparativamente menos desenvolvidos. A Lei 22/2001, do 27 de decembro, divide o antigo Fondo de Compensación Interterritorial en dous: o Fondo de Compensación, ao que se destina o 75% do importe total, para o financiamento exclusivo de investimentos, e o Fondo Complementario, que absorbe o 25% restante e que pode financiar tamén gasto corrente asociado á posta en funcionamento deses investimentos. Para o ano 2025 presupóstanse 38,6 millóns de euros, un importe igual ao do ano anterior, correspondendo 28,9 millóns de euros ao fondo de compensación e 9,6 ao fondo complementario.

As subvencións finalistas procedentes dos orzamentos do Estado financian pola súa parte actuacións relativas a materias sobre as que a comunidade autónoma ten asumidas diversas competencias. Figuran desglosadas segundo a orixe da transferencia, diferenciando si proceden da Seguridade Social, da Administración xeral, dos organismos autónomos ou de empresas e demais entes do Estado e segundo a liña de actuación de que se trate, en aras dun correcto seguimento dos créditos financiados con transferencias finalistas.

Para a estimación do importe previsto para 2025 partiuse das cantidades aprobadas para 2024 nos distintos Acordos do consello de Ministros polos que se formalizan os criterios de distribución e os compromisos financeiros resultantes das Conferencias Sectoriais e en diversos Convenios firmados.

Neste exercicio 2025, o importe total previsto, 112,1 millóns de euros, incrementándose respecto ao ano anterior nun 13,4%.

Destacan as derivadas da execución do Plan Estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, por importe de 15,1 millóns de euros en transferencias de capital.

Respecto das transferencias a xestionar pola Consellería do Medio Rural, inclúense as axudas distribuídas nas Conferencias Sectoriais de Agricultura e Desenvolvemento Rural e de Pesca segundo as aprobadas para 2023, destacando polo seu importe as destinadas ao control e erradicación das EETs por importe de 3,5 millóns de euros, á Prevención e Loita contra Pragas por 1,8 millóns de euros e ao control do rendemento leiteiro por importe de 0,5 millóns de euros.

Por outra parte, o cofinanciamento do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do FEADER alcanza este ano os 7,2 millóns de euros e do PEC_PAC 2021-2027 os 28,8 millóns de euros, correspondendo case a totalidade a transferencias de capital.

Órzanse as axudas para actuacións de eficiencia enerxética en PEME e gran empresa por importe de 3,1 millóns de euros previstas no Real Decreto 263/2019, de 12 de abril, polo que se regula o programa de axudas para actuacións de eficiencia enerxética en PEME e gran empresa do sector industrial.

No ámbito educativo inclúese neste orzamento, 2 millóns de euros para o financiamento dos libros de texto nos niveis obrigatorios de ensino, 5 millóns de euros no programa código escola 4.0 dos cales 3,8 millóns de euros corresponde á transferencia de capital e 1,8 millóns de euros para o impulso e difusión da Formación Profesional.

Como novidade neste ano, dótanse 2 millóns de euros para como axuda paliar os danos producidos polo lobo, correspondendo 1,1 millóns de euros a transferencia de capital.

Por último, dentro das transferencias finalistas, órzase tamén as que se espera recibir doutros transferintes, de igual forma cas que proceden do Estado, identificando tanto na parte do ingreso como no crédito de gasto financiado, a liña de actuación para un correcto seguimento da axuda.

Inclúese a transferencia a recibir polo concello de A Coruña por 6,4 millóns de euros para a execución dos accesos e a nova vialidade urbana no entorno da estación intermodal de A Coruña, a transferencia a recibir de INDITEX polo convenio en materia forestal por importe de 3,07 millóns de euros e as transferencias dos concellos do Plan Hurbe por importe de 0,5 millóns de euros.

No que atinxe aos fondos europeos trataremos de forma separada os recursos dos fondos estruturais dos fondos Next Generation que aínda se están a xestionar.

Respecto aos fondos dos programas operativos, este é o segundo ano de programación polo que as anualidades son un pouco superiores ao que resulta dunha anualidade financeira teórica, para poder iniciar o despregamento das medidas previstas nos programas. Porén nos vindeiros exercicios estas anualidades iranse axustando a unha anualidade teórica.

O Regulamento (UE) Nº 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, FEADER, establece cal é a misión deste fondo, contribuír á estratexia Europa 2020 fomentando un desenvolvemento rural sostible en toda a Unión como complemento dos demais instrumentos da Política Agrícola Común, PAC, a Política de Cohesión e a Política Pesqueira Común. Contribuirá ao desenvolvemento na Unión dun sector agrícola mais equilibrado dende a política territorial e medioambiental, mais respectuoso co clima, mais resistente aos cambios climáticos, mais competitivo e mais innovador. Tamén debe contribuír ao desenvolvemento dos territorios rurais.

Dentro destes fondos, órzanse 15,3 millóns de euros do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) 2023-2027, destinados á Reestruturación de sistemas produtivos do Viñedo, ao Plan Apícola galego, á Ordenación de Producións e Mercados Agrarios e a Programas sanitarios. Non se recolle a parte que debe ter tratamento extraorzamentario atendendo aos requirimentos do Consello de Contas e conforme ao sinalado no punto 4 do artigo 46 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, debido á mera función de intermediación que desenvolve o Fondo Galego de Garantía Agraria.

Dentro da Programación 2014-2020, o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, FEADER órzase neste ano con 73,8 millóns de euros. Tamén, neste ano 2025, igual que nos anos 2021 a 2024, inclúense outros recursos adicionais procedente dun Instrumento de Recuperación da Unión Europea (EURI) establecido no Reglamento (UE) 2020/2094 del Consejo co obxectivo de afrontar as repercusións da crise da COVID-19 e as súas consecuencias no sector agrícola e nas zonas rurais. Os ditos fondos se incorporan para a súa xestión no PDR 2014-2020 e contarán cun 100% de financiación UE. A previsión do importe asignado a Galicia é de 14,3 millóns de euros para 2024.

O Reglamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, establece os obxectivos do Fondo Europeo de Desarrollo Regional. O FEDER ten por obxecto reforzar a cohesión económica, social e territorial na Unión Europea corrixindo os desequilibrios entre as súas rexións. En 2021-2027, permitirá investir nunha Europa máis intelixente, máis ecolóxica, máis conectada e máis social que estea máis preto dos seus cidadáns.

No período 2021-2027 e de conformidade cos obxectivos políticos da UE, o fondo apoiará os seguintes obxectivos específicos:

- O desenvolvemento e mellora das capacidades de investigación e innovación, o apoio ás pequenas e medianas empresas, o desenvolvemento de capacidades para a especialización intelixente, a transición industrial e así como a dixitalización e a conectividade dixital.

- O fomento da eficiencia enerxética e as enerxías renovables; a adaptación ao cambio climático; a resiliencia e a prevención do risco de catástrofes; o fomento do acceso á auga e

dunha xestión hídrica sostible; o fomento da transición cara unha economía circular e eficiente no uso dos recursos; o fomento da protección e conservación da natureza, a biodiversidade e as infraestruturas ecolóxicas; por último, o fomento da mobilidade urbana multimodal sostible.

- O desenvolvemento e reforzo dunha mobilidade sostible, resiliente, intelixente e intermodal.

- Os obxectivos relacionados cunha Europa máis social, apoiando, fundamentalmente mediante infraestruturas, o emprego efectivo e integrador, a educación, as capacidades, a inclusión social e a igualdade de acceso á asistencia sanitaria, así como a mellora do papel da cultura e o turismo sostible.

- O fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo en zonas urbanas e non urbanas.

O Reglamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello de 7 de xullo de 2021, establece que o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca y de Acuicultura, FEMPA contribuirá á aplicación da PPC e da política marítima da Unión. Terá as seguintes prioridades:

Fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos;

Fomentar as actividades sostibles de acuicultura, así como a transformación e comercialización de produtos da pesca e a acuicultura, contribuíndo así á seguridade alimentaria na Unión;

Permitir unha economía azul sostible nas zonas costeiras, insulares e interiores, e fomentar o desenvolvemento das comunidades pesqueiras e acuícolas;

- Fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos;
- Fomentar as actividades sostibles de acuicultura, así como a transformación e comercialización de produtos da pesca e a acuicultura, contribuíndo así á seguridade alimentaria na Unión;
- Permitir unha economía azul sostible nas zonas costeiras, insulares e interiores, e fomentar o desenvolvemento das comunidades pesqueiras e acuícolas;

Dentro da Programación 2021-2027, inclúese o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, FEDER por importe de 226,2 millóns de euros, o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, FEADER PEC-PAC 23-27 por importe de 144 millóns de euros o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca y de Acuicultura, FEMPA por importe de 103,8 millóns de euros.

Neste orzamento e dentro tamén da Política de Cohesión da Unión Europea 2021-2027, órzanse 54,7 millóns no Fondo de Transición Xusta. O Fondo de Transición Xusta é un instrumento clave para apoiar aos territorios máis afectados pola transición cara á neutralidade climática, proporcionándolles un apoio a medida. Aplícase en réxime de xestión compartida, no marco xeral da política de cohesión.

O Fondo mitigará os custos socioeconómicos provocados pola transición climática, apoiando a diversificación económica e a reconversión dos territorios afectados. Isto implica o apoio aos investimentos produtivos en pequenas e medianas empresas, a creación de novas empresas, a investigación e a innovación, a rehabilitación ambiental, a enerxía limpa, a mellora das capacidades e a reciclaxe dos traballadores, a asistencia na procura de emprego e programas de inclusión activa dos solicitantes de emprego, así como a transformación das actuais instalacións con altas emisións de carbono, cando estes investimentos dean lugar a importantes recortes de emisións e á protección do emprego.

Dentro dos fondos Next Generation recóllense 488,4 millóns de euros, dos que 453,8 millóns son transferencia de capital, da parte que xestionará a comunidade autónoma dos recursos vinculados ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (Regulamento (UE) 2021/241) co gallo de facer fronte aos efectos sen precedentes da crise da COVID-19. O obxectivo específico do MRR é proporcionar axuda financeira con miras a acadar os fitos e obxectivos das reformas e investimentos establecidos no plan nacional de recuperación e resiliencia

Dentro das Iniciativas do PO 2021-2027, figuran neste capítulo diversos proxectos dentro do Programa Operativo de Cooperación Territorial Europea Transnacional Espazo Sudoeste, SUDOE, 2021-2027, Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal, POCTEP 2021-2027, Programa Operativo de Cooperación Espazo Atlántico, ATLANTIC AREA 201-2027 e o Programa INTERREG EUROPA 2021-2027.

O importe total destas Iniciativas do PO 2021-2027, xunto con outros proxectos europeos nos que participan diversos departamentos da Xunta de Galicia, está previsto que alcance os 5,8 millóns de euros para 2025 dos que 3,6 millóns de euros son transferencias de capital.



CAPÍTULO VIII. ACTIVOS FINANCEIROS

Figuran neste capítulo 2,9 millóns de euros. A maior parte está formada por reintegros de préstamos concedidos ao sector público. Inclúense ademais os destinados ao persoal concedidos polo Parlamento e polo Consello de Contas.

CAPÍTULO VIII. Activos financeiros

Distribución económica. Variación 2025-2024						
			Variación 2025/2024		Valor Relativo	
Conceptos	2024	2025	Importe	%	2024	2025
821 Reintegro de préstamos concedidos ao sector público L/P	1.115	2.804	1.689	151,5	88,6	95,1
830 Reintegro de préstamos concedidos fóra do sector público a C/P	143	143	0	0,0	11,4	4,9
Total	**1.258**	**2.947**	**1.689**	**134,2**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento axustado) (Miles de Euros)

CAPÍTULO IX. PASIVOS FINANCIEIROS

Neste capítulo figura a Débeda financeira por importe de 1.615,3 millóns de euros, incluíndose tanto as amortizacións deste ano como as novas emisións. No ano 2025, por segundo ano consecutivo, non será necesario acudir a necesidade de financiamento para financiar os gastos de investimento.

CAPÍTULO IX. Pasivos financeiros

Distribución económica. Variación 2025-2024						
			Variación 2025/2024		Valor Relativo	
Conceptos	2024	2025	Importe	%	2024	2025
950 Préstamos recibidos e emisión de débeda	1.381.149	1.615.336	234.187	17,0	99,4	100,0
952 PRÉSTAMOS REEMBOLSABLES MRR	8.000	0	-8.000	-100,0	0,6	0,0
Total	**1.389.149**	**1.615.336**	**226.187**	**16,3**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento axustado) (Miles de Euros)

1.1. GASTOS

Orzamento de Gastos da Administración Xeral

Distribución económica							
				Variación 2025/2024		Valor Relativo	
	Capítulos	2024	2025	Importe	%	2024	2025
I	Gastos de persoal	2.523.530	2.643.805	120.275	4,8	17,0	17,2
II	Gastos en bens correntes e servizos	700.173	717.223	17.049	2,4	4,7	4,7
III	Gastos financeiros	199.654	214.110	14.457	7,2	1,3	1,4
IV	Transferencias correntes	6.777.853	7.152.537	374.684	5,5	45,8	46,6
OPERACIÓNS CORRENTES		**10.201.210**	**10.727.675**	**526.465**	**5,2**	**68,9**	**69,8**
V	Fondo de continxencia	301.512	5.439	-296.073	-98,2	2,0	0,0
VI	Investimentos reais	650.350	646.363	-3.988	-0,6	4,4	4,2
VII	Transferencias de capital	2.169.411	2.299.995	103.346	4,76	14,68	14,97
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**2.819.761**	**2.946.358**	**126.597**	**4,5**	**19,1**	**19,2**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**13.322.483**	**13.679.472**	**356.989**	**2,7**	**90,1**	**89,0**
VIII	Activos financeiros	133.043	133.364	321	0,2	0,9	0,9
IX	Pasivos financeiros	1.324.051	1.549.987	225.936	17,1	8,9	10,1
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**1.457.094**	**1.683.351**	**226.257**	**15,5**	**9,9**	**11,0**
	Total	**14.779.577**	**15.362.823**	**556.008**	**3,8**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

No orzamento para 2025 o importe total dos créditos previstos ascende a 15.362,8 millóns de euros, o que supón un aumento do 3,8% respecto aos orzamentos do exercicio anterior. Os gastos financeiros increméntanse nun 15,5% e a capacidade de gasto da administración autonómica, que son os gastos non financeiros, increméntanse nun 2,5%, respecto ao ano 2024, acadando a cifra de 13.679,5 millóns de euros.

Orzamento de Gastos da Administración Xeral

Distribución Orgánica						
			Variación 2025/2024		Valor Relativo	
Seccións	2024	2025	Importe	%	2024	2025
01 Parlamento	22.749	25.097	2.348	10,3	0,2	0,2
02 Consello de Contas	8.678	9.922	1.243	14,3	0,1	0,1
03 Consello da Cultura Galega	3.216	3.333	117	3,6	-	-
04 Presidencia da Xunta de Galicia	295.098	292.116	-2.982	-1,0	2,0	1,9
05 Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	577.202	589.450	12.248	2,1	3,9	3,8
06 Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	169.094	186.223	17.129	10,1	1,1	1,2
07 Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	2.924.885	3.046.345	121.460	4,2	19,79	19,8
08 Cons. Politica Social e Igualdade	1.218.884	1.323.145	104.261	8,6	8,2	8,6
09 Cons. Economía e Industria	289.693	369.550	79.857	27,6	2,2	2,4
10 Cons. Facenda e Administración Pública	252.319	256.010	3.691	1,5	1,7	1,7
11 Cons. Vivenda e Planif. Infraestruturas	466.661	493.563	26.901	5,8	3,2	3,2
12 Cons. Sanidade	4.937.293	5.213.466	276.173	5,6	33,3	33,9
13 Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	137.131	146.469	9.339	6,8	0,9	1,0
14 Cons. Emprego, Comercio e Emigración	494.652	494.251	-400	-0,1	3,3	3,2
15 Cons. Medio Rural	696.527	698.867	2.340	0,3	4,7	4,5
16 Cons. Mar	214.701	220.693	5.992	2,8	1,5	1,4
20 Consello Consultivo de Galicia	2.343	2.400	57	2,4	-	-
21 Transferencias a corporacións locais	158.128	168.057	9.929	6,3	1,1	1,1
22 Débeda Pública da Comunidade Autónoma	1.522.235	1.763.490	241.254	15,8	10,3	11,5
23 Gastos de diversas Consellerías	350.690	60.376	-290.314	-82,8	2,4	0,4
Total	**14.779.577**	**15.362.823**	**556.008**	**3,8**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

O gasto corrente previsto, 10.727,7 millóns de euros, está constituído nun 24,6% polas retribucións do persoal ao servizo da comunidade autónoma, que se incrementan no seu conxunto nun 4,8%.

O capítulo IV ascende a 7.152,5 millóns de euros, representando o 66,7% do total do gasto corrente, e un incremento respecto do exercicio anterior do 5,5%. Está formado nunha gran parte polo gasto derivado do desenvolvemento das políticas básicas de protección e promoción social, especialmente o programa de atención á dependencia. Destaca o gasto en educación, no que se recolle a maior parte do financiamento das universidades, así como a prestación de servizos sanitarios.

Os créditos canalizados a través dos capítulos VI e VII experimentan un incremento do 3,5% acadando a cifra de 2.946,4millóns de euros.

Distribución do orzamento de gastos por seccións



Orzamento de Gastos da Administración Xeral

Distribución Funcional						
Grupo de función			Variación 2025/2024		Valor Relativo	
Funcións	2024	2025	Importe	%	2024	2025
1 Actuacións de carácter xeral	**363.200**	**376.018**	**12.818**	**3,5**	**2,5**	**2,4**
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	45.597	49.645	4.048	8,9	0,3	0,3
12 Administración xeral	91.629	97.195	5.565	6,1	0,6	0,6
13 Xustiza	180.683	192.521	11.838	6,6	1,2	1,3
14 Administración local	20.099	22.692	2.594	12,9	0,1	0,1
15 Normalización lingüística	11.049	11.964	915	8,3	0,1	0,1
16 Procesos electorais e órganos de representación política e institucións democráticas	14.142	2.000	-12.142	-85,9	0,1	0,0
2 Protección civil e seguranza cidadá	**30.430**	**40.154**	**9.724**	**32,0**	**0,2**	**0,3**
21 Protección civil e seguridade	30.430	40.154	9.724	32,0	0,2	0,3
3 Protección e promoción social	**1.752.240**	**1.861.778**	**109.539**	**6,3**	**11,8**	**12,1**
31 Acción social e promoción social	1.294.728	1.405.707	110.979	8,6	8,7	9,2
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	448.569	446.207	-2.362	-0,5	3,0	2,9
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	8.943	9.864	922	10,3	0,1	0,1
4 Produción de bens públicos de carácter social	**8.259.428**	**8.662.784**	**403.356**	**4,9**	**55,8**	**56,4**
41 Sanidade	4.937.293	5.213.466	276.173	5,6	33,3	33,9
42 Educación	2.856.046	2.960.127	104.080	3,6	19,3	19,3
43 Cultura	107.405	109.853	2.448	2,3	0,7	0,7
44 Deportes	56.246	38.645	-17.601	-31,3	0,4	0,3
45 Vivenda	160.699	204.881	44.182	27,5	1,1	1,3
46 Outros servizos comunitarios e sociais	141.739	135.813	-5.926	-4,2	1,0	0,9
5 Produción de bens públicos de carácter económico	**1.276.092**	**1.293.703**	**-9.628**	**-0,7**	**8,8**	**8,4**
51 Infraestruturas	374.653	358.577	-16.076	-4,3	2,5	2,3
52 Ordenación do territorio	18.361	20.007	1.646	9,0	0,1	0,1
53 Promoción de solo para actividades económicas	5.000	11.161	6.161	123,2	0,0	0,1
54 Actuacións ambientais	204.436	222.175	17.739	8,7	1,4	1,4
55 Actuacións e valorización do medio rural	194.241	207.500	13.259	6,8	1,3	1,4
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	318.649	313.063	-32.825	-9,5	2,3	2,0
57 Sociedade da información e do coñecemento	155.429	155.757	328	0,2	1,0	1,0
58 Información estatística básica	5.323	5.463	139	2,6	0,0	0,0
6 Regulación económica de carácter xeral	**411.494**	**134.327**	**-277.166**	**-67,4**	**2,8**	**0,9**
61 Actuacións económicas xerais	28.163	30.100	1.936	6,9	0,2	0,2
62 Actividades financeiras	383.330	104.228	-279.103	-72,8	2,6	0,7
7 Regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial	**1.003.937**	**1.059.881**	**55.944**	**5,6**	**6,8**	**6,9**
71 Dinamización económica do medio rural	413.358	429.551	16.193	3,9	2,8	2,8
72 Pesca	139.476	143.819	4.343	3,1	0,9	0,9
73 Industria, enerxía e minaría	126.793	125.791	-1.002	-0,8	0,9	0,8
74 Desenvolvemento empresarial	162.109	195.807	33.698	20,8	1,1	1,3
75 Comercio	21.171	21.728	557	2,6	0,1	0,1
76 Turismo	141.031	143.184	2.153	1,5	1,0	0,9
8 Transferencias a entidades locais	**160.520**	**170.688**	**10.168**	**6,3**	**1,1**	**1,1**
81 Transferencias a entidades locais	160.520	170.688	10.168	6,3	1,1	1,1
9 Débeda pública	**1.522.235**	**1.763.490**	**241.254**	**15,8**	**10,3**	**11,5**
91 Débeda pública	1.522.235	1.763.490	241.254	15,8	10,3	11,5
Total	**14.779.577**	**15.362.823**	**556.008**	**3,8**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Á Consellería de Sanidade e á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, destínanse nestes orzamentos créditos por importe de 5.213,5 millóns de euros e 3.046,3 millóns de euros, respectivamente, absorbendo o 53,7% dos créditos da Administración xeral. A Consellería de Politica Social e Igualdade, con 1.323,1 millóns de euros absorbe o 8,6% do total do orzamento e a Consellería do Medio Rural, con 698,9millóns de euros absorbe o 4,5%. A Consellería de Sanidade transfire ao Servizo Galego de Saúde a maior parte das súas dotacións, xa que é este último o encargado de xestionar directamente os servizos sanitarios da comunidade autónoma.

Nestes orzamentos, a Débeda Pública con 1.763,5 millóns de euros absorbe o 11,5%, incrementándose nun 15,8% con respecto ao ano anterior.

O Fondo de Continxencia que se dota na Administración Xeral ascende a 5,4 millóns de euros e xunto co previsto no Servizo Galego de Saúde, por importe de 11,4 millóns, totalizan o fondo total destes orzamentos, con 16,8 millóns de euros.

Dentro dos créditos destinados á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional destacan os correspondentes ao sistema de financiamento das universidades galegas, que para o exercicio 2025 se prevén por un importe de 413,8 millóns de euros.

.

Orzamento de Gastos da Administración Xeral

	Distribución Orgánica e Económica									
Seccións	**I**	**II**	**III**	**IV**	**V**	**VI**	**VII**	**VIII**	**IX**	**Total**
01 Parlamento	12.310	7.589		3.212		1.880		107		25.097
02 Consello de Contas	7.670	1.121		24		1.071		36		9.922
03 Consello da Cultura Galega	2.069	1.062		69		134				3.333
04 Presidencia da Xunta de Galicia	13.134	2.903		29.827		3.936	115.136	127.181		292.116
05 Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	172.202	185.862	6	99.528		89.798	42.013	40		589.450
06 Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	40.491	6.384		7.720		33.463	98.165			186.223
07 Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	1.772.468	111.010	57	792.015		136.331	233.967	0	497	3.046.345
08 Cons. Politica Social e Igualdade	173.137	307.331	0	753.328		44.006	45.343			1.323.145
09 Cons. Economía e Industria	17.791	1.649		40.050		24.907	285.153			369.550
10 Cons. Facenda e Administración Pública	30.856	791	0	67.499		2.378	154.486	0	0	256.010
11 Cons. Vivenda e Planif. Infraestruturas	9.939	564		41.170		8.435	433.454			493.563
12 Cons. Sanidade	60.431	3.962		4.727.720		52.321	369.033			5.213.466
13 Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	41.059	12.930	10	34.992		29.413	28.065			146.469
14 Cons. Emprego, Comercio e Emigración	58.641	36.564	37	345.627		17.544	35.839			494.251
15 Cons. Medio Rural	186.318	7.607	0	33.227		126.602	345.112			698.867
16 Cons. Mar	39.262	3.630		4.939		58.633	114.228			220.693
20 Consello Consultivo de Galicia	2.004	296				100				2.400
21 Transferencias a corporacións locais				168.057			0			168.057
22 Débeda Pública da Comunidade Autónoma			214.000						1.549.490	1.763.490
23 Gastos de diversas Consellerías	4.024	25.969		3.533	5.439	15.411		6.000		60.376
Total	2.643.805	717.223	214.110	7.152.537	5.439	646.363	2.299.995	133.364	1.549.987	15.362.823

(Orzamento axustado)(Miles de Euros)

1.1.1. ANÁLISE POR CAPÍTULOS

CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL

CAPÍTULO I. Gastos de persoal

Distribución Orgánica

Seccións	2024	2025	Variación 2025/2024 Importe	%	Valor Relativo 2024	2025
01 Parlamento	11.566	12.310	744	6,4	0,5	0,5
02 Consello de Contas	7.000	7.670	670	9,6	0,3	0,3
03 Consello da Cultura Galega	1.993	2.069	75	3,8	0,1	0,1
04 Presidencia da Xunta de Galicia	12.960	13.134	173	1,3	0,5	0,5
05 Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	165.859	172.202	6.344	3,8	6,6	6,5
06 Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	38.188	40.491	2.303	6,0	1,5	1,5
07 Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	1.689.730	1.772.468	82.738	4,9	67,0	67,0
08 Cons. Politica Social e Igualdade	169.559	173.137	3.579	2,1	6,7	6,5
09 Cons. Economía e Industria	17.548	17.791	243	1,4	0,7	0,7
10 Cons. Facenda e Administración Pública	29.801	30.856	1.055	3,5	1,2	1,2
11 Cons. Vivenda e Planif. Infraestruturas	9.575	9.939	363	3,8	0,4	0,4
12 Cons. Sanidade	58.396	60.431	2.035	3,5	2,3	2,3
13 Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	39.945	41.059	1.114	2,8	1,6	1,6
14 Cons. Emprego, Comercio e Emigración	56.251	58.641	2.389	4,2	2,2	2,2
15 Cons. Medio Rural	172.234	186.318	14.084	8,2	6,8	7,0
16 Cons. Mar	37.066	39.262	2.196	5,9	1,5	1,5
20 Consello Consultivo de Galicia	1.947	2.004	57	2,9	0,1	0,1
23 Gastos de diversas Consellerías	3.910	4.024	114	2,9	0,2	0,2
Total	**2.523.530**	**2.643.805**	**120.275**	**4,8**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

No 2025, os fondos asignados ao pagamento de retribucións e cotizacións sociais dos empregados públicos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma aumentarán un 4,8% en comparación co ano anterior, chegando a un total de 2.643,8 millóns de euros no capítulo I de gastos.

Este importe inclúe o aumento retributivo previsto no «Acordo Marco para unha Administración do Século XXI», que fixa un incremento do 0,5%, condicionado a que a variación acumulada do Índice de Prezos ao Consumo (IPC) durante os anos 2022, 2023 e 2024 supere os incrementos salariais fixos aplicados neste período. Este aumento aplicarase con carácter retroactivo desde o 1 de xaneiro de 2024.

Os incrementos inclúen medidas derivadas de diversos acordos, entre os que destacan os seguintes:

- Acordo do Consello da Xunta polo que se aproban melloras retributivas e de traballo do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, con base no Acordo da Mesa sectorial do 20 de abril de 2023.

- Resolución do 24 de xullo de 2024, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, pola que se publica o acordo sobre as condicións de traballo do persoal funcionario do Servizo de Prevención de Incendios Forestais (SPIF), asinado o 22 de xullo de 2024 entre a Administración pública e as organizacións sindicais.
- Resolución do 10 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade do texto do Acordo entre esta consellería e as organizacións sindicais CC.OO., ANPE e UGT-SP Ensino sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Resolución do 28 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social e Xuventude, pola que se publica o Acordo sobre as condicións de traballo do persoal dos centros de xestión propia da Consellería de Política Social e Xuventude, asinado o 5 de decembro de 2023 entre a Administración pública e as organizacións sindicais.

CAPÍTULO I. Gastos de persoal

Distribución Económica

Artigos	2024	2025	Variación 2025/2024 Importe	%	Valor Relativo 2024	2025
10 Altos cargos e delegados	9.460	9.847	387	4,1	0,4	0,4
11 Persoal eventual de gabinete	8.718	8.928	210	2,4	0,3	0,3
12 Funcionarios	1.897.211	1.994.642	97.431	5,1	75,2	75,4
13 Laborais	268.634	254.762	-13.872	-5,2	10,6	9,6
14 Outro persoal	240	246	6	2,5	-	-
15 Incentivos ao rendemento	5.663	11.897	6.233	110,1	0,2	0,4
16 Cotas, prest. e gastos soc. a cargo empregador	265.329	294.477	29.148	11,0	10,5	11,1
18 Fondo retributivo	68.274	69.006	732	1,1	2,7	2,6
Total	**2.523.530**	**2.643.805**	**120.275**	**4,8**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

O incremento no gasto de altos cargos e persoal eventual, excluído o persoal dos órganos estatutarios, débese principalmente á consolidación do aumento retributivo aplicado durante o ano 2024, que afectou as retribucións de todo o persoal ao servizo da administración xeral da Comunidade Autónoma.

Pola súa parte, a diminución nas dotacións de persoal laboral é consecuencia dos procesos de funcionarización e de diversas modificacións nas Relacións de Postos de Traballo, que provocaron o traspaso destas dotacións ao persoal funcionario.

CAPÍTULO I. Gastos de persoal

Distribución Funcional

Funcións	2024	2025	Variación 2025/2024 Importe	%	Valor Relativo 2024	2025
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	28.419	30.016	1.596	5,6	1,1	1,1
12 Administración xeral	39.942	41.434	1.492	3,7	1,6	1,6
13 Xustiza	124.524	129.408	4.884	3,9	4,9	4,9
14 Administración local	1.034	1.069	35	3,4	-	-
15 Normalización lingüística	2.326	2.420	94	4,0	0,1	0,1
21 Protección civil e seguridade	4.191	4.217	26	0,6	0,2	0,2
31 Acción social e promoción social	179.987	184.059	4.072	2,3	7,1	7,0
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	51.374	53.596	2.222	4,3	2,0	2,0
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	685	708	23	3,4	-	-
41 Sanidade	58.396	60.431	2.035	3,5	2,3	2,3
42 Educación	1.697.344	1.780.410	83.066	4,9	67,3	67,3
43 Cultura	30.917	31.701	784	2,5	1,2	1,2
44 Deportes	4.155	4.304	149	3,6	0,2	0,2
46 Outros servizos comunitarios e sociais	2.125	2.153	28	1,3	0,1	0,1
51 Infraestruturas	11.881	12.290	409	3,4	0,5	0,5
52 Ordenación do territorio	3.693	3.805	112	3,0	0,1	0,1
54 Actuacións ambientais	50.336	53.045	2.709	5,4	2,0	2,0
55 Actuacións e valorización do medio rural	86.907	97.669	10.762	12,4	3,4	3,7
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	3.631	3.717	86	2,4	0,1	0,1
61 Actuacións económicas xerais	11.003	11.529	526	4,8	0,4	0,4
62 Actividades financeiras	12.960	13.275	314	2,4	0,5	0,5
71 Dinamización económica do medio rural	85.327	88.649	3.322	3,9	3,4	3,4
72 Pesca	13.969	15.311	1.341	9,6	0,6	0,6
73 Industria, enerxía e minaría	17.252	17.391	138	0,8	0,7	0,7
75 Comercio	1.150	1.198	47	4,1	-	-
Total	**2.523.530**	**2.643.805**	**120.275**	**4,8**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

CAPÍTULO II. GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

Os gastos deste capítulo acadan en 2025 os 717,2 millóns de euros, o que representa un incremento do 2,4 % respecto ao exercicio anterior.

CAPÍTULO II. Gastos en bens correntes e servizos

Distribución Orgánica

Seccións	2024	2025	Variación 2025/2024 Importe	%	Valor Relativo 2024	2025
01 Parlamento	7.463	7.589	126	1,7	1,1	1,1
02 Consello de Contas	1.186	1.121	-66	-5,5	0,2	0,2
03 Consello da Cultura Galega	1.032	1.062	31	3,0	0,1	0,1
04 Presidencia da Xunta de Galicia	2.716	2.903	186	6,9	0,4	0,4
05 Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	182.073	185.862	3.789	2,1	26,0	25,9
06 Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	6.382	6.384	3	-	0,9	0,9
07 Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	111.130	111.010	-120	-0,1	15,9	15,5
08 Cons. Politica Social e Igualdade	286.144	307.331	21.187	7,4	40,9	42,9
09 Cons. Economía e Industria	1.566	1.649	83	5,3	0,2	0,2
10 Cons. Facenda e Administración Pública	760	791	31	4,1	0,1	0,1
11 Cons. Vivenda e Planif. Infraestruturas	563	564	1	0,2	0,1	0,1
12 Cons. Sanidade	3.312	3.962	649	19,6	0,5	0,6
13 Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	12.394	12.930	537	4,3	1,8	1,8
14 Cons. Emprego, Comercio e Emigración	41.463	36.564	-4.899	-11,8	5,9	5,1
15 Cons. Medio Rural	7.600	7.607	7	0,1	1,1	1,1
16 Cons. Mar	3.474	3.630	156	4,5	0,5	0,5
20 Consello Consultivo de Galicia	306	296	-10	-3,3	-	-
23 Gastos de diversas Consellerías	30.609	25.969	-4.641	-15,2	4,4	3,6
Total	**700.173**	**717.223**	**17.049**	**2,4**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

As principais modificacións respecto do exercicio anterior concrétanse como segue:

Na Consellería de Política Social e Igualdade increméntanse os gastos correntes e servizos en 21,2 millóns de euros, derivado fundamentalmente do funcionamento dos centros públicos para persoas maiores e persoas con discapacidade no programa de atención á dependencia e no funcionamento dos centros de servicios sociais no programa de prestacións as familias e a infancia.

Na Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes increméntanse os gastos correntes e servizos en 3,8 millóns de euros, derivado fundamentalmente do transporte escolar do programa de promoción da autonomía persoal e prevención da dependencia para persoas con discapacidade e persoas maiores.

CAPÍTULO II. Gastos en bens correntes e servizos

Distribución Económica

Artigos	2024	2025	Variación 2025/2024 Importe	%	Valor Relativo 2024	2025
20 Alugamentos e canons	6.500	6.246	-254	-3,9	0,9	0,9
21 Reparacións, mantemento e conservación	14.813	15.314	500	3,4	2,1	2,1
22 Material, subministracións e outros	669.647	686.051	16.404	2,4	95,6	95,7
23 Indemnizacións por razóns do servizo	9.164	9.564	400	4,4	1,3	1,3
27 Publicacións	49	49	0	-	-	-
Total	**700.173**	**717.223**	**17.049**	**2,4**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

No total do capítulo II, a Consellería de Política Social e Igualdade representa o 42,9%, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes o 25,9% á que lle compete atender os gastos comúns correspondentes ao mantemento, limpeza e seguridade dos servizos administrativos das distintas consellerías e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional o 15,5 %, sendo polo tanto o peso das demais seccións o 15,7%.

CAPÍTULO II. Gastos en bens correntes e servizos

Distribución Funcional

Funcións	2024	2025	Variación 2025/2024 Importe	%	Valor Relativo 2024	2025
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	11.691	11.958	267	2,3	1,7	1,7
12 Administración xeral	30.297	30.926	629	2,1	4,3	4,3
13 Xustiza	19.538	19.538	0	-	2,8	2,7
14 Administración local	104	104	0	-	-	-
15 Normalización lingüística	137	137	0	-	-	-
16 Procesos electorais e órganos de representación política e institucións democráticas	6.641	0	-6.641	-100,0	0,9	-
21 Protección civil e seguridade	1.142	1.167	25	2,2	0,2	0,2
31 Acción social e promoción social	299.892	323.983	24.091	8,0	42,8	45,2
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	38.236	33.337	-4.899	-12,8	5,5	4,6
41 Sanidade	3.312	3.962	649	19,6	0,5	0,6
42 Educación	235.390	235.300	-90	-	33,6	32,8
43 Cultura	6.392	6.328	-64	-1,0	0,9	0,9
44 Deportes	5.082	5.906	824	16,2	0,7	0,8
46 Outros servizos comunitarios e sociais	1.060	1.060	0	-	0,2	0,1
51 Infraestruturas	1.263	1.271	8	0,7	0,2	0,2
52 Ordenación do territorio	34	35	1	3,5	-	-
54 Actuacións ambientais	6.627	6.627	1	-	0,9	0,9
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	543	575	32	5,8	0,1	0,1
61 Actuacións económicas xerais	760	791	31	4,1	0,1	0,1
62 Actividades financeiras	21.349	23.349	2.000	9,4	3,0	3,3
71 Dinamización económica do medio rural	7.577	7.607	30	0,4	1,1	1,1
72 Pesca	1.517	1.613	96	6,3	0,2	0,2
73 Industria, enerxía e minaría	1.589	1.649	60	3,8	0,2	0,2
Total	**700.173**	**717.223**	**17.049**	**2,4**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Como pode observarse na distribución funcional do gasto, destacan igualmente a función 31, Acción social e promoción social, cun 45,2% do total e a función 42, Educación, co 32,8%.

CAPÍTULO III. GASTOS FINANCEIROS

Neste exercicio 2025, os gastos financeiros ascenden a 214,1 millóns de euros, o que supón un incremento do 7,2% respecto ao ano anterior.

CAPÍTULO III. Gastos financeiros

Distribución Orgánica

Seccións	2024	2025	Variación 2025/2024 Importe	%	Valor Relativo 2024	2025
05 Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	257	6	-251	-97,6	0,1	-
07 Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	64	57	-7	-10,8	-	-
08 Cons. Politica Social e Igualdade	0	0	0	-	-	-
10 Cons. Facenda e Administración Pública	3	0	-3	-100,0	-	-
13 Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	10	10	0	-	-	-
14 Cons. Emprego, Comercio e Emigración	20	37	17	86,3	-	-
15 Cons. Medio Rural	0	0	0	-	-	-
22 Débeda Pública da Comunidade Autónoma	199.300	214.000	14.700	7,4	99,8	99,9
Total	**199.654**	**214.110**	**14.457**	**7,2**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

CAPÍTULO III. Gastos financeiros

Distribución Económica

Artigos	2024	2025	Variación 2025/2024 Importe	%	Valor Relativo 2024	2025
30 Débeda pública e préstamos	198.114	212.807	14.693	7,4	99,2	99,4
31 Gastos emis, form, mod, e cancel. de déb. públ. e prést.	1.200	1.200	0	-	0,6	0,6
35 Xuros de demora e outros gastos financeiros	340	103	-236	-69,6	0,2	-
Total	**199.654**	**214.110**	**14.457**	**7,2**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

CAPÍTULO III. Gastos financeiros

Distribución Funcional

Funcións	2024	2025	Variación 2025/2024 Importe	%	Valor Relativo 2024	2025
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	1	1	0	-	-	-
12 Administración xeral	256	5	-251	-98,0	0,1	-
15 Normalización lingüística	0	0	0	-	-	-
31 Acción social e promoción social	20	29	9	46,3	-	-
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	0	8	8	-	-	-
42 Educación	64	57	-7	-10,8	-	-
43 Cultura	10	10	0	-	-	-
51 Infraestruturas	0	0	0	-	-	-
62 Actividades financeiras	3	0	-3	-100,0	-	-
72 Pesca	0	0	0	-	-	-
91 Débeda pública	199.300	214.000	14.700	7,4	99,8	99,9
Total	**199.654**	**214.110**	**14.457**	**7,2**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

As transferencias correntes engloban os fondos, condicionados ou non, que se satisfarán sen que se produza unha contrapartida directa por parte dos axentes receptores, destinados á atención de gastos de natureza corrente.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes

Distribución Orgánica

Seccións	2024	2025	Variación 2025/2024 Importe	%	Valor Relativo 2024	2025
01 Parlamento	2.976	3.212	235	7,9	-	-
02 Consello de Contas	24	24	0	-	-	-
03 Consello da Cultura Galega	61	69	7	11,7	-	-
04 Presidencia da Xunta de Galicia	28.706	29.827	1.121	3,9	0,4	0,4
05 Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	100.164	99.528	-636	-0,6	1,5	1,4
06 Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	5.770	7.720	1.950	33,8	0,1	0,1
07 Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	754.043	792.015	37.972	5,0	11,1	11,1
08 Cons. Politica Social e Igualdade	695.189	753.328	58.139	8,4	10,3	10,5
09 Cons. Economía e Industria	37.225	40.050	2.825	7,6	0,5	0,6
10 Cons. Facenda e Administración Pública	66.207	67.499	1.292	2,0	1,0	0,9
11 Cons. Vivenda e Planif. Infraestruturas	42.228	41.170	-1.058	-2,5	0,6	0,6
12 Cons. Sanidade	4.466.401	4.727.720	261.318	5,9	65,9	66,1
13 Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	30.534	34.992	4.458	14,6	0,5	0,5
14 Cons. Emprego, Comercio e Emigración	342.130	345.627	3.497	1,0	5,0	4,8
15 Cons. Medio Rural	34.675	33.227	-1.448	-4,2	0,5	0,5
16 Cons. Mar	4.745	4.939	194	4,1	0,1	0,1
21 Transferencias a corporacións locais	158.128	168.057	9.929	6,3	2,3	2,3
23 Gastos de diversas Consellerías	8.646	3.533	-5.113	-59,1	0,1	-
Total	**6.777.853**	**7.152.537**	**374.684**	**5,5**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

As transferencias correntes constitúen o capítulo co volume máis importe do orzamento da Administración Xeral, representando o 46,6% dos créditos totais e alcanzando os 7.152,5 millóns de euros. Increméntanse nun 5,5% respecto aos previstos no orzamento de 2024.

Segundo o destino, o sector público autonómico absorbe o 77,1% dos créditos de transferencias correntes, as corporacións locais o 6,5% e o sector privado, formado polas empresas privadas e as familias e institucións sen ánimo de lucro, recibe o 16,4%.

O Servizo Galego de Saúde é o maior destinatario das transferencias do capítulo IV, xa que recibe a través da Consellería de Sanidade 4.721,3 millóns de euros.

Dentro do Servizo Galego de Saúde destacan o incremento da e a transferencia a farmacias por receitas médicas e a transferencia ao servizo de transporte do 061, para o gasto en ambulancias.

Un segundo bloque en importancia cuantitativa pode considerarse o formado polas transferencias da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, cun importe de 792 millóns de euros. O financiamento do Sistema Universitario e os concertos educativos absorben o 95,1 % do total de transferencias desta consellería.

Na Consellería de Política Social e Igualdade prodúcese un incremento de 58,1 millóns de euros, como consecuencia principalmente do incremento no programa de atención á dependencia.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes

Distribución Económica

Artigos	2024	2025	Variación 2025/2024 Importe	%	Valor Relativo 2024	2025
40 Á Administración xeral e organismos públicos do Estado	4.311	4.263	-48	-1,1	0,1	0,1
43 A OO.AA., Ent. Públ. Instr. Cons. ou Ases. e Axencias Públ. Da C.A.	4.700.117	4.966.446	266.328	5,7	69,3	69,4
44 A sociedades públicas e outros entes públicos da C.A.	506.439	544.846	38.406	7,6	7,5	7,6
46 A corporacións locais	429.462	462.273	32.811	7,6	6,3	6,5
47 A empresas privadas	266.779	247.663	-19.117	-7,2	3,9	3,5
48 A familias e institucións sen fins de lucro	865.343	920.725	55.382	6,4	12,8	12,9
49 Ao exterior	5.402	6.322	920	17,0	0,1	0,1
Total	**6.777.853**	**7.152.537**	**374.684**	**5,5**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Na sección 21, Transferencias a corporacións locais, recóllese a achega da comunidade para o financiamento das entidades locais, a través do Fondo de Cooperación Local, como instrumento de participación específico daquelas nos tributos da comunidade autónoma.

No texto articulado da Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 establécese que, o indicado na disposición adicional quinta da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011 a porcentaxe de participación do Fondo de Cooperación Local na recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral, homoxeneizados como se indica no parágrafo seguinte, queda establecida no 2,3200880 por cento para o exercicio de 2025.

O índice de evolución correspondente á recadación dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos, homoxeneizada coas variacións dos tipos impositivos estatais do imposto sobre o valor

engadido e dos impostos especiais comunicadas polo Estado nese exercicio, é positivo con respecto á do ano 2011, que é a utilizada na determinación da porcentaxe de participación sinalada.

En consecuencia, no ano 2025 repartirase un fondo adicional entre os concellos. A porcentaxe de participación nel desagrégase da forma seguinte:

a) o 1,7328153 por cento corresponde ao fondo base

b) o 0,5872727 por cento corresponde ao fondo adicional.

Con anterioridade á repartición do fondo base deducirase un importe de 600.000 euros anuais, que se destinarán aos gastos de mantemento propios da Federación Galega de Municipios e Provincias.

- Entre todos os concellos de Galicia e conforme aos coeficientes que se establecen no anexo VI da lei: 112.972.806 euros.
- Entre os concellos de Galicia con poboación de dereito inferior a 15.000 habitantes e conforme aos mesmos coeficientes: 5.400.000 euros.

Consonte o acordo acadado na Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local, con anterioridade á repartición do fondo adicional deducirase un importe de 293.651 euros, que se destinará á Federación Galega de Municipios e Provincias, co obxecto de actualizar as dotacións financiadoras dos seus gastos de funcionamento. O resto da dotación deste fondo repartirase do seguinte modo:

a) aos concellos con institucións penitenciarias no seu termo municipal, 165.600 euros.

b) aos concellos con poboación de dereito inferior a cincuenta mil habitantes que teñen que asumir os gastos de funcionamento dos centros de saúde da súa titularidade, 2.766.400 euros.

c) aos concellos que teñen que asumir o financiamento dos custos de mantemento dos conservatorios de grao medio, 1.678.075 euros.

d) aos concellos resultantes dun proceso de fusión, en cumprimento do sinalado no artigo 13.un, alíneas a) e f), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, 1.800.000 euros.

e) aos concellos que teñen que asumir o financiamento dos servizos de emerxencia de carácter supramunicipal, 2.100.000 euros.

f) aos concellos que teñen que asumir o financiamento das redes de faixas secundarias de xestión da biomasa para a prevención de incendios, 4.500.000 euros.

g) aos concellos integrados no Plan de retirada sistemática de tartagueiros ou niños do tártago negro de patas amarelas (Vespa velutina nigrithorax), 1.200.000 euros.

h) aos concellos con poboación de dereito inferior a quince mil habitantes, 5.000.000 de euros, en función dos investimentos que teñan que realizar para mellorar a eficiencia enerxética de edificios de titularidade municipal.

i) aos concellos que realicen investimentos en infraestruturas municipais que supoñan un desenvolvemento estratéxico desde o punto de vista económico, social ou territorial do concello, 8.514.297 euros.

j) e, por último, créase un fondo para a xestión dos residuos urbanos por un importe de 12.100.000. A repartición efectuarase en función da poboación de cada concello.

O reparto das cantidades antes establecido poderá modificarse por acordo da Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local de se xustificar a necesidade desta modificación en atención ás dificultades materiais de realización dalgunha das finalidades previstas por causas independentes da vontade dos concellos e se destina a outras finalidades das previstas ou a finalidades análogas ou equivalentes a estas que se consideren igualmente de interese público.

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes

Distribución Funcional

Funcións	2024	2025	Variación 2025/2024 Importe	%	Valor Relativo 2024	2025
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	4.096	4.317	220	5,4	0,1	0,1
12 Administración xeral	4.431	4.987	556	12,6	0,1	0,1
13 Xustiza	17.003	17.926	923	5,4	0,3	0,3
14 Administración local	5.100	5.325	225	4,4	0,1	0,1
15 Normalización lingüística	3.448	3.448	0	-	0,1	-
16 Procesos electorais e órganos de representación política e institucións democráticas	7.502	2.000	-5.502	-73,3	0,1	-
21 Protección civil e seguridade	15.125	23.341	8.217	54,3	0,2	0,3
31 Acción social e promoción social	731.076	793.249	62.173	8,5	10,8	11,1
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	319.009	322.117	3.108	1,0	4,7	4,5
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	6.147	6.821	674	11,0	0,1	0,1
41 Sanidade	4.466.401	4.727.720	261.318	5,9	65,9	66,1
42 Educación	698.518	734.545	36.027	5,2	10,3	10,3
43 Cultura	21.438	22.362	924	4,3	0,3	0,3
44 Deportes	29.410	14.032	-15.378	-52,3	0,4	0,2
45 Vivenda	21.691	20.577	-1.114	-5,1	0,3	0,3
46 Outros servizos comunitarios e sociais	1.244	1.244	0	-	-	-
51 Infraestruturas	42.861	47.617	4.756	11,1	0,6	0,7
52 Ordenación do territorio	2.030	2.030	0	-	-	-
53 Promoción de solo para actividades económicas	0	876	876	-	-	-
54 Actuacións ambientais	9.143	11.173	2.031	22,2	0,1	0,2
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	75.576	77.974	2.399	3,2	1,1	1,1
57 Sociedade da información e do coñecemento	39.319	38.825	-495	-1,3	0,6	0,5
58 Información estatística básica	3.904	4.087	183	4,7	0,1	0,1
61 Actuacións económicas xerais	5.196	5.032	-164	-3,2	0,1	0,1
62 Actividades financeiras	17.539	18.926	1.387	7,9	0,3	0,3
71 Dinamización económica do medio rural	14.100	14.413	313	2,2	0,2	0,2
72 Pesca	1.248	1.362	114	9,1	-	-
73 Industria, enerxía e minaría	7.130	5.724	-1.407	-19,7	0,1	0,1
74 Desenvolvemento empresarial	13.360	14.500	1.140	8,5	0,2	0,2
75 Comercio	6.933	7.002	69	1,0	0,1	0,1
76 Turismo	27.357	28.298	941	3,4	0,4	0,4
81 Transferencias a entidades locais	160.520	170.688	10.168	6,3	2,4	2,4
Total	**6.777.853**	**7.152.537**	**374.684**	**5,5**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

CAPÍTULO V. FONDO DE CONTINXENCIA

CAPÍTULO V. Fondo de continxencia

Distribución Orgánica

Seccións	2024	2025	Variación 2025/2024 Importe	%	Valor Relativo 2024	2025
23 Gastos de diversas Consellerías	301.512	5.439	-296.073	-98,2	100,0	100,0
Total	**301.512**	**5.439**	**-296.073**	**-98,2**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Segundo o artigo 55 bis do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, establécese que nas seccións 50.01 e 23 do orzamento da Xunta de Galicia se recollerá un fondo para atender ás necesidades que poidan xurdir no exercicio corrente e sexan inaprazables, de carácter non discrecional e que non tiveran en todo ou en parte a axeitada dotación orzamentaria. Este fondo será dedicado unicamente a financiar, cando proceda, as modificacións establecidas.

Establécese no articulado da lei de orzamentos que o fondo de continxencia de execución orzamentaria a que se refire o artigo 55 bis do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, co obxecto de garantir un mellor financiamento das liñas prioritarias de actuación para o ano 2025, fíxase en 16.839.370 euros e poderá empregarse para financiar necesidades inaprazables non previstas no orzamento inicial en calquera capítulo do orzamento consolidado.

CAPÍTULO V. Fondo de continxencia

Distribución Económica

Artigos	2024	2025	Variación 2025/2024 Importe	%	Valor Relativo 2024	2025
50 Fondo de continxencia	301.512	5.439	-296.073	-98,2	100,0	100,0
Total	**301.512**	**5.439**	**-296.073**	**-98,2**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

En Administración Xeral está establecido en 5,4 millóns de euros, que xunto co do Servizo Galego de Saúde totalizan os 16,8 millóns de euros.

CAPÍTULO V. Fondo de continxencia

Distribución Funcional

Funcións	2024	2025	Variación 2025/2024 Importe	%	Valor Relativo 2024	2025
62 Actividades financeiras	301.512	5.439	-296.073	-98,2	100,0	100,0
Total	**301.512**	**5.439**	**-296.073**	**-98,2**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

O importe do ano 2024 e moi superior ao do ano 2025 polo axuste efectuado no estado de gastos no programa 621B, «Imprevistos e funcións non clasificadas» derivado do incremento das entregas á conta e liquidación do ano 2022 do sistema de financiamento autonómico.

CAPÍTULO VI. INVESTIMENTOS REAIS

Con destino á realización de investimentos reais os orzamentos do ano 2025 consígnanse créditos por importe de 646,4 millóns de euros, decrece un 0,6 % respecto ao ano anterior.

Deste xeito a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos desenvolve para o Servizo Galego de Saúde os seguintes servizos:

- Servizos Hemoterápicos. Denomínanse servizos hemoterápicos a subministración dos diferentes compoñentes sanguíneos aos hospitais. Esta denominación como servizo débese a que o sangue non se fabrica nin sofre alteracións na súa composición. Os elementos subministrados (hemacias, plaquetas e plasma) obtéñense por procesos de separación e realízanse sobre eles as probas de detección precisas para ser transfundidos.
- Servizo de probas analíticas. Dentro deste servizo inclúense determinacións analíticas das áreas de inmunohematoloxía, seroloxía e bioloxía molecular de enfermidades transmisibles, e estudos de histocompatibilidade, que sexan solicitados desde o ámbito hospitalario.
- Servizos de Criopreservación. Dentro deste servizo atópanse os concentrados de hemacias e plaquetas criopreservadas e os proxenitores hematopoéticos.
- Servizo de medicamentos derivados do plasma. A subministración aos hospitais da rede pública do SERGAS, dos medicamentos procedentes do fraccionamento industrial de plasma excedentario. Así obtéñense albumina, Factor VIII humano, Inmunoglobulina humana específica, Alpha 1 Antitripsina, medicamentos todos eles de uso habitual nos hospitais.
- Programa Galego de Plasmaférese. Atendendo os especias requirimentos terapéuticos desenvolvidos polos doentes da nosa CCAA, a axencia está a desenvolver un programa específico para a obtención de plasma, na procura da mellora na autosuficiencia en plasmaderivados.
- Proxecto BLOOD. Este proxecto global xorde da necesidade de coordinar e homoxeneizar de forma integrada, o os sistemas de información que dan soporte ao traballo que estase a desenvolverse entre os servizos de transfusión dos centros hospitalarios e a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos. Este proxecto abrangue distintos obxectivos, e supón o deseño, desenvolvemento e implantación, dun sistema de que garante a xestión segura e de calidade dos compoñentes sanguíneos.

A Axencia continuará no compromiso máximo coa calidade, procurando manter na organización a certificación de calidade segundo a norma ISO 9001/2015 renovada un ano máis en 2024. Renovarase, tamén, a certificación pola Fundación CAT (Comité de Acreditación en

Transfusión, Terapia celular e tisular) organismo de acreditación da calidade de conformidade aos estándares en transfusión sanguínea nas áreas: Análise, Doazón, Autodoazón, Almacenamiento-Distribución e Procesamento de compoñentes; e de conformidade aos estándares en obtención, procesamento, almacenamento e distribución de sangue de cordón umbilical e de produtos celulares para transplante. E manterase a acreditación da European Federartion for Inmunogenetics (EFI) na Unidade de Bioloxía Molecular e Histocompatibilidade para a tipificación de HLA.

Orzamento de ingresos. A. G. de Sangue, Órgagnos e Tecidos

Distribución económica							
				Variación 2025/2024		Valor Relativo	
	Capítulos	2024	2025	Importe	%	2024	2025
III	Taxas, prezos e outros ingresos	27.260	28.407	1.147	4,2	100,0	99,7
V	Ingresos patrimoniais	0	80	80	-	-	0,3
OPERACIÓNS CORRENTES		**27.260**	**28.487**	**1.227**	**4,5**	**100,0**	**100,0**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**27.260**	**28.487**	**1.227**	**4,5**	**100,0**	**100,0**
Total		**27.260**	**28.487**	**1.227**	**4,5**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento axustado) (Miles de Euros){Fin M1_C45_ORG309.doc}

Orzamento de gastos. A. G. de Sangue, Órgagnos e Tecidos

Distribución económica							
				Variación 2025/2024		Valor Relativo	
	Capítulos	2024	2025	Importe	%	2024	2025
I	Gastos de persoal	11.960	12.308	348	2,9	43,9	43,2
II	Gastos en bens correntes e servizos	14.820	15.699	879	5,9	54,4	55,1
OPERACIÓNS CORRENTES		**26.780**	**28.007**	**1.227**	**4,6**	**98,2**	**98,3**
VI	Investimentos reais	480	480	0	-	1,8	1,7
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**480**	**480**	**0**	**-**	**1,8**	**1,7**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**27.260**	**28.487**	**1.227**	**4,5**	**100,0**	**100,0**
Total		**27.260**	**28.487**	**1.227**	**4,5**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

De acordo cos fins que lle atribúe a súa lei de creación (Lei 4/2008, do 23 de maio), ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego.

As súas competencias esténdense á totalidade das actividades culturais e artísticas desenvolvidas por creadores individuais e empresas, na procura dunhas industrias culturais dinámicas, competitivas e innovadoras e, en particular:

- Impulsar a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais.
- Favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento singularizador no mercado.
- Promover a distribución e a comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país.
- Contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos.
- Estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autoras e autores no proceso de produción.

Os estatutos foron aprobados polo Decreto 150/2012, do 12 de xullo e modificados polo Decreto 53/2021 do 18 de marzo.

Orzamento de ingresos. Axencia Galega das Industrias Culturais

Distribución económica							
				Variación 2025/2024		Valor Relativo	
	Capítulos	2024	2025	Importe	%	2024	2025
III	Taxas, prezos e outros ingresos	80	80	0	-	0,5	0,5
IV	Transferencias correntes	5.431	5.614	183	3,4	31,6	33,3
V	Ingresos patrimoniais	70	73	3	4,3	0,4	0,4
OPERACIÓNS CORRENTES		**5.581**	**5.767**	**186**	**3,3**	**32,5**	**34,2**
VII	Transferencias de capital	11.608	11.088	-519	-4,5	67,5	65,8
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**11.608**	**11.088**	**-519**	**-4,5**	**67,5**	**65,8**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**17.189**	**16.856**	**-333**	**-1,9**	**100,0**	**100,0**
	Total	**17.189**	**16.856**	**-333**	**-1,9**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento axustado) (Miles de Euros){Fin M1_C45_ORG301.doc}

Orzamento de gastos. Axencia Galega das Industrias Culturais

Distribución económica							
				Variación 2025/2024		Valor Relativo	
	Capítulos	2024	2025	Importe	%	2024	2025
I	Gastos de persoal	3.525	3.712	186	5,3	20,5	22,0
II	Gastos en bens correntes e servizos	642	642	0	-	3,7	3,8
IV	Transferencias correntes	1.413	1.413	0	-	8,2	8,4
OPERACIÓNS CORRENTES		**5.581**	**5.767**	**186**	**3,3**	**32,5**	**34,2**
VI	Investimentos reais	3.364	2.164	-1.200	-35,7	19,6	12,8
VII	Transferencias de capital	8.244	8.925	681	8,3	48,0	52,9
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**11.608**	**11.088**	**-519**	**-4,5**	**67,5**	**65,8**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**17.189**	**16.856**	**-333**	**-1,9**	**100,0**	**100,0**
	Total	**17.189**	**16.856**	**-333**	**-1,9**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural foi creada pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, configurándose como un instrumento para o fomento e coordinación do desenvolvemento no territorio rural galego para mellorar as condicións de vida e evitar o despoboamento dese territorio. Ademais, de acordo coa modificación introducida pola disposición derradeira terceira da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural posibilitará a creación e ampliación de explotacións agrarias e gandeiras mediante a xestión do Banco de Terras de Galicia e será o órgano competente en materia de desenvolvemento comarcal, que exercerá como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para o deseño, a aplicación, a coordinación e o seguimento do Plan de desenvolvemento comarcal. Máis recentemente, a Lei 11/ 2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, prevé para a axencia novas funcións e dótaa de novos órganos para atendelas axeitadamente.

As funcións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de acordo coa disposición adicional sexta da Lei 5/2000, modificadas e ampliadas na alínea Un do artigo segundo da Lei 12/2008 quedaron do seguinte xeito:

- Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e conten coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.
- Difundir e realizar o seguimento das políticas de desenvolvemento rural aplicables en cada momento.
- Impulsar a formulación e aplicación a nivel comarcal de estratexias de desenvolvemento rural integrado, en especial mediante a dinamización e coordinación dos grupos de desenvolvemento rural encargados da súa execución.

- Articular proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.
- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.
- Contribuír ao reforzamento do tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.
- Xestionar as medidas e actuacións que se lle encomenden no marco da programación 2014-2020 dos fondos agrarios de desenvolvemento rural.
- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e a fixación de poboación nas áreas rurais, realizando as actuacións precisas para promover a igualdade efectiva de mulleres e homes, en aplicación do artigo 30 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, dos artigos 31.3º e 38.3º da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, e do artigo 30 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- A dinamización comarcal, a través dos centros de desenvolvemento comarcal dependentes da Xunta de Galicia.

Finalmente, despois da reorganización dos instrumentos de xestión do desenvolvemento rural prevista na Lei 15/2010, ademais das funcións sinaladas na Lei 12/2008, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realizará tamén as seguintes, que lle atribúe a alínea Dous da disposición derradeira terceira da Lei 15/2010:

- Xestionar as medidas e actuacións que se lle encomenden no marco da programación dos fondos agrarios de desenvolvemento rural.
- Xestionar e aplicar as medidas contidas nos programas de desenvolvemento rural sustentable (PDRS), no marco da aplicación da Lei estatal 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, ou da norma que a substitúa, sen prexuízo das competencias que nesta materia teñan outros órganos da Administración autonómica.
- A xestión dos bens e dos dereitos incorporados ao Banco de Terras de Galicia.
- A realización da función do servizo de transmisión mediante arrendamento respecto dos predios rústicos procedentes de explotacións nas que cesase anticipadamente a persoa titular, sen seren cedidas a terceiras persoas.

En relación ás funcións referentes ao Banco de Terras de Galicia, a disposición transitoria segunda da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, tamén lle atribúe á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural o exercicio das funcións xestoras do Banco de Terras de Galicia. Esas funcións están pormenorizadas no artigo 9 da citada Lei 6/2011.

A Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia establece como competencias da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural:

a) Deseñar e implementar estratexias e plans integrados para o desenvolvemento e a xestión do territorio rural que coordinen actuacións de diversa natureza e conten coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados, así como a promoción e xestión dos devanditos plans e programas de desenvolvemento.

b) Supervisar, coordinar e difundir as políticas e estratexias de desenvolvemento rural, en especial as orientadas á recuperación das terras forestais e da superficie agraria útil como base da bioeconomía.

c) Deseñar, programar e executar as medidas de recuperación e, en xeral, da xestión da terra agroforestal de Galicia a través dos instrumentos previstos nesta lei para tal fin.

d) Tramitar os procedementos de investigación da propiedade de inmobles de natureza rústica dos que non se teña certeza sobre a súa titularidade, así como a revisión xeométrica e topográfica deses predios no caso de existiren dúbidas sobre a súa configuración e estado.

e) Articular proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, destinados a reforzar a base produtiva das áreas rurais, valorizar os seus recursos e mellorar a calidade de vida dos seus habitantes.

f) Articular proxectos de xestión de terras agroforestais e de desenvolvemento rural dirixidos directa ou indirectamente a favorecer a prevención e a loita contra os incendios no territorio rural e fronte a pragas e enfermidades.

g) Promover e fomentar a cooperación entre axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.

h) Impulsar a formulación e a aplicación a nivel comarcal de estratexias de desenvolvemento rural integrado, especialmente a través da dinamización e coordinación dos grupos de desenvolvemento rural responsables da súa execución.

i) Promover o desenvolvemento dos catálogos, mapas e demais soportes documentais previstos na lei.

Orzamento de ingresos. A. G. de Desenvolvemento Rural

Distribución económica							
				Variación 2025/2024		Valor Relativo	
	Capítulos	2024	2025	Importe	%	2024	2025
IV	Transferencias correntes	4.435	4.679	244	5,5	7,0	8,5
V	Ingresos patrimoniais	135	212	77	57,0	0,2	0,4
OPERACIÓNS CORRENTES		**4.570**	**4.891**	**321**	**7,0**	**7,2**	**8,9**
VII	Transferencias de capital	59.038	50.252	-8.786	-14,9	92,8	91,1
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**59.038**	**50.252**	**-8.786**	**-14,9**	**92,8**	**91,1**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**63.608**	**55.143**	**-8.464**	**-13,3**	**100,0**	**100,0**
	Total	**63.608**	**55.143**	**-8.464**	**-13,3**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento axustado) (Miles de Euros){Fin M1_C45_ORG408.doc}

Orzamento de gastos. A. G. de Desenvolvemento Rural

Distribución económica							
				Variación 2025/2024		Valor Relativo	
	Capítulos	2024	2025	Importe	%	2024	2025
I	Gastos de persoal	3.752	4.046	294	7,8	5,9	7,3
II	Gastos en bens correntes e servizos	783	795	12	1,6	1,2	1,4
IV	Transferencias correntes	35	50	15	42,9	0,1	0,1
OPERACIÓNS CORRENTES		**4.570**	**4.891**	**321**	**7,0**	**7,2**	**8,9**
VI	Investimentos reais	10.361	7.170	-3.191	-30,8	16,3	13,0
VII	Transferencias de capital	48.677	43.083	-5.595	-11,5	76,5	78,1
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**59.038**	**50.252**	**-8.786**	**-14,9**	**92,8**	**91,1**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**63.608**	**55.143**	**-8.464**	**-13,3**	**100,0**	**100,0**
	Total	**63.608**	**55.143**	**-8.464**	**-13,3**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

A Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da Calidade Alimentaria de Galicia, configura a Axencia Galega da Calidade Alimentaria como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 8 da Lei 1/2024 dispón que a Axencia Galega da Calidade Alimentaria ten por obxecto:

a) Operar como instrumento básico de actuación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de protección da calidade alimentaria diferenciada, así como en materia de promoción do consumo dos produtos agroalimenticios en xeral e, en particular, dos acollidos ás distintas figuras de protección da calidade diferenciada.

b) Investigar e promover o desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario.
c) Desenvolver as actividades de I+D+I nos sectores agrario, gandeiro e forestal.
d) Realizar aqueloutras actuacións relacionadas coas actividades anteriores que determine a consellaría de adscrición.
e) Fomentar, mediante o seu persoal docente e investigador, a formación e a transferencia de coñecemento ao sector agrario.

En materia de calidade alimentaria, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria desenvolve as seguintes funcións:

a) Elaborar as liñas estratéxicas que permitan o impulso do conxunto da calidade alimentaria diferenciada galega como unha actividade que dea rendibilidade aos diferentes elos das respectivas cadeas de valor, procurando o desenvolvemento dunha actividade no territorio que sexa económica, social e ambientalmente sustentable.
b) Aliñar a evolución das figuras de protección da calidade alimentaria diferenciada galegas aos obxectivos que veñen recollidos pola normativa europea xerada no ámbito do Pacto verde europeo, na procura dun marco alimentario sustentable.
c) Executar accións destinadas á promoción do consumo dos produtos de calidade diferenciada e crear e xestionar liñas de axuda con ese fin ou co obxecto de fomentar a elaboración e a comercialización destes produtos.
d) Deseñar a planificación estratéxica da promoción da calidade alimentaria diferenciada galega de xeito coordinado cos consellos reguladores e coas propostas da Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada, sen prexuízo das funcións de planificación dos plenos dos consellos reguladores.
e) Executar os programas de control oficial relacionados coa comprobación dos requisitos que deben cumprir, antes da súa comercialización, os produtos acollidos a algunha denominación xeográfica de calidade do ámbito agroalimentario, así como os recoñecidos como especialidades tradicionais garantidas. Do mesmo xeito, a Axencia fará o control oficial da produción ecolóxica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas funcións implican tanto a realización de actividades de control directamente sobre as persoas operadoras coma a supervisión da actividade dos organismos en que se fixese delegación de tarefas de control.
f) Realizar o control e a certificación das persoas operadoras que pretendan comercializar produtos baixo a marca «artesanía alimentaria» e xestionar o Rexistro da artesanía alimentaria de Galicia.
g) Supervisar a actividade dos consellos reguladores do ámbito da súa competencia, así como asesoralos no seu funcionamento.
h) Asesorar os consellos reguladores do ámbito da súa competencia no seu funcionamento, especialmente no caso daqueles que, polo seu reducido número de persoas operadoras ou pola escasa facturación do conxunto desas persoas, teñan dificultades para

o cumprimento dos requisitos establecidos nesta lei para o seu recoñecemento como entidades de xestión da correspondente figura de calidade alimentaria diferenciada.

i) Recompilar e analizar a información estatística relacionada coa actividade produtiva das diferentes denominacións de orixe, indicacións xeográficas protexidas e outras figuras de protección da calidade diferenciada e elaborar informes relacionados con estas producións.

j) Identificar posibles novas denominacións de orixe ou indicacións xeográficas protexidas do ámbito agroalimentario, caracterizar novos produtos agroalimenticios que sexan susceptibles dun recoñecemento das súa especificidade e apoiar os sectores interesados nos traballos de preparación da documentación precisa para a tramitación da súa inscrición no rexistro europeo. Así mesmo, realizar os trámites necesarios ante a Administración xeral do Estado e ante a Comisión Europea para a inscrición de novas denominacións xeográficas de calidade e os trámites correspondentes á modificación dos pregos de condicións das xa rexistradas.

k) Realizar as encargas que, no ámbito das súas competencias en materia de calidade alimentaria, lle faga a Administración xeral da Comunidade Autónoma.

En relación coa sustentabilidade da produción alimentaria, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria fomentará a identificación e a recuperación de variedades vexetais e de razas animais autóctonas como base para a produción de alimentos de calidade diferenciada. Ademais, aprobará os pregos de condicións da produción sustentable aos cales se refire o artigo 27, autorizará as entidades certificadoras ás cales lles encargue o control deses pregos de condicións e supervisará o seu funcionamento.

Tamén lle corresponde á Axencia Galega da Calidade Alimentaria, en virtude do Decreto 52/2018, do 5 de abril, o desenvolvemento das seguintes funcións en materia de investigación:

Determinar e canalizar as demandas científico-técnicas e analíticas do sector agrario e alimentario de Galicia, tendo en conta as súas necesidades mediante procedementos eficaces de participación dos axentes socioeconómicos afectados nas distintas áreas de traballo.

Impulsar as actividades de I+D+i nos sectores agrario e alimentario de Galicia.

Asesorar á consellería con competencias en materia de medio rural nas funcións de coordinación da investigación en materia agraria.

4. Promover e executar os traballos de investigación nas materias agrícolas, gandeiras e forestais, tanto respecto das actividades de produción e transformación como respecto do cumprimento das boas prácticas agrarias e outros requirimentos dos procesos produtivos primarios nas explotacións gandeiras, de mellora xenética e sanidade agrícola, gandeira e forestal, as relativas á conservación dos recursos xenéticos, á ecoloxía e silvicultura das especies forestais, á propagación, prevención e defensa contra os incendios forestais e ao impacto das actividades do sector agrario sobre o medio. Para o cumprimento desta finalidade poderá solicitar recursos materiais e

humanos que poidan ser asignados por calquera das administracións públicas no marco de plans de investigación e desenvolvemento tecnolóxico e innovación.

Propiciar e facilitar a transferencia e a adopción dos resultados obtidos nas investigacións publicando e divulgando os resultados dos ensaios e proxectos de experimentación, así como a dirección e elaboración das estatísticas en materia agraria en coordinación co Instituto Galego de Estatística.

A través dos seus laboratorios realizará as seguintes funcións:

Atender a demanda de análises químicas de alimentos, bebidas, solos, fertilizantes, augas de rega e produtos de alimentación animal.

Investigar a presenza de residuos de produtos fitosanitarios en alimentos, bebidas e en alimentación animal.

Diagnosticar enfermidades e a presenza de pragas nos cultivos herbáceos, leñosos e forestais.

Realizar análises no ámbito da sanidade vexetal.

Emitir certificados de exportación de bebidas e tamén realizar informes e recomendacións que teñan que ver coas análises realizadas.

Fomentar a introdución de sistemas de rastrexabilidade e, en xeral, desenvolver todo tipo de actividades que fagan progresar a tecnoloxía, a calidade e a competitividade do sector agroindustrial galego.

Establecer fórmulas específicas de recrutamento, formación e actualización do persoal investigador, nos ámbitos agrario e alimentario, así como as de intercambio e colaboración con outros centros de investigación rexionais, nacionais e internacionais.

Participar en institucións e foros nacionais e internacionais para a consecución dos fins da Axencia.

Promover ou participar directamente nas operacións concretas de desenvolvemento nas cales se dean as circunstancias de interese territorial ou estratéxico, insuficiente participación dos axentes socioeconómicos e a necesidade de estruturar ou reestruturar un ámbito produtivo vinculado ao sector alimentario e que lle sexan encomendadas.

Poñer en valor as distintas actuacións tecnolóxicas e investidoras incluídas nos puntos anteriores ou as que deriven do acervo de coñecementos da Axencia, mediante as fórmulas adecuadas de divulgación ou comercialización, así como as de participación e implicación dos distintos subsectores nas actuacións propias, sen menoscabo das funcións de divulgación e promoción que neste ámbito poida desenvolver a consellería de adscrición.

Conservar o patrimonio xenético tradicional de Galicia das especies de produción agroforestal.

Promover a mellora xenética do material vexetal de produción agroforestal.

Exercer calquera outra función técnica, material ou xurídica que se lle encomende en relación cos seus obxectivos, ou calquera outra que lle atribúa a lexislación vixente, así como realizar os encargos que, no ámbito das súas competencias en materia de investigación, lle efectúe a Administración xeral da Comunidade Autónoma.

Tamén lle corresponden á Axencia Galega da Calidade Alimentaria o desenvolvemento das seguintes funcións en materia de formación:

Desenvolver, mediante as fórmulas adecuadas de divulgación, as distintas actuacións tecnolóxicas e investigadoras incluídas nos artigos anteriores.

Programar a formación agraria, nos seus aspectos de ensinanzas regradas e non regradas, tanto das persoas agricultoras, gandeiras e silvicultoras como das súas asociacións e agrupacións, así como daquelas persoas que queiran acceder no futuro á titularidade ou xerencia de calquera explotación agraria ou forestal.

Coordinar os centros de formación e experimentación agraria.

Coordinar e facer o seguimento dos cursos de formación realizados no ámbito agrario.

Realizar os encargos que, no ámbito das súas competencias en materia de formación, lle efectúe a Administración xeral da Comunidade Autónoma.

Orzamento de ingresos. Axencia Galega de Calidade Alimentaria

Distribución económica							
				Variación 2025/2024		Valor Relativo	
	Capítulos	2024	2025	Importe	%	2024	2025
III	Taxas, prezos e outros ingresos	1.629	1.676	48	2,9	3,9	4,0
IV	Transferencias correntes	19.262	19.610	348	1,8	46,5	46,3
V	Ingresos patrimoniais	0	38	38	-	-	0,1
OPERACIÓNS CORRENTES		**20.890**	**21.324**	**434**	**2,1**	**50,5**	**50,4**
VII	Transferencias de capital	20.517	21.019	502	2,4	49,5	49,6
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**20.517**	**21.019**	**502**	**2,4**	**49,5**	**49,6**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**41.407**	**42.343**	**936**	**2,3**	**100,0**	**100,0**
	Total	**41.407**	**42.343**	**936**	**2,3**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento axustado) (Miles de Euros){Fin M1_C45_ORG409.doc}

Orzamento de gastos. Axencia Galega de Calidade Alimentaria

Distribución económica							
				Variación 2025/2024		Valor Relativo	
	Capítulos	2024	2025	Importe	%	2024	2025
I	Gastos de persoal	16.803	17.260	457	2,7	40,6	40,8
II	Gastos en bens correntes e servizos	2.975	2.902	-73	-2,5	7,2	6,9
III	Gastos financeiros	3	3	0	13,0	-	-
IV	Transferencias correntes	1.109	1.159	50	4,5	2,7	2,7
OPERACIÓNS CORRENTES		**20.890**	**21.324**	**434**	**2,1**	**50,5**	**50,4**
VI	Investimentos reais	11.734	13.414	1.680	14,3	28,3	31,7
VII	Transferencias de capital	8.773	7.604	-1.169	-13,3	21,2	18,0
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**20.507**	**21.018**	**511**	**2,5**	**49,5**	**49,6**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**41.397**	**42.342**	**945**	**2,3**	**100,0**	**100,0**
IX	Pasivos financeiros	11	1	-10	-91,8	-	-
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**11**	**1**	**-10**	**-91,8**	**-**	**-**
	Total	**41.407**	**42.343**	**936**	**2,3**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA

A Lei 3/2004 do 7 de xuño (DOG núm. 116, do 17 de xuño de 2004), de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR), deu lugar no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e ao amparo do seu Estatuto de Autonomía, á creación dun ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio de seu e con plena capacidade e autonomía para o cumprimento dos seus fins, que asumiu as competencias atribuídas ao Centro de Control do Medio Mariño.

Pola súa banda, o Decreto 41/2005, do 17 de febreiro (DOG núm. 49 do 11 de marzo de 2005) establece o regulamento do INTECMAR.

De conformidade co disposto no apartado 5º da Disposición Transitoria Terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o INTECMAR pasará a ter a figura de axencia pública autonómica, logo de que as normas de organización e funcionamento e os estatutos do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, se adecúen ao disposto na lei para as axencias públicas autonómicas.

O INTECMAR constitúe o instrumento da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio das funcións de control da calidade do medio mariño, da aplicación das disposicións legais en materia de control técnico sanitario dos produtos do mar e de asesoría técnico científica sobre pesca, marisqueo e acuicultura no ámbito das zonas de produción en augas competencia da Comunidade Autónoma Galega.

En consecuencia, ten como obxectivo xeral e prioritario desenvolver un estrito e intensivo sistema de control sobre as características do medio mariño para dar cumprimento formal a lexislación vixente en canto a produción de moluscos e outros invertebrados mariños, contribuír a desenvolver novas estratexias de explotación e comercialización baseadas en ofertar produtos de óptima calidade con absoluta garantía sanitaria, desenvolver estudos de carácter científico-técnicos destinados a facilitar os coñecementos necesarios para a correcta xestión dos recursos mariños e protexer e mellorar a calidade das augas.

Dentro das competencias da Administración autonómica, e sen prexuízo das competencias atribuídas a outros organismos, correspóndenlle ao INTECMAR, entre outras, as seguintes potestades administrativas:

a) Aplicación da normativa sobre calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura. En concreto, o control das condicións oceanográficas, bioxeoquímica mariña e poboacións fitoplanctónicas, das biotoxinas mariñas, da contaminación química e da contaminación microbiolóxica, tanto no referente aos organismos coma ás zonas de produción.
b) A investigación para o coñecemento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.
c) Decretar a apertura e o peche do exercicio da actividade pesqueira, de marisqueo e acuicultura en función do resultado dos controis que se realicen sobre a calidade das augas e os produtos, en aplicación da normativa vixente.
d) Aquelas funcións que regulamentariamente se lle atribúan na loita contra a contaminación mariña.

   Neste senso, no Decreto 135/2016, do 6 de outubro, regúlase a estrutura e organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia (Plan Camgal), e no mesmo se establecen as funcións do Comité Técnico Asesor, do que forma parte persoal técnico de INTECMAR. Ademais dentro das Unidades de Apoio encargadas de proporcionar soporte específico tanto ao Centro de Coordinación Operativa (CECOP) como aos diferentes grupos operativos figuran a Unidade de Observación Próxima, cuxa dirección técnica recae no Xefe de Unidade de Modelado Oceanográfico de INTECMAR e a Unidade de Documentación e Apoio Científico do INTECMAR.
e) O cumprimento dos Programas de Control do Medio Mariño que, no ámbito das funcións que establece a lei de creación do INTECMAR, determine a Xunta de Galicia en función da lexislación vixente na materia e das súas propias necesidades para a xestión do medio mariño.
f) Aquelas funcións que, no ámbito das competencias da comunidade autónoma, poidan serlle atribuídas pola Xunta de Galicia en materia de control das características do medio mariño e dos seus recursos sometidos a explotación comercial.

g) Ao abeiro do disposto no artigo 12.5 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral de Galicia (LOXILGA) correspóndelle ao Intecmar, "no marco das competencias da comunidade autónoma, o control da calidade do medio mariño, e en particular o control do cumprimento dos obxectivos ambientais nas augas costeiras do litoral de Galicia".

Orzamento de ingresos. Inst. Tecnolóxico control do medio mariño

Distribución económica							
				Variación 2025/2024		Valor Relativo	
	Capítulos	2024	2025	Importe	%	2024	2025
III	Taxas, prezos e outros ingresos	66	83	16	24,8	1,3	1,6
IV	Transferencias correntes	3.386	3.453	67	2,0	65,9	64,6
V	Ingresos patrimoniais	0	4	4	-	-	0,1
OPERACIÓNS CORRENTES		**3.452**	**3.540**	**88**	**2,5**	**67,2**	**66,3**
VII	Transferencias de capital	1.683	1.803	120	7,1	32,8	33,7
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**1.683**	**1.803**	**120**	**7,1**	**32,8**	**33,7**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**5.135**	**5.343**	**207**	**4,0**	**100,0**	**100,0**
Total		**5.135**	**5.343**	**207**	**4,0**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento axustado) (Miles de Euros){Fin M1_C45_ORG410.doc}

Orzamento de gastos. Inst. Tecnolóxico control do medio mariño

Distribución económica							
				Variación 2025/2024		Valor Relativo	
	Capítulos	2024	2025	Importe	%	2024	2025
I	Gastos de persoal	2.707	2.795	88	3,2	52,7	52,3
II	Gastos en bens correntes e servizos	745	745	0	-	14,5	13,9
OPERACIÓNS CORRENTES		**3.452**	**3.540**	**88**	**2,5**	**67,2**	**66,3**
VI	Investimentos reais	1.683	1.803	120	7,1	32,8	33,7
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**1.683**	**1.803**	**120**	**7,1**	**32,8**	**33,7**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**5.135**	**5.343**	**207**	**4,0**	**100,0**	**100,0**
Total		**5.135**	**5.343**	**207**	**4,0**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

CONSOLIDACIÓN DOS ENTES CON ORZAMENTO LIMITATIVO

V. CONSOLIDACIÓN DOS ENTES CON ORZAMENTO LIMITATIVO

Coa plena aplicación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico quedou pechada a estrutura orgánica do sector público autonómico.

Nos orzamentos para o ano 2025 forman parte do orzamento consolidado da comunidade autónoma nove organismos autónomos, dúas entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento que teñen a consideración de organismos autónomos a efectos orzamentarios, e dezaseis axencias públicas autonómicas.

Orzamento consolidado

			Variación 2025/2024		Valor Relativo	
	2024	2025	Importe	%	2024	2025
INGRESOS	**15.168.204**	**15.740.540**	**572.336**	**3,77**	**100,00**	**100,00**
Recursos Propios	*9.283.091*	*9.954.021*	*670.930*	*7,23*	*61,20*	*63,24*
Ingresos tributarios	7.757.549	8.194.665	437.117	5,63	*51,14*	52,06
Ingresos patrimoniais	35.951	43.473	7.522	20,92	*0,24*	0,28
Ingresos por activos e pasivos financeiros	1.489.591	1.715.883	226.292	15,19	*9,82*	10,90
Recursos Transferidos	*5.885.113*	*5.786.519*	*-98.594*	*-1,68*	*38,80*	*36,76*
Do Estado	4.576.432	4.532.182	-44.250	-0,97	*30,17*	28,79
Da Unión Europea	1.288.733	1.230.139	-58.594	-4,55	*8,50*	7,82
Outros	19.948	24.198	4.250	21,31	*0,13*	0,15
GASTOS	**15.168.204**	**15.740.540**	**572.336**	**3,77**	**100,00**	**100,00**
Xestión Directa	*10.825.456*	*11.169.577*	*344.121*	*3,18*	*71,37*	*70,96*
Gastos de persoal	4.898.865	5.147.121	248.256	5,07	*32,30*	32,70
Gastos de funcionamento	2.243.532	2.321.087	77.555	3,46	*14,79*	14,75
Gastos financeiros	199.822	214.277	14.455	7,23	*1,32*	1,36
Gastos en activos e pasivos financeiros	1.568.390	1.786.640	218.250	13,92	*10,34*	11,35
Investimentos	1.601.935	1.683.614	81.678	5,10	*10,56*	10,70
Fondo de continxencia	312.912	16.839	-296.073	-94,62	*2,06*	0,11
Transferencias ao sector público	*1.480.033*	*1.641.532*	*161.499*	*10,91*	*9,76*	*10,43*
A Corporacións Locais	583.769	627.327	43.558	7,46	*3,85*	3,99
A Sociedades e outros entes públ. da C.A.	871.829	991.306	119.478	13,70	*5,75*	6,30
Outros	24.435	22.899	-1.536	-6,29	*0,16*	0,15
Transferencias ao sector privado	*2.862.716*	*2.929.432*	*66.716*	*2,33*	*18,87*	*18,61*
Familias e entidades sen ánimo de lucro	1.971.339	2.041.069	69.730	3,54	*13,00*	12,97
Empresas	891.377	888.363	-3.014	-0,34	*5,88*	5,64
Total	**15.168.204**	**15.740.540**				

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Desta forma, os orzamentos consolidados recollen as contas da administración xeral e de todos as entidades instrumentais que contan cun orzamento limitativo. A supresión das duplicidades que se derivan das transferencias internas realizadas permite apreciar a verdadeira dimensión dos orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2025.



Coa elaboración da conta consolidada á que se refire o artigo 51 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado por Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, evítase a distorsión que produciría a simple agregación dos estados de gastos e ingresos da administración xeral e do resto de entidades con orzamento limitativo, xa que a maior parte do financiamento destas procede de recursos transferidos dende a Administración xeral, onde xa foi computado a súa vez como ingreso. A consolidación orzamentaria proporciona a visión máis fiel da natureza do gasto da comunidade autónoma así como unha visión global da actividade económico-financeira desta.

A esta conta consolidada, habería que engadir as entidades instrumentais con orzamento estimativo, dada a súa capacidade de xerar ingresos propios a través do sector público empresarial, particularmente activo na realización de investimentos presente unicamente nesta consolidación, a través das transferencias que se autorizan ao seu favor, e que se completa coas actividades que desenvolven as fundacións e os consorcios que forman parte do sector público autonómico.

No ano 2025, despois de deducir 6.570,4 millóns de euros de transferencias internas e gastos por encomendas que se canalizan por medio dos capítulos II, IV e VII de gastos, cara aos capítulos III, IV e VII de ingresos das entidades que consolidan, a suma de ambos orzamentos, que en termos brutos ascendería a 22.310,9 millóns de euros, queda reducida a 15.740,5 millóns en termos consolidados para 2025.

Este é, polo tanto, o orzamento total da comunidade autónoma para este exercicio, incrementándose nun 3,8% respecto ao do ano anterior.


Orixe dos Ingresos
2.000.000
4.000.000
6.000.000
8.000.000
10.000.000
Tributarios: 8.194.665
Patrimoniais: 43.473
Act. e pas. financeiros: 1.715.883
Do Estado: 4.532.182
Da U.E.: 1.230.139
Outros: 24.198
Miles de Euros


Destino dos Gastos
2.000.000
4.000.000
6.000.000
Pessoal: 5.147.121
Funcionamento: 2.321.087
Financeiros: 214.277
Act. e pas. financeiros: 1.786.640
Investimentos: 1.683.614
Fondo de contingencia: 16.839
A C.C.L.L.: 627.327
A outros entes públ. C.A.: 991.306
Outros: 22.899
Fam. e ent. sen ánimo lucro: 2.041.069
Empresas: 888.363
Miles de Euros

V.1. INGRESOS

Os ingresos non financeiros alcanzan os 14.024,7 millóns de euros nestes orzamentos, incrementándose nun 2,5% respecto aos previstos no ano 2024, como consecuencia do incremento dos ingresos correntes.

Respecto aos correntes, que representan o 90,9% dos non financeiros, aumentan o seu importe en 393 millóns de euros.

As causas fundamentais deste bo comportamento son principalmente ao incremento dos recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico que aumentan respecto ao ano 2024 en 298,7 millóns de euros.

Dentro dos tributos xestionados pola Comunidade Autónoma, destaca o incremento do Imposto de patrimonio nun 54,3%, derivado da modificación da tarifa do imposto mentres se manteña a vixencia do imposto temporal de solidariedade das grandes fortunas. Tamén se incrementa o Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados nun 9,3% e o Imposto sobre Sucesións e Doazóns nun 2%.

As transferencias correntes procedentes do Estado, increméntanse en 15,5 millóns de euros debido fundamentalmente ao aumento da fondos da dependencia. En canto aos fondos europeos o FSE+ 2021-2027 increméntase en 3,9 millóns de euros.

Orzamento consolidado de Ingresos

Distribución económica							
				Variación 2025/2024		Valor Relativo	
	Capítulos	2024	2025	Importe	%	2024	2025
I	Impostos directos	3.621.911	4.072.768	450.857	12,4	23,9	25,9
II	Impostos indirectos	3.959.235	3.931.866	-27.369	-0,7	26,1	25,0
III	Taxas, prezos e outros ingresos	176.403	190.031	13.628	7,7	1,2	1,2
IV	Transferencias correntes	4.565.152	4.511.795	-53.357	-1,2	30,1	28,7
V	Ingresos patrimoniais	26.895	36.167	9.272	34,5	0,2	0,2
OPERACIÓNS CORRENTES		**12.349.596**	**12.742.627**	**393.032**	**3,2**	**81,4**	**81,0**
VI	Alleamento de investimentos reais	9.056	7.306	-1.750	-19,3	0,1	-
VII	Transferencias de capital	1.319.961	1.274.724	-45.237	-3,4	8,7	8,1
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**1.329.017**	**1.282.030**	**-46.987**	**-3,5**	**8,8**	**8,1**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**13.678.613**	**14.024.657**	**346.045**	**2,5**	**90,2**	**89,1**
VIII	Activos financeiros	100.442	100.547	105	0,1	0,7	0,6
IX	Pasivos financeiros	1.389.149	1.615.336	226.187	16,3	9,2	10,3
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**1.489.591**	**1.715.883**	**226.292**	**15,2**	**9,8**	**10,9**
	Total	**15.168.204**	**15.740.540**	**572.336**	**3,8**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

A previsión de ingresos de capital dos capítulos VI e VII reducen o seu importe, nun 3,5%, alcanzando os 1.282 millóns de euros.

Destaca a redución dos ingresos por alleamentos de investimentos reais nun 19,3% con respecto ao ano anterior, derivada da redución do alleamento de vivendas e da venda de soares de solo industrial do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

As transferencias de capital procedentes do Estado manteñen prácticamente o mesmo importe que o ano anterior

Respecto as transferencias de capital procedentes da Unión Europea, diminúen o seu importe nun 0,4 % respecto ao ano anterior especialmente redución dos recursos do FEDER 2023-2027 en 45,9 millóns de euros.

Polo que atinxe aos ingresos financeiros, increméntanse nestes orzamentos. En canto, aos activos financeiros increméntanse nun 0,1%. En canto, aos pasivos financeiros incrementan o seu importe nun 16,3%.

Distribución do orzamento consolidado de Ingresos por Capítulo



V.2. GASTOS

Orzamento consolidado de gastos

Distribución económica							
				Variación 2025/2024		Valor Relativo	
	Capítulos	2024	2025	Importe	%	2024	2025
I	Gastos de persoal	4.898.865	5.147.121	248.256	5,1	32,3	32,7
II	Gastos en bens correntes e servizos	2.243.532	2.321.087	77.555	3,5	14,8	14,7
III	Gastos financeiros	199.822	214.277	14.455	7,2	1,3	1,4
IV	Transferencias correntes	3.101.668	3.276.964	175.296	5,7	20,4	20,8
OPERACIÓNS CORRENTES		**10.443.887**	**10.959.448**	**515.562**	**4,9**	**68,9**	**69,6**
V	Fondo de continxencia	312.912	16.839	-296.073	-94,6	2,1	0,1
VI	Investimentos reais	1.601.935	1.683.614	81.678	5,1	10,6	10,7
VII	Transferencias de capital	1.241.080	1.294.000	52.920	4,3	8,2	8,2
OPERACIÓNS DE CAPITAL		**2.843.016**	**2.977.613**	**134.598**	**4,7**	**18,7**	**18,9**
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		**13.599.815**	**13.953.901**	**354.086**	**2,6**	**89,7**	**88,6**
VIII	Activos financeiros	239.667	231.988	-7.679	-3,2	1,6	1,5
IX	Pasivos financeiros	1.328.723	1.554.652	225.929	17,0	8,8	9,9
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**1.568.390**	**1.786.640**	**218.250**	**13,9**	**10,3**	**11,4**
Total		**15.168.204**	**15.740.540**	**572.336**	**3,8**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Os créditos destinados a operacións correntes ascenden a 10.959,5 millóns de euros o que implica un incremento do 4,9%, respecto do ano 2024.

Por outro lado os créditos destinados a operacións de capital ascenden a 2.977,6 millóns de euros, o que supón un aumento do 4,7% respecto do ano anterior. Destacan os gastos da Consellería do Medio Rural e dos seus organismos dependentes, que en conxunto acadan 474,2 millóns de euros, cunha porcentaxe do total do 15,9%, os investimentos do Servizo Galego de Saúde que ascenden a 392,8 millóns de euros e os da Axencia Galega de Infraestruturas cun orzamento de 242,8 millóns de euros.

As dotacións correspondentes a operacións financeiras ascenden a 1.786,6 millóns de euros incrementándose con respecto a 2024 nun 13,9%, sendo a súa compoñente principal a constituída polo servizo da débeda pública. Dentro das atencións financeiras, o capítulo VIII ascende a 232 millóns de euros, constituído na súa meirande parte polas achegas patrimoniais á CRTVG que ascenden a 127,2 millóns de euros. Polo que se refire aos pasivos financeiros, que ascenden a 1.554,7 millóns de euros, a súa maior parte está constituída polas operacións de amortización da débeda da Administración Xeral con 1.549,5 millóns de euros. Do resto, a devolución de préstamos reintegrables do IGAPE ascenden a 1,2 millóns de euros e a da Axencia Galega de Innovación por importe de 3,5 millóns de euros.

Orzamento consolidado de gastos

Distribución orgánica

	Seccións	2024	2025	Variación 2025/2024 Importe	%	Valor Relativo 2024	2025
1	Parlamento	22.749	25.097	2.348	10,3	0,1	0,2
2	Consello de Contas	8.678	9.922	1.243	14,3	0,1	0,1
3	Consello da Cultura Galega	3.216	3.333	117	3,6	-	-
4	Presidencia da Xunta de Galicia	295.102	292.116	-2.986	-1,0	1,9	1,9
5	Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	577.267	589.450	12.183	2,1	3,8	3,7
6	Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	168.777	186.223	17.446	10,3	1,1	1,2
7	Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	2.987.854	3.046.345	58.491	2,0	19,7	19,4
8	Cons. Politica Social e Igualdade	1.221.835	1.323.145	101.310	8,3	8,1	8,4
9	Cons. Economía e Industria	290.453	369.550	79.097	27,2	1,9	2,3
10	Cons. Facenda e Administración Pública	253.690	256.010	2.320	0,9	1,7	1,6
11	Cons. Vivenda e Planif. Infraestruturas	466.541	493.563	27.021	5,8	3,1	3,1
12	Cons. Sanidade	4.937.293	5.213.466	276.173	5,6	32,6	33,1
13	Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	136.251	146.469	10.219	7,5	0,9	0,9
14	Cons. Emprego, Comercio e Emigración	494.652	494.251	-400	-0,1	3,3	3,1
15	Cons. Medio Rural	694.360	698.867	4.507	0,6	4,6	4,4
16	Cons. Mar	214.701	220.693	5.992	2,8	1,4	1,4
20	Consello Consultivo de Galicia	2.343	2.400	57	2,4	-	-
21	Transferencias a corporacións locais	158.128	168.057	9.929	6,3	1,0	1,1
22	Débeda Pública da Comunidade Autónoma	1.522.235	1.763.490	241.254	15,8	10,0	11,2
23	Gastos de diversas Consellerías	350.690	60.376	-290.314	-82,8	2,3	0,4
	Administración Xeral	**14.806.815**	**15.362.823**	**556.008**	**3,8**	**97,6**	**97,6**
5	Academia Galega de Seguridade Pública	3.631	3.668	37	1,0	-	-
6	Instituto de Estudos do Territorio	5.677	6.262	585	10,3	-	-
10	Escola Galega de Administración Pública	4.945	5.068	123	2,5	-	-
10	Instituto Galego de Estatística	5.345	5.474	129	2,4	-	-
11	Inst. Galego da Vivenda e Solo	166.715	221.301	54.586	32,7	1,1	1,4
12	Servizo Galego de Saúde	5.081.273	5.331.749	250.477	4,9	33,5	33,9
14	Inst. Galego de Consumo	7.452	7.736	283	3,8	-	-
14	Inst. Galego Seguridade e Saúde Laboral	7.638	7.846	207	2,7	0,1	-
15	Fondo Galego de Garantía Agraria	54.597	49.571	-5.026	-9,2	0,4	0,3
	Organismos Autónomos	**5.337.272**	**5.638.674**	**301.402**	**5,6**	**35,2**	**35,8**
10	Consello Económicos e Social	1.127	1.153	26	2,3	-	-
14	Consello Galego de Relacións Laborais	1.460	1.486	27	1,8	-	-
	Entidades Públicas Instrumentais de Consulta ou Asesoramento	**2.587**	**2.639**	**53**	**2,0**	**-**	**-**
4	Axencia de Turismo de Galicia	145.072	146.349	1.277	0,9	1,0	0,9
5	A. G. de Emerxencias	8.669	10.363	1.694	19,5	0,1	0,1
7	Axencia Galega de Innovacion	104.759	119.877	15.118	14,4	0,7	0,8
8	Axencia Galega de Servizos Sociais	15.020	16.477	1.457	9,7	0,1	0,1
9	Axencia Galega da Industria Forestal	17.523	20.021	2.498	14,3	0,1	0,1
9	Inst. Galego de Promoción Económica	249.166	278.479	29.314	11,8	1,6	1,8
9	Instituto Enerxético de Galicia	79.696	85.620	5.924	7,4	0,5	0,5
10	Ax. Modernización Tecnolóxica de Galicia	191.621	190.901	-720	-0,4	1,3	1,2
10	Axencia Tributaria de Galicia	19.031	20.407	1.376	7,2	0,1	0,1
11	Axencia Galega de Infraestruturas	283.620	265.136	-18.484	-6,5	1,9	1,7
12	A. G. Xestión do Coñecemento en Saúde	4.941	4.961	20	0,4	-	-
12	A. G. de Sangue, Órgagnos e Tecidos	27.260	28.487	1.227	4,5	0,2	0,2
13	Axencia Galega das Industrias Culturais	17.189	16.856	-333	-1,9	0,1	0,1
15	A. G. de Desenvolvemento Rural	63.608	55.143	-8.464	-13,3	0,4	0,4
15	Axencia Galega de Calidade Alimentaria	41.407	42.343	936	2,3	0,3	0,3
16	Inst. Tecnolóxico control do medio mariño	5.135	5.343	207	4,0	-	-
	Axencias Públicas Autonómicas	**1.273.716**	**1.306.763**	**33.046**	**2,6**	**8,4**	**8,3**
	Total orzamento bruto	21.420.390	22.310.899	890.509	4,2	141,2	141,7
	Total transferencias internas	6.252.186	6.570.358	318.172	5,1	41,2	41,7
	Total orzamento consolidado	**15.168.204**	**15.740.540**	**572.336**	**3,8**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Orzamento consolidado de gastos

Distribución Funcional							
Grupos de Funcións				Variación 2025/2024		Valor Relativo	
	Funcións	2024	2025	Importe	%	2024	2025
1	**Actuacións de carácter xeral**	**365.111**	**376.411**	**11.300**	**3,1**	**2,4**	**2,4**
11	Alta dirección da Comunidade Autónoma	45.666	49.645	3.979	8,7	0,3	0,3
12	Administración xeral	93.070	97.222	4.151	4,5	0,6	0,6
13	Xustiza	181.084	192.888	11.804	6,5	1,2	1,2
14	Administración local	20.099	22.692	2.594	12,9	0,1	0,1
15	Normalización lingüística	11.049	11.964	915	8,3	0,1	0,1
16	Procesos electorais e órganos de representación política e institucións democráticas	14.142	2.000	-12.142	-85,9	0,1	-
2	**Protección civil e seguranza cidadá**	**29.525**	**40.277**	**10.752**	**36,4**	**0,2**	**0,3**
21	Protección civil e seguridade	29.525	40.277	10.752	36,4	0,2	0,3
3	**Protección e promoción social**	**1.756.036**	**1.862.239**	**106.203**	**6,0**	**11,6**	**11,8**
31	Acción social e promoción social	1.298.179	1.406.142	107.963	8,3	8,6	8,9
32	Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	448.915	446.233	-2.682	-0,6	3,0	2,8
33	Cooperación exterior e ao desenvolvemento	8.943	9.864	922	10,3	0,1	0,1
4	**Produción de bens públicos de carácter social**	**8.513.943**	**8.912.894**	**398.951**	**4,7**	**56,1**	**56,6**
41	Sanidade	5.176.943	5.434.958	258.015	5,0	34,1	34,5
42	Educación	2.865.883	2.972.172	106.289	3,7	18,9	18,9
43	Cultura	106.693	110.006	3.313	3,1	0,7	0,7
44	Deportes	56.246	38.645	-17.601	-31,3	0,4	0,2
45	Vivenda	166.715	221.301	54.586	32,7	1,1	1,4
46	Outros servizos comunitarios e sociais	141.464	135.813	-5.651	-4,0	0,9	0,9
5	**Produción de bens públicos de carácter económico**	**1.285.564**	**1.324.624**	**39.060**	**3,0**	**8,5**	**8,4**
51	Infraestruturas	378.817	362.377	-16.440	-4,3	2,5	2,3
52	Ordenación do territorio	18.449	20.007	1.558	8,4	0,1	0,1
53	Promoción de solo para actividades económicas	5.000	11.161	6.161	123,2	-	0,1
54	Actuacións ambientais	204.222	222.268	18.046	8,8	1,3	1,4
55	Actuacións e valorización do medio rural	194.241	207.500	13.259	6,8	1,3	1,3
56	Investigación, desenvolvemento e innovación	327.244	343.736	16.493	5,0	2,2	2,2
57	Sociedade da información e do coñecemento	152.168	151.949	-219	-0,1	1,0	1,0
58	Información estatística básica	5.423	5.625	202	3,7	-	-
6	**Regulación económica de carácter xeral**	**415.739**	**138.671**	**-277.068**	**-66,6**	**2,7**	**0,9**
61	Actuacións económicas xerais	31.207	33.458	2.250	7,2	0,2	0,2
62	Actividades financeiras	384.532	105.214	-279.318	-72,6	2,5	0,7
7	**Regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial**	**1.119.531**	**1.151.246**	**31.715**	**2,8**	**7,4**	**7,3**
71	Dinamización económica do medio rural	420.606	440.025	19.419	4,6	2,8	2,8
72	Pesca	139.476	143.819	4.343	3,1	0,9	0,9
73	Industria, enerxía e minaría	127.933	125.543	-2.389	-1,9	0,8	0,8
74	Desenvolvemento empresarial	265.567	273.782	8.215	3,1	1,8	1,7
75	Comercio	20.878	21.728	850	4,1	0,1	0,1
76	Turismo	145.072	146.349	1.277	0,9	1,0	0,9
8	**Transferencias a entidades locais**	**160.520**	**170.688**	**10.168**	**6,3**	**1,1**	**1,1**
81	Transferencias a entidades locais	160.520	170.688	10.168	6,3	1,1	1,1
9	**Débeda pública**	**1.522.235**	**1.763.490**	**241.254**	**15,8**	**10,0**	**11,2**
91	Débeda pública	1.522.235	1.763.490	241.254	15,8	10,0	11,2
	Total	**15.168.204**	**15.740.540**	**572.336**	**3,8**	**100,0**	**100,0**

(Orzamento homoxeneizado e axustado 2024) (Miles de Euros)

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

1-Actuacións de carácter xeral	**376.411.171**
11-Alta dirección da Comunidade Autónoma	49.645.167
111A-Presidencia da Xunta de Galicia	6.709.836
Presidencia da Xunta de Galicia	6.709.836
111B-Actividade lexislativa	25.097.000
Parlamento	25.097.000
111C-Control externo do sector público	9.921.639
Consello de Contas	9.921.639
111D-Alto asesoramento da Comunidade Autónoma de Galicia	5.732.926
Consello da Cultura Galega	3.333.267
Consello Consultivo de Galicia	2.399.659
111E-Relacións exteriores	2.183.766
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	2.183.766
12-Administración xeral	97.221.856
121A-Dirección e servizos xerais de Administración xeral	74.486.646
Presidencia da Xunta de Galicia	2.978.540
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	71.508.106
121B-Asesoramento e defensa dos intereses da Comunidade Autónoma	3.430.860
Presidencia da Xunta de Galicia	3.430.860
121C-Relacións institucionais	970.943
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	970.943
122A-Avaliación e calidade da Administración pública	3.099.152
Cons. Facenda e Administración Pública	3.099.152
122B-Formación e perfeccionamento do persoal da Administración da C.A.	5.067.577
Escola Galega de Administración Pública	5.067.577
123A-Acción social en favor do persoal da Administración	300.000
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	300.000
124A-Dirección, modernización e xestión da función pública	9.866.678
Cons. Facenda e Administración Pública	5.007.962
Gastos de diversas Consellerías	4.858.716
13-Xustiza	192.887.615
131A-Administración de xustiza	192.887.615
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	183.750.863
Ax. Modernización Tecnolóxica de Galicia	9.136.752
14-Administración local	22.692.362
141A-Administración local	22.692.362
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	22.692.362
15-Normalización lingüística	11.964.171
151A-Fomento da lingua galega	11.964.171
Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	11.964.171
16-Procesos electorais e órganos de representación política e institucións democráticas	2.000.000
161A-Eleccións e partidos políticos	2.000.000
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	2.000.000

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

2-Protección civil e seguranza cidadá	**40.276.525**
21-Protección civil e seguridade	40.276.525
212A-Protección civil e seguridade da comunidade autónoma	40.276.525
Academia Galega de Seguridade Pública	3.668.049
A. G. de Emerxencias	10.362.982
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	26.245.494

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

3-Protección e promoción social	**1.862.239.248**
31-Acción social e promoción social	1.406.141.800
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social	97.993.788
Cons. Politica Social e Igualdade	87.289.708
Ax. Modernización Tecnolóxica de Galicia	10.704.080
312A-Protección e inserción social	89.046.511
Cons. Politica Social e Igualdade	70.802.418
Cons. Economía e Industria	18.244.093
312B-Programas de prestacións ás familias e á infancia	263.160.432
Axencia Galega de Servizos Sociais	16.476.698
Cons. Politica Social e Igualdade	246.683.734
312C-Servizos sociais relativos ás migracións	24.023.714
Cons. Politica Social e Igualdade	1.500.000
Cons. Emprego, Comercio e Emigración	22.523.714
312D-Programa de atención á dependencia	728.316.051
Cons. Politica Social e Igualdade	728.316.051
312E-Programa da autonomía persoal e prevención da dependencia para persoas con discapacidade e as persoas maiores	69.351.646
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	6.437.069
Cons. Politica Social e Igualdade	62.914.577
312F-Programas de solidariedade	2.631.194
Cons. Politica Social e Igualdade	133.334
Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	2.497.860
312G-Apoio á conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección social	9.510.410
Cons. Politica Social e Igualdade	9.510.410
313A-Servizos á xuventude	22.154.490
Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	22.154.490
313B-Accións para a igualdade, protección e promoción da muller	17.572.099
Cons. Politica Social e Igualdade	17.572.099
313C-Servizos sociais comunitarios	55.914.419
Cons. Politica Social e Igualdade	55.914.419
313D-Protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero	26.467.046
Cons. Politica Social e Igualdade	26.467.046
32-Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	446.233.067
321A-Dirección e servizos xerais de emprego	11.313.441
Cons. Emprego, Comercio e Emigración	11.313.441
322A-Mellora e fomento da empregabilidade	72.232.081
Cons. Emprego, Comercio e Emigración	72.232.081
322C-Promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo	137.924.248
Cons. Emprego, Comercio e Emigración	137.924.248
323A-Formación profesional desempregados	134.901.345
Cons. Emprego, Comercio e Emigración	134.901.345
323B-Formación profesional de ocupados	19.827.346
Cons. Emprego, Comercio e Emigración	19.827.346
324A-Mellora da organización e administración das relacións laborais e da prevención de riscos laborais	24.425.468
Cons. Emprego, Comercio e Emigración	15.094.637
Consello Galego de Relacións Laborais	1.486.362
Inst. Galego Seguridade e Saúde Laboral	7.844.469
324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo	755.520
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	755.520
324C-Promoción da economía social	44.853.618
Cons. Emprego, Comercio e Emigración	44.853.618
33-Cooperación exterior e ao desenvolvemento	9.864.381
331A-Cooperación exterior e ao desenvolvemento	9.864.381
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	9.864.381

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

4-Produción de bens públicos de carácter social	**8.912.894.160**
41-Sanidade	5.434.957.762
411A-Dirección e servizos xerais de sanidade	77.644.396
A. G. Xestión do Coñecemento en Saúde	30.000
Cons. Sanidade	14.799.566
Servizo Galego de Saúde	62.814.830
412A-Atención hospitalaria	3.480.975.054
A. G. de Sangue, Órgagnos e Tecidos	28.486.938
Servizo Galego de Saúde	3.452.488.116
412B-Atención primaria	1.668.415.331
Servizo Galego de Saúde	1.668.415.331
413A-Protección e promoción da saúde pública	123.379.448
Cons. Sanidade	104.086.547
Servizo Galego de Saúde	19.292.901
414A-Formación de graduados e posgraduados	84.543.533
A. G. Xestión do Coñecemento en Saúde	999.360
Servizo Galego de Saúde	83.544.173
42-Educación	2.972.171.814
421A-Dirección e servizos xerais de educación	42.710.024
Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	34.230.792
Ax. Modernización Tecnolóxica de Galicia	8.479.232
422A-Educación infantil, primaria e ESO	1.029.286.030
Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	1.029.286.030
422C-Ensinanzas universitarias	432.181.810
Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	432.181.810
422D-Educación especial	60.288.757
Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	60.288.757
422E-Ensinanzas artísticas	46.026.584
Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	46.026.584
422G-Ensinanzas especiais	21.953.505
Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	21.953.505
422I-Formación e perfeccionamento do profesorado	3.282.366
Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	3.282.366
422K-Ensinanzas pesqueiras	11.312.915
Cons. Mar	11.312.915
422L-Capacitación e extensión agroforestal	8.213.220
Axencia Galega de Calidade Alimentaria	8.213.220
422M-Ensinanza secundaria, formación profesional e outras ensinanzas	1.046.190.061
Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	1.045.647.295
Axencia Galega de Calidade Alimentaria	542.766
423A-Servizos e axudas complementarias da ensinanza	240.479.324
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	123.091.429
Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	117.387.895
423B-Prevención do abandono escolar	30.247.218
Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	30.247.218
43-Cultura	110.005.933
431A-Dirección e servizos xerais de cultura	11.604.867
Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	11.604.867
432A-Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais	30.138.248
Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	30.138.248
432B-Fomento das actividades culturais	46.102.994
Axencia Galega das Industrias Culturais	16.855.712
Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	29.247.282
433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural	22.159.824
Cons. Cultura, Lingua e Xuventude	22.159.824
44-Deportes	38.644.901
441A-Promoción da actividade deportiva	38.644.901
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	38.644.901
45-Vivenda	221.300.508
451A-Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda	68.273.147
Inst. Galego da Vivenda e Solo	68.273.147
451B-Acceso á vivenda	153.027.361
Inst. Galego da Vivenda e Solo	153.027.361
46-Outros servizos comunitarios e sociais	135.813.242
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social	6.001.442
Presidencia da Xunta de Galicia	6.001.442

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

461B-Radiodifusión e TVG	129.811.800
Presidencia da Xunta de Galicia	129.811.800

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

5-Produción de bens públicos de carácter económico	**1.324.624.071**
51-Infraestruturas	362.377.075
511A-Dirección e servizos xerais de Territorio e Infraestruturas	7.339.158
Cons. Vivenda e Planif. Infraestruturas	7.339.158
512A-Ordenación e inspección do transporte	87.096.450
Cons. Presidencia, Xustiza e Deportes	87.096.450
512B-Construción, conservación e explotación de estradas	244.499.429
Axencia Galega de Infraestruturas	244.499.429
513A-Construción, conservación e explotación portuaria	12.292.038
Cons. Mar	12.292.038
514A-Infraestruturas pesqueiras	11.150.000
Cons. Mar	11.150.000
52-Ordenación do territorio	20.007.107
521A-Urbanismo	20.007.107
Cons. Vivenda e Planif. Infraestruturas	20.007.107
53-Promoción de solo para actividades económicas	11.161.022
531A-Promoción de solo para actividades económicas	11.161.022
Cons. Economía e Industria	11.161.022
54-Actuacións ambientais	222.268.348
541A-Dirección e servizos xerais de medio ambiente	11.421.174
Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	11.421.174
541B-Conservación da biodiversidade e posta en valor do medio natural	48.541.866
Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	48.541.866
541C-Protección, control técnico-sanitario dos produtos do mar, mellora do medio natural mariño e salvamento marítimo	36.039.196
Cons. Mar	30.697.380
Inst. Tecnolóxico control do medio mariño	5.341.816
541D-Control ambiental e xestión de residuos	52.683.420
Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	52.683.420
541E-Coñecemento do medio ambiente e fomento da sustentabilidade	24.629.176
Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	18.366.831
Instituto de Estudos do Territorio	6.262.345
542A-Planificación e xestión hidrolóxica	48.953.516
Cons. Medio Ambiente e Cambio Climático	48.953.516
55-Actuacións e valorización do medio rural	207.500.044
551A-Infraestruturas e equipamentos no medio rural	25.911.659
Cons. Medio Rural	25.911.659
551B-Accións preventivas e infraestrutura forestal	181.588.385
Cons. Medio Rural	181.588.385
56-Investigación, desenvolvemento e innovación	343.736.267
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	214.075.036
Axencia Galega de Innovacion	119.876.993
Cons. Economía e Industria	17.863.011
Inst. Galego de Promoción Económica	46.786.851
Axencia Galega de Calidade Alimentaria	23.381.642
Cons. Mar	6.165.539
Inst. Tecnolóxico control do medio mariño	1.000
561B-Investigación universitaria	106.363.145
Cons. Educación, Ciencia, Univ. e FP	106.363.145
561C-Investigación sanitaria	23.298.086
A. G. Xestión do Coñecemento en Saúde	3.931.721
Servizo Galego de Saúde	19.366.365
57-Sociedade da información e do coñecemento	151.949.060
571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento	151.949.060
Ax. Modernización Tecnolóxica de Galicia	151.949.060
58-Información estatística básica	5.625.148
581A-Elaboración e difusión estatística	5.625.148
Instituto Galego de Estatística	5.474.008
Inst. Galego Seguridade e Saúde Laboral	1.140
Axencia Galega de Calidade Alimentaria	150.000

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

6-Regulación económica de carácter xeral	**138.671.109**
61-Actuacións económicas xerais	33.457.548
611A-Dirección e servizos xerais de facenda	17.101.690
Ax. Modernización Tecnolóxica de Galicia	10.631.963
Cons. Facenda e Administración Pública	5.316.601
Consello Económicos e Social	1.153.126
612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica	8.620.126
Cons. Facenda e Administración Pública	8.620.126
613A-Ordenación, información e defensa do consumidor e da competencia	7.735.732
Inst. Galego de Consumo	7.735.732
62-Actividades financeiras	105.213.561
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control	99.774.191
Axencia Tributaria de Galicia	20.407.012
Cons. Facenda e Administración Pública	12.005.366
Axencia Galega de Infraestruturas	20.636.401
Gastos de diversas Consellerías	46.725.412
621B-Imprevistos e funcións non clasificadas	5.439.370
Gastos de diversas Consellerías	5.439.370

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

7-Regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial	**1.151.246.436**
71-Dinamización económica do medio rural	440.024.876
711A-Dirección e servizos xerais do medio rural	35.451.465
Cons. Medio Rural	35.451.465
712A-Fixación de poboación no medio rural	55.864.279
A. G. de Desenvolvemento Rural	55.143.379
Gastos de diversas Consellerías	720.900
712B-Modernización e diversificación do tecido produtivo rural	137.500.331
Cons. Medio Rural	98.647.278
Fondo Galego de Garantía Agraria	38.853.053
712C-Fomento do asociacionismo agrario e divulgación da tecnoloxía agraria	700.000
Cons. Medio Rural	700.000
713B-Ordenación das producións forestais	86.570.314
Cons. Medio Rural	86.570.314
713C-Implantación de sistemas produtivos agrarios sustentables	15.177.628
Cons. Medio Rural	15.177.628
713D-Mellora da calidade na produción agroalimentaria	21.180.968
Axencia Galega de Calidade Alimentaria	10.055.451
Cons. Medio Rural	11.125.517
713E-Benestar animal e sanidade vexetal	76.366.985
Cons. Medio Rural	76.366.985
713F-Regulación das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores	11.212.906
Cons. Medio Rural	494.865
Fondo Galego de Garantía Agraria	10.718.041
72-Pesca	143.819.265
721A-Dirección e servizos xerais de políticas pesqueiras	12.242.396
Cons. Mar	12.242.396
722A-Promoción social e divulgación da tecnoloxía pesqueira	3.418.825
Cons. Mar	3.418.825
723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura	66.744.590
Cons. Mar	66.744.590
723B-Regulación das producións e dos mercados da pesca	40.993.454
Cons. Mar	40.993.454
723C-Desenvolvemento sostible das zoas de pesca	20.420.000
Cons. Mar	20.420.000
73-Industria, enerxía e minaría	125.543.487
731A-Dirección e servizos xerais de industria	8.682.989
Cons. Economía e Industria	8.682.989
732A-Regulación e soporte da actividade industrial	19.517.921
Cons. Economía e Industria	19.517.921
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables	90.036.263
Cons. Economía e Industria	5.416.668
Instituto Enerxético de Galicia	84.619.595
734A-Fomento da minaría	7.306.314
Cons. Economía e Industria	7.306.314
74-Desenvolvemento empresarial	273.782.182
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial	273.782.182
Axencia Galega da Industria Forestal	20.021.207
Inst. Galego de Promoción Económica	231.692.554
Cons. Medio Rural	22.068.421
75-Comercio	21.727.845
751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia	21.727.845
Cons. Emprego, Comercio e Emigración	21.727.845
76-Turismo	146.348.781
761A-Potenciación e promoción do turismo	146.348.781
Axencia de Turismo de Galicia	146.348.781

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

8-Transferencias a entidades locais	**170.688.272**
81-Transferencias a entidades locais	170.688.272
811B-Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos da C. A.	168.056.605
Transferencias a corporacións locais	168.056.605
811C-Outros soportes financeiros ás entidades locais	2.631.667
Gastos de diversas Consellerías	2.631.667

Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

9-Débeda pública	**1.763.489.507**
91-Débeda pública	1.763.489.507
911A-Amortización e gastos financeiros da débeda pública	1.763.489.507
Débeda Pública da Comunidade Autónoma	1.763.489.507

A CONTA FINANCEIRA

O texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, establece que os orzamentos xerais da comunidade autónoma teñen que presentarse e aprobarse en equilibrio, de forma que os créditos autorizados non superen os recursos previstos nos respectivos estados de ingresos.

Os pasos dados ata chegar a esa situación de equilibrio póñense de manifesto mediante a interrelación das grandes magnitudes orzamentarias analizadas na conta financeira, que a través de diversos saldos como son o aforro corrente, formación de capital, capacidade ou necesidade de financiamento e o endebedamento neto, facilitan unha información moi básica, pero ao mesmo tempo precisa, sobre o alcance e composición dos orzamentos.

No ano 2025 o aforro por operacións correntes decae ata os 1.783,2 millóns de euros motivado pola suba que experimentan os ingresos correntes derivado dos axustes nas entregas a conta e liquidación do ano 2023 do sistema de financiación autonómico.

Os ingresos por operacións de capital con 1.282 millóns de euros reducen o seu importe nun 3,5 % respecto ao ano anterior motivado principalmente polos axustes no sistema de financiación autonómica no ano 2024. O gasto de capital dos capítulos VI e VII ascende a 2.977,7 millóns de euros, incrementándose nun 4,9% respecto aos orzamentos de 2024. Finánciase, en parte, cos ingresos por operacións de capital, polo que o saldo resultante determina unha formación de capital de 1.695,6 millóns de euros, que financiada co aforro por operacións correntes e xunto co fondo de continxencia, determina unha capacidade de financiamento de 70,8 millóns de euros, reducíndose en 8 millóns de euros respecto ao ano anterior, no cal a capacidade de financiamento era de 78,8 millóns de euros.

A diferenza entre as atencións e os recursos, dentro das operacións financeiras, determinan igualmente unha capacidade de financiamento de 70,8 millóns de euros.

O endebedamento neto, obtido como diferenza entre os capítulos IX de ingresos e gastos alcanza os 60,9 millóns de euros. Este endebedamento neto financia unha parte dos activos financeiros, que alcanza os 131,4 millóns de euros.

Conta Financeira

Operacións Correntes	2024 *	2025	Var. 2025/2024* Importe	%
Ingresos	12.349.596	12.742.627	393.032	3,2
Impostos directos	3.621.911	4.072.768	450.857	12,4
Impostos indirectos	3.959.235	3.931.866	-27.369	-0,7
Taxas, prezos e outros ingresos	176.403	190.031	13.628	7,7
Transferencias correntes	4.565.152	4.511.795	-53.357	-1,2
Ingresos patrimoniais	26.895	36.167	9.272	34,5
Gastos	10.443.887	10.959.448	515.562	4,9
Gastos de persoal	4.898.865	5.147.121	248.256	5,1
Gastos en bens correntes e servizos	2.243.532	2.321.087	77.555	3,5
Gastos financeiros	199.822	214.277	14.455	7,2
Transferencias correntes	3.101.668	3.276.964	175.296	5,7
Aforro bruto	**1.905.709**	**1.783.179**	**-122.530**	**-6,4**

Operacións de Capital	2024 *	2025	Var. 2025/2024* Importe	%
Ingresos	1.329.017	1.282.030	-46.987	-3,5
Alleamento de investimentos reais	9.056	7.306	-1.750	-19,3
Transferencias de capital	1.319.961	1.274.724	-45.237	-3,4
Gastos	2.843.016	2.977.613	134.598	4,7
Investimentos reais	1.601.935	1.684.114	82.178	5,1
Transferencias de capital	1.241.080	1.293.500	52.420	4,2
Formación de Capital	**1.513.999**	**1.695.583**	**181.585**	**12,0**
Fondo de continxencia	312.912	16.839	-296.073	-94,6
Necesidade(-)/Capacidade (+) de Financiamento	**78.798**	**70.757**	**-8.042**	**-10,2**

Operacións Financeiras	2024 *	2025	Var. 2025/2024* Importe	%
Atencións	1.568.390	1.786.640	218.250	13,9
Activos financeiros	239.667	231.988	-7.679	-3,2
Pasivos financeiros	1.328.723	1.554.652	225.929	17,0
Recursos	1.489.591	1.715.883	226.292	15,2
Activos financeiros	100.442	100.547	105	0,1
Endebedamento bruto	1.389.149	1.615.336	226.187	16,3
Necesidade(-)/Capacidade (+) de Financiamento	**78.798**	**70.757**	**-8.042**	**-10,2**

** (Orzamento Homoxeneizado e Axustado) (Miles de Euros)*

Endebedamento Neto	2024*	2025	Var. 2025/2024* Importe	%
Endebedamento bruto	1.389.149	1.615.336	226.187	16,3
Amortizacións	1.328.723	1.554.652	225.929	17,0
Endebedamento Neto	**60.427**	**60.684**	**258**	**0,4**

Destino Endebedamento Neto	2024*	2025	Var. 2025/2024 Importe	%
Endebedamento que financia activos financeiros	60.427	60.684	258	0,4
Resto Endebedamento Neto	0	0	0	#¡DIV/0!
Endebedamento Neto	**60.427**	**60.684**	**258**	**0,4**

Operacións Financeiras	2024 *	2025	Var. 2025/2024* Importe	%
Atencións	**1.567.586**	**1.786.640**	**219.054**	**14,0**
Activos financeiros	238.863	231.988	-6.875	-2,9
Prestamos e avais a empresas IGAPE	95.750	95.750	0	0,0
Activos financeiros Innovación	1.584	1.584	0	0,0
Activos financeiros Medio Rural	0	0		
Resto Activos financeiros	141.529	134.654	-6.875	-4,9
Pasivos financeiros	1.328.723	1.554.652	225.929	17,0
Amortización débeda IGAPE	1.160	1.160	0	0,0
Outras devolucións de préstamos	4.627	4.002	-625	-13,5
Amortización débeda financeira	1.322.935	1.549.490	226.554	17,1
Recursos	**1.489.591**	**1.715.883**	**226.292**	**15,2**
Activos financeiros	100.442	100.547	105	0,1
Reintegro empresas préstamos IGAPE	17.000	17.000	0	0,0
Reintegro subvencións reintegrables	1.115	2.804	1.689	151,5
Fondos financeiroa IGAPE	79.910	79.910		
Outros ingresos de activos financeiros	82.327	833	-81.494	-99,0
Endebedamento bruto	1.389.149	1.615.336	226.187	16,3
Débeda financeira da C. Autónoma	1.389.149	1.615.336	226.187	16,3
Necesidade(-)/Capacidade (+) de Financiamento	**77.994**	**70.757**	**-7.238**	**-9,3**

** (Orzamento Homoxeneizado e Axustado) (Miles de Euros)*

ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL

Memoria I

VI. ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL

O artigo 4.1 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia supedita a política orzamentaria dos distintos axentes que integran o sector público autonómico ao cumprimento estrito do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Este precepto ven a concretar o mandato xeral recollido na normativa básica que rexe a actividade económico financeira da comunidade autónoma, artigo 3 da Lei de estabilidade orzamentaria e artigo 46 da Lei de réxime financeiro da comunidade autónoma, que consagra a elaboración do orzamento ao mantemento da estabilidade orzamentaria.

Tamén a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade Financeira, establece no seu artigo 27 que "os orzamentos de cada administración pública acompañaranse da información precisa para relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento calculada conforme ás normas do sistema europeo de contas nacionais e rexionais".

Enténdese por estabilidade orzamentaria, aplicable a todos os entes que integran o sector público autonómico agás os sinalados no parágrafo seguinte, a situación de equilibrio ou de superávit estrutural, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (en diante, SEC-2010), e nas condicións establecidas para cada unha das Administracións públicas.

Así mesmo, os entes e sociedades mercantís que pertenzan ao sector público autonómico e non se financien maioritariamente con achegas da Xunta de Galicia deberán elaborar, aprobar e executar os seus orzamentos nunha posición de equilibrio financeiro.

O SEC-2010 é un sistema de Contabilidade Nacional e constitúe un marco contable comparable a escala internacional, coa finalidade de realizar unha descrición sistemática e polo miúdo dunha economía no seu conxunto, das súas compoñentes e das súas relacións con outras economías.

O SEC-2010 non é daquela un sistema directamente aplicable ao orzamento das administracións públicas nin á contabilidade patrimonial de partida dobre. Pero si que deberá empregarse para poder definir a capacidade de financiamento e, por tanto, débese atender aos seus criterios para calculala.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria debe cumprirse tanto na fase de elaboración e aprobación do orzamento como na fase da súa execución. É por isto polo que o proceso de orzamentación debe planificarse non só en termos de contabilidade orzamentaria, senón tamén en termos de contabilidade nacional.

Isto significa que deben terse en conta por anticipado na elaboración dos orzamentos os axustes positivos e negativos que se estima experimentarán os ingresos e os gastos pola aplicación de criterios SEC-2010, obtendo, como se comentou anteriormente, o límite de gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional. Pretender o equilibrio en termos de estabilidade a partires da simple igualdade dos capítulos non financeiros do orzamento, sen ter en conta a priori os axustes que provocan, nos ingresos e nos gastos, os criterios de contabilidade nacional é abocarse á incertidume do resultado da liquidación neses mesmos termos.

Existen dous grandes grupos de criterios que caracterizan o SEC fronte ao orzamento administrativo:

- Un primeiro grupo de criterios que explican a delimitación do sector público e permiten, por tanto, clasificar, ou non, os entes nos que participa a Xunta de Galicia dentro do sector público autonómico (e polo tanto, dentro do perímetro de consolidación en termos SEC). Estes criterios aparecen descritos no apartado de ámbito subxectivo de cada lei de orzamentos da comunidade autónoma.
- Un segundo grupo, son os criterios estritamente contables para calcular a capacidade ou necesidade de financiamento. Estes, a efectos prácticos, derivan nunha serie de axustes a realizar sobre a contabilidade orzamentaria ou administrativa co fin de reflectir a capacidade ou necesidade de financiamento dun sector. De seguido descríbense os que se tiveron en conta para expresar o resultado orzamentario en termos de contabilidade nacional:

AXUSTES DE CONTABILIDADE NACIONAL

Os axustes tidos en conta para a elaboración do orzamento foron os seguintes:

- Outras unidades consideradas AAPP: axuste pola diferenza entre os importes que a administración central e a seguridade social contabilizan como obrigas a favor da comunidade autónoma e os importes contabilizados como dereitos recoñecidos por esta. Soen ser importes que se recadan a principios de exercicio e que se recoñeceron como obrigas no exercicio precedente polas administracións pagadoras. Igualmente recóllense aquí as achegas de capital xa que se consideran gasto non financeiro os importes das achegas de capital realizadas a entidades do sector público autonómico. A máis importante é a da CRTVG para compensar perdas. Tamén se consideran gasto as achegas a Fundacións do sector público autonómico.

- Recadación incerta: diferenza entre o importe dos dereitos recoñecidos nos capítulos I a III do orzamento de ingresos e o importe recadado en ditos capítulos, tanto en corrente como en exercicios anteriores.

- Intereses devindicados: no orzamento os intereses rexístranse no exercicio no que se produce o seu vencemento, mentres que o criterio de contabilidade nacional determina a imputación ao exercicio dos intereses devindicados no mesmo.

- Axustes por execución de avais: recolle o importe das contías avaladas pola comunidade autónoma, declarados falidos e que se pagan por unha aplicación do capítulo VIII.

- Estradas por concesión: en contabilidade nacional as estradas por concesión son gasto no intre en que o concesionario realiza o investimento, polo que a medida que, unha vez terminada a estrada, a Xunta paga o correspondente canon mediante o que se amortiza, realízase un axuste positivo ao ser un gasto xa computado.

- E, por último, como maior ingreso recóllese o axuste debido ao pago da anualidade das contías aprazadas polas liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009.

De seguido recóllese un estado descritivo dos cálculos do orzamento en termos de contabilidade nacional e o resultado coma porcentaxe do PIB estimado para Galicia, así como a súa comparativa co exercicio anterior.

Igualmente, aos efectos de calcular o PIB nominal relevante para o cálculo da necesidade máxima de financiamento da comunidade autónoma, aplícanse as instrucións do Ministerio de Facenda que parten do último PIB rexional de Galicia estimado polo INE, ao que se lle aplican os crecementos do PIB nominal do cadro macroeconómico presentado polo Estado.

En base a esta metodoloxía a Comunidade Autónoma de Galicia non recorrerá ao endebedamento como fonte de financiamento por segundo ano consecutivo.

ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL	2024 *	2025	Var. 2025/2024* Importe	%
Ingresos Correntes	12.350	12.743	393	3,2
Gastos Correntes	10.444	10.959	516	4,9
AFORRO BRUTO ORZAMENTARIO	1.906	1.783	-123	-6,4
Fondo de continxencia	313	17	-296	-94,6
Ingresos de Capital	1.329	1.282	-47	-3,5
Gastos de Capital	2.843	2.978	135	4,7
GASTOS DE OPERACIÓNS DE CAPITAL	-1.514	-1.696	-182	12,0
DÉFICIT ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO	**79**	**71**	**-8**	**-10,2**
Liquidacións negativas sistema	85	85	0	0,0
Outras unidades consideradas aapp	-125	-117	8	-6,4
Recadación incerta	-48	-48	0	0,0
Intereses devindicados				
Outros axustes	9	9	0	0,0
TOTAL AXUSTES CONTABILIDADE NACIONAL	-79	-71	8	-10,1
NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	**0**	**0**	**0**	**0,0**

*** (Orzamento Homoxeneizado e Axustado) (Miles de Euros)**

	2024	2025
% PIB Galicia	0,0	0,0
PIB Galicia estimado	79.836	82.215

ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

VII. ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma a potestade para constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que son da súa competencia. Esa autorización deriva do recoñecemento explícito da iniciativa pública na actividade económica que aparece recollido no artigo 128 da Constitución, e rompe co principio de subsidiariedade da iniciativa pública, que supeditaba a creación de empresas públicas á falta da iniciativa privada. Por tanto, a súa razón de ser hai que buscala no carácter de servizo público da actividade que desenvolven, no interese xeral que, para o conxunto da sociedade, supón a súa actuación ou por outras razóns, ben de oportunidade ou conveniencia, que xustifican a súa creación.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as entidades públicas empresariais.

As entidades públicas empresariais son entes instrumentais aos que se lles encomenda a realización, consonte criterios de xestión empresarial, de actividades prestacionais, de xestión de servizos públicos ou de produción de bens de interese público susceptibles de contraprestación. A súa organización e o seu réxime xurídico interno regúlanse polo dereito administrativo e o seu réxime xurídico externo, polo dereito privado, excepto no exercicio das potestades administrativas que teñan atribuídas e nos aspectos especificamente previstos en normas con rango de lei. En todo caso, actuarán baixo o control e a dependencia, ou tutela, da Administración xeral de Galicia, ou doutra entidade instrumental integrante do sector público autonómico.

A Resolución de 9 de xullo do ano 2024, da Dirección xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, pola que se establecen os formatos da documentación a remitir polos entes públicos empresariais, sociedades mercantís, fundacións e consorcios do Sector Público Autonómico, ao abeiro da Orde do 17 de xuño de 2024, pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, establece os formatos que deberán empregar as entidades públicas empresariais para remitir a súa documentación orzamentaria, co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás entidades públicas empresariais son os recollidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, aprobado pola Orde do 28 de novembro de 2001, xunto cun cadro de estado de fluxos de efectivo adaptado ás súas peculiaridades.

Na formulación do programa de actuacións, investimentos e financiamento (PAIF), que estes entes deben presentar, deberán ter en conta os obxectivos considerados no Plan estratéxico de Galicia e nos plans xerais, sectoriais e transversais que os poidan afectar e, en concreto, os

obxectivos que recolla o programa orzamentario consolidado que conteña, se é o caso, as transferencias correntes e de capital para financiar as actividades e os proxectos do ente.

A continuación preséntanse os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais para o ano 2025, así como as transferencias da Comunidade Autónoma con que se financian.

Entidades públicas empresariais

	Explotación	Capital
Portos de Galicia	20.450	14.604
Augas de Galicia	44.167	99.632
Total	**64.617**	**114.235**

(Miles de Euros)

Entidades públicas empresariais

	Subvenciones de explotación	Subvenciones de capital
Portos de Galicia	0	12.292
Augas de Galicia	0	48.954
TOTAL	**0**	**61.246**

(Miles de Euros)

CONSORCIOS AUTONÓMICOS

Memoria I

VIII. CONSORCIOS AUTONÓMICOS

A Lei 3/2009, do 23 de xuño, pola que se modifica o artigo 48 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, inclúe, dentro do ámbito dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, os orzamentos dos consorcios nos que concorran os requisitos determinados polo Sistema Europeo de Contas para integrarse no sector da administración pública autonómica de Galicia.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan os consorcios.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia pode constituír, mediante convenio, consorcios con outras administracións públicas para a xestión de servizos da súa competencia ou para a consecución de fins de interese común, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrentes cos da Xunta de Galicia, para a realización destes.

Teñen a consideración de consorcios autonómicos aqueles consorcios nos que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, directamente ou a través das entidades instrumentais reguladas na Lei 16/2010, achega maioritariamente os medios necesarios para a súa constitución e funcionamento ou se comprometese, no momento da súa constitución, a financialos maioritariamente, sempre que a actuación dos seus órganos de dirección e goberno estea suxeita ao poder de decisión da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutra entidade instrumental do sector público autonómico.

Os consorcios autonómicos son entidades instrumentais da Administración xeral da Comunidade Autónoma dotadas de personalidade xurídica propia, que suxeitan a súa actividade ás normas que rexen a organización, o funcionamento e a actuación das administracións públicas, así como ao establecido no seu convenio de creación e no seu estatuto.

A Resolución de 9 de xullo do ano 2024, da Dirección xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, pola que se establecen os formatos da documentación a remitir polos entes públicos empresariais, sociedades mercantís, fundacións e consorcios do Sector Público Autonómico, ao abeiro da Orde do 17 de xuño de 2024, pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, establece os formatos que deberán empregar as entidades públicas empresariais para remitir a súa documentación orzamentaria, co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos consorcios son os recollidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, aprobado pola Orde do 28 de novembro de 2001, así como os principios e normas de contabilidade pública.

A continuación, preséntanse os orzamentos de explotación e capital dos consorcios para o ano 2025:

Consorcios autonómicos

	Explotación	Capital
Axencia Protección Legalidade Urbanística	4.185	1.163
Cons. Galego Serv. Igualdade e Benestar	111.011	10.060
Cons. Axe. Calidade Sisteme Universit.	1.535	16
Cons. Extenxión Universit. e Divulg. Amb.	785	23
Cons. Rede abast. Auga en Cervo e Burela	386	
Cons. Casco Vello de Vigo	503	1.634
Cons. Local dos Peares	74	2
Total	**118.478**	**12.898**

(Miles de Euros)

SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

Memoria I

IX. SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma a potestade para constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que son da súa competencia. Esa autorización deriva do recoñecemento explícito da iniciativa pública na actividade económica, que aparece recollido no artigo 128 da Constitución, e rompe co principio de subsidiariedade da iniciativa pública, que supeditaba a creación de empresas públicas á falta da iniciativa privada. Por tanto, a súa razón de ser hai que buscala no carácter de servizo público da actividade que desenvolven, no interese xeral que para o conxunto da sociedade supón a súa actuación ou por outras razóns, ben de oportunidade ou conveniencia, que xustifican a súa creación.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as sociedades mercantís públicas. Segundo o artigo 102 da citada lei, son sociedades mercantís públicas autonómicas as sociedades mercantís, calquera que sexa a forma que adopten, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas nesa lei. Ademais, seranlles aplicables as disposicións contidas na Lei 16/2010 ás sociedades mercantís que, sen ter a natureza de sociedades mercantís autonómicas, se atopen nalgún dos seguintes supostos:

a) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais reguladas nesta lei dispoñan da maioría dos dereitos de voto na sociedade, ben directamente, ben mediante acordos con outros socios.
b) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ou as entidades instrumentais reguladas nesta lei, teñan dereito a nomear ou a separar á maioría dos membros dos órganos de goberno da sociedade, ben directamente ben, mediante acordos con outros socios.

A Resolución de 9 de xullo do ano 2024, da Dirección xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, pola que se establecen os formatos da documentación a remitir polos entes públicos empresariais, sociedades mercantís, fundacións e consorcios do Sector Público Autonómico, ao abeiro da Orde do 17 de xuño de 2024, pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, establece os formatos que deberán empregar as entidades públicas empresariais para remitir a súa documentación orzamentaria, co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás sociedades mercantís públicas son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, é dicir,

presentarán os modelos que establece o Plan Xeral de Contabilidade, aprobado por Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro.

A continuación, preséntanse os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas para o ano 2025, así como as transferencias da Comunidade Autónoma con que se financian.

Sociedades mercantís públicas autonómicas

	Explotación	Capital
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	12.077	406
Soc. Pública de Investimentos de Galicia	3.877	1.520
SODIGA Galicia, Soc. de capital risco	775	
Xesgalicia, Soc.Xest.Ent. Capital Risco	2.953	25
Galicia Calidade, S.A.U.	1.354	
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	3.016	570
Soc. Anónima de xestión do Plan Xacobeo	8.324	
Emp. Públ. de Servizos Agrarios Galegos	27.550	960
Xenética Fontao, S.A.	4.369	334
GALARIA Empr. Públ. de Servizos Sanitarios	18.601	3.214
Soc. Galega de Medio Ambiente, S.A.	131.639	20.840
XESTUR Galicia	39.278	20
Corporación Radio Televisión de Galicia	125.283	10.450
Total	**379.096**	**38.339**

(Miles de Euros)

Sociedades mercantís públicas autonómicas

	Subvenciones de explotación	Subvenciones de capital
Soc. Pública de Investimentos de Galicia	0	9.231
Galicia Calidade, S.A.U.	496	660
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	775	895
Soc. Anónima de xestión do Plan Xacobeo	5.308	0
Emp. Públ. de Servizos Agrarios Galegos	0	7.750
Xenética Fontao, S.A.	150	0
GALARIA Empr. Públ. de Servizos Sanitarios	19.053	0
Soc. Galega de Medio Ambiente, S.A.	0	21.120
XESTUR Galicia	876	10.285
Corporación Radio Televisión de Galicia	0	250
TOTAL	**26.658**	**50.190**

(Miles de Euros)

FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

Memoria I

X. FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

O Estatuto de Autonomía de Galicia, na alínea 26 do artigo 27, confire á Xunta de Galicia a competencia exclusiva en materia de fundacións de interese galego.

A Constitución Española, no artigo 34.1, recoñece o dereito de fundación para fins de interese xeral de conformidade coa lei.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as fundacións do sector público. Neste senso, o artigo 113 da citada lei define como fundacións do sector público autonómico aquelas fundacións nas que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que se constitúan, directa ou indirectamente, cunha achega maioritaria ou exclusiva da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou das entidades integrantes do sector público autonómico.
- Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.
- Que os seus ingresos proveñan maioritariamente dos orzamentos da Comunidade Autónoma sempre que, neste caso, se posúa a maioría ou se exerza control análogo sobre os seus órganos de goberno e dirección.

A Resolución de 9 de xullo do ano 2024, da Dirección xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, pola que se establecen os formatos da documentación a remitir polos entes públicos empresariais, sociedades mercantís, fundacións e consorcios do Sector Público Autonómico, ao abeiro da Orde do 17 de xuño de 2024, pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, establece os formatos que deberán empregar as entidades públicas empresariais para remitir a súa documentación orzamentaria, co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás fundacións son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, recollida no Real decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativas.

A continuación, preséntanse os orzamentos de explotación e capital das fundacións para o ano 2025:

Fundacións do sector público autonómico

	Explotación	Capital
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	1.419	
Fund. Públ. Cidade da Cultura de Galicia	10.775	4.250
Fund. Públ. Urxencias Sanit. Galicia 061	98.901	
Fund. de Medicina Xenómica	8.520	1.723
Fundación Galicia Europa	925	5
Fund. para a tutela de persoas adultas	2.291	4
Fundación Semana Verde de Galicia	3.761	
Fund. Públ. Artesanía de Galicia	1.218	2
Fund. Centro Supercomputación Galicia	5.987	48.614
Fundación Exposicións e Congresos A Estrada	202	
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	784	46
Fundación feiras e Exposicións de Ourense	1.476	21
Inst. Feiral de A Coruña	659	
Inst. Feiral De Vigo	1.212	60
Fund. Centro Tecnolóxico da Carne	2.148	256
Fundación Deporte Galego	5.044	10
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	4.476	
Fundación Galega Formación para o Traballo	698	3
Fundación Camilo José Cela	378	
Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica (INIBIC)	10.265	627
Fund. Instit. Invest. Sanitaria Santiago	25.596	1.200
Fund. Museo do Mar	1.187	
Fundación Biomédica Galicia Sur	8.869	850
Fundación C.T. do Granito de Galicia	332	
Total	**197.123**	**57.671**

(Miles de Euros)

DATOS CONSOLIDADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

XI. DATOS CONSOLIDADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustenibilidade financeira, establece o ámbito subxectivo do sector público de acordo ca definición e delimitación do Sistema Europeo de contas Nacionais e Rexionais, entre o que se inclúe ás Comunidades Autónomas; tamén se considera sector público ao resto das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público dependentes daquela. Dentro do ámbito normativo da Comunidade Autónoma está en vigor a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, que tamén será de aplicación en todo o que non contraveña o disposto na Lei orgánica.

Respecto aos diferentes tipos de entidades que integran os orzamentos sectorizados da comunidade autónoma, destacan dous grandes agrupacións:

1. Entidades con orzamentos limitativos: a administración xeral, os organismos autónomos, as entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e as axencias públicas autonómicas.
2. Entidades con orzamentos estimativos: os consorcios autonómicos, as sociedades públicas mercantís, entidades públicas empresariais e fundacións do sector público autonómico.

A continuación, recóllese os estados consolidados do orzamento, tanto de ingresos como de gastos, do sector público autonómico para o ano 2025.

Orzamento de ingresos do sector público autonómico 2025

Capítulos	ADMINISTRACIÓN XERAL	OOAA E ENTIDADES CONSULTA OU ASES.	AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS	TOTAL BRUTO	TRANSF. INTERNAS	CONSOLIDADO	FUNDACIÓNS PÚBLICAS	CONSORCIOS AUTONÓMICOS	ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS	SOCIEDADES MERCANTÍS	TOTAL	TRANSF. INTERNAS	CONSOLIDADO
I	4.072.768			4.072.768		4.072.768					4.072.768		4.072.768
II	3.931.866			3.931.866		3.931.866					3.931.866		3.931.866
III	108.384	67.129	40.346	215.858	25.827	190.031	50.861	16.455	107.368	213.191	577.907	25.035	552.871
IV	4.357.608	4.930.153	190.330	9.478.091	4.966.296	4.511.795	149.125	103.093	0	26.997	4.791.010	235.139	4.555.871
V	23.514	8.709	3.943	36.167		36.167	1.364	285	675	3.649	42.140		42.140
Correntes	**12.494.140**	**5.005.991**	**234.620**	**17.734.751**	**4.992.123**	**12.742.627**	**201.350**	**119.833**	**108.043**	**243.838**	**13.415.691**	**260.174**	**13.155.517**
VI	150	7.050	106	7.306		7.306	0	1.486	0	702	9.494		9.494
VII	1.250.250	627.583	975.127	2.852.959	1.578.235	1.274.724	55.730	10.060	66.173	22.827	1.429.514	168.957	1.260.556
Capital	**1.250.400**	**634.633**	**975.233**	**2.860.265**	**1.578.235**	**1.282.030**	**55.730**	**11.546**	**66.173**	**23.528**	**1.439.008**	**168.957**	**1.270.050**
VIII	2.947	690	96.910	100.547		100.547	1.075	1	4.636	14.393	120.652	137.721	-17.069
IX	1.615.336			1.615.336		1.615.336	1.558	0	0	179.328	1.796.222		1.796.222
Financeiros	**1.618.283**	**690**	**96.910**	**1.715.883**	**0**	**1.715.883**	**2.633**	**1**	**4.636**	**193.721**	**1.916.874**	**137.721**	**1.779.153**
TOTAL	**15.362.823**	**5.641.314**	**1.306.763**	**22.310.899**	**6.570.358**	**15.740.540**	**259.712**	**131.380**	**178.852**	**461.087**	**16.771.573**	**566.852**	**16.204.720**

ORZAMENTO LIMITATIVO	ORZAMENTO ESTIMATIVO	ORZAMENTO CONSOLIDADO

(Miles de Euros)

Orzamento de gastos do sector público autonómico 2025

Capítulos	ADMINISTRACIÓN XERAL	OOAA E ENTIDADES CONSULTA OU ASES.	AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS	TOTAL BRUTO	TRANSF. INTERNAS	CONSOLIDADO	FUNDACIÓNS PÚBLICAS	CONSORCIOS AUTONÓMICOS	ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS	SOCIEDADES MERCANTÍS	TOTAL	TRANSF. INTERNAS	CONSOLIDADO
I	2.643.805	2.359.341	143.974	5.147.121		5.147.121	67.640	75.237	17.096	93.376	5.400.470		5.400.470
II	717.223	1.574.095	55.596	2.346.914	25.827	2.321.087	125.029	43.188	46.631	283.039	2.818.974		2.818.974
III	214.110	3	163	214.277		214.277	158	0	205	2.681	217.321		217.321
IV	7.152.537	1.061.152	29.571	8.243.260	4.966.296	3.276.964	4.295	52	685	0	3.281.996	235.139	3.046.857
Correntes	**10.727.675**	**4.994.591**	**229.305**	**15.951.571**	**4.992.123**	**10.959.448**	**197.123**	**118.478**	**64.617**	**379.096**	**11.718.761**	**235.139**	**11.483.623**
V	5.439	11.400		16.839		16.839					**16.839**		**16.839**
VI	646.363	530.974	506.777	1.684.114		1.684.114	57.671	3.138	107.469	38.339	1.890.730	25.168	1.865.561
VII	2.299.995	103.059	468.681	2.871.735	1.578.235	1.293.500	0	9.760	6.766	0	1.310.026	179.057	1.130.969
Capital	**2.946.358**	**634.033**	**975.459**	**4.555.849**	**1.578.235**	**2.977.613**	**57.671**	**12.898**	**114.235**	**38.339**	**3.200.756**	**204.225**	**2.996.531**
VIII	133.364	1.290	97.334	231.988		231.988	4.533	5	0	14.230	250.756	127.621	123.135
IX	1.549.987		4.665	1.554.652		1.554.652	386	0	0	29.423	1.584.460		1.584.460
Financeiros	**1.683.351**	**1.290**	**101.999**	**1.786.640**	**0**	**1.786.640**	**4.919**	**5**	**0**	**43.652**	**1.835.216**	**127.621**	**1.707.595**
TOTAL	**15.362.823**	**5.641.314**	**1.306.763**	**22.310.899**	**6.570.358**	**15.740.540**	**259.712**	**131.380**	**178.852**	**461.087**	**16.771.573**	**566.985**	**16.204.588**
	ORZAMENTO LIMITATIVO						ORZAMENTO ESTIMATIVO				ORZAMENTO CONSOLIDADO		

(Miles de Euros)

O MARCO XURÍDICO E ECONÓMICO. COMENTARIOS AO TEXTO ARTICULADO

XII. O MARCO XURÍDICO E ECONÓMICO. COMENTARIOS AO TEXTO ARTICULADO

XII.1. LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2025

I

A Lei de Orzamentos para o exercicio 2025 presenta o marco de actuación, con expresión cifrada, conxunta e sistemática da política económica do goberno, que responde aos retos socioeconómicos actuais e aos obxectivos de desenvolvemento estratéxico de Galicia. No contexto dun escenario macroeconómico aínda marcado polos efectos das crises anteriores e polas incertezas xeopolíticas globais, estes orzamentos procuran reforzar o crecemento económico sustentable, mellorar o benestar social e fortalecer as infraestruturas produtivas e os servizos públicos da Comunidade Autónoma.

O contexto económico da economía mundial continúa a enfrontar desafíos derivados do aumento dos custos enerxéticos, das políticas monetarias restritivas e do enfraquecemento da demanda global. Aínda que a inflación amosa sinais de desaceleración, segue sendo unha preocupación central nas economías desenvolvidas. No caso da zona euro, prevese un crecemento moderado para 2025, cunha taxa estimada do 1,5%, impulsada pola recuperación gradual da demanda interna e o reequilibrio das cadeas de subministración globais.

A economía galega está a mostrar unha forte resiliencia malia o proceso inflacionario dos últimos anos, que, debido as características da poboación galega, incidiu con máis forza en Galicia que no resto de España. No ano 2023 a economía medrou un 1,8%. A boa evolución da economía durante o 2024 fixo que revisasemos a previsión inicial de crecemento elvandoa ata o 2,3%. Para o ano 2025 espérase un crecemento do PIB do 2,1%, mantendo unha tendencia positiva baseada na recuperación dos sectores industrial e servizos, o impulso do investimento público e privado, así como no bo comportamento do saldo do sector exterior. No ano 2025 seguirase a consolidar esta senda económica, encadeando así cinco anos de crecemento sostible, no que produtividade do traballo está a medrar mais que no resto de España, e no que a taxa de desemprego seguirá baixando ata o 9,1%.

Neste contexto, superado o período extraordinario da pandemia e os efectos da guerra de Ucraína, retomáronse as regras fiscais do marco de gobernanza económica da UE. Coa actualización do marco de gobernanza económica de abril de 2024 trátase de garantir unhas finanzas públicas saneadas e sostibles, fortalecer a supervisión e coordinación fiscal, e fomentar o crecemento por medio de reformas e investimentos que contribúan ás prioridades da UE de construír un futuro dixital, ecolóxico e máis resiliente, reforzando ao mesmo tempo o apoio á súa competitividade e a autonomía estratéxica.

As novas regras fiscais establecen, pois, límites máis estritos para o déficit orzamentario e a débeda pública, e o cumprimento da senda de gasto neto tórnase indispensable para todos os países membros da UE.

Por tanto, os Orzamentos do 2025 están enmarcados no retorno as regras fiscais, onde a sustentabilidade das finanzas públicas é unha prioridade. A Comunidade Autónoma ten dentro dos seus obxectivos estratéxicos garantir a sustentabilidade das finanzas públicas a medio e longo prazo, polo que o cumprimento das regras fiscais constitúe unha prioridade para a Administración. Segundo os últimos datos publicados polo Banco de España, no último ano Galicia reduciu a súa débeda ata o 15,7% do PIB, a máis baixa desde o 2012, sendo 6 puntos inferior á da media de comunidades. Galicia foi ao peche de 2023 a quinta comunidade autónoma de réxime común con menor relación débeda/PIB. Ademais, a débeda por habitante sitúase na Comunidade galega nos 4.496 euros fronte aos 6.711 euros da media de comunidades.

O 29 de xullo de 2024, o Consello da Xunta acordou o límite máximo de gasto non-financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, ao cal se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, modificado polo artigo 92 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Este acordo establece o límite do gasto non financeiro para o Proxecto de lei dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025 en 13.954 millóns de euros cifra mais alta da historia da comunidade, que reflicte a vontade do goberno de garantir a estabilidade orzamentaria ao tempo que se reforzan os principais servizos públicos e investimentos estratéxicos.

Neste contexto, unhas finanzas públicas saneadas e dispor dunha planificación rigorosa a medio prazo constitúen a base sólida para acadar os obxectivos establecidos e poder afrontar os retos e necesidades do futuro para seguir a mellorar o nivel de benestar da poboación. No 2024 recuperouse o equilibrio orzamentario por primeira vez en 16 anos, mellorando a eficiencia do gasto público e a recadación, o que permitiu deixar de recorrer ao endebedamento.

Nos orzamentos para 2025, que incorporan o enfoque de obxectivos e resultados do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030, destaca a programación e execución dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia priorizando os investimentos que permitan dar cumprimento aos fitos e obxectivos previstos, a orzamentación da programación 21-27 de Fondos de Cohesión, que logo dun primeiro ano de implantación se prevé que se orienten a unha anualidade financeira teórica tanto os fondos de cohesión como os sectoriais, o pulo aos programas de vivenda pública, reforzo dos programas de gasto sanitario, con prioridade do Plan de infraestruturas sanitarias e os investimentos en novas tecnoloxías sanitarias para garantir unha atención sanitaria pública de calidade.

Un dos piares fundamentais destes orzamentos é a mellora e modernización das prestacións do Sistema Galego de Benestar, garantindo unha atención de calidade para as persoas maiores,

os colectivos máis vulnerables e a poboación rural, ao tempo que se reforzan os recursos destinados a dependencia, inclusión social e protección da infancia.

O investimento en sanidade pública incrementará un 4,1% respecto ao ano anterior, con especial atención á mellora das infraestruturas hospitalarias e á dixitalización dos servizos de saúde.

No eido educativo, os orzamentos apostan pola modernización das infraestruturas escolares, o fomento da formación profesional e o apoio á educación dixital, cun incremento do 4,9% nos recursos destinados a estas áreas.

Os orzamentos para 2025 prevén un investimento histórico en Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+i), con medidas para a creación de novas tecnoloxías, a mellora dos procesos produtivos, o avance do coñecemento, e melloras na cualificación do emprego que en conxunto repercutirán nunha maior competitividade económica e benestar social.

O impulso da competitividade das empresas galegas tamén será unha prioridade, fomentando a dixitalización, a internacionalización e desenvolvendo medidas de apoio para a implantación de tecnoloxías avanzadas nos procesos produtivos, con especial enfase no sectores estratéxicos para a economía galega.

Para facer fronte ao desafío demográfico, os orzamentos inclúen medidas concretas de apoio ao retorno de emigrantes e ao asentamento da poboación nova no rural, a través da Estratexia Retorna 2025. Este plan contempla incentivos fiscais e sociais para familias e empresas que aposten polo rural, así como programas específicos para o desenvolvemento de infraestruturas locais e o impulso do sector primario.

A Lei de Orzamentos do 2025 consolida, por tanto, o compromiso de Galicia co crecemento económico sostible e co reforzo das políticas sociais, ao tempo que asegura a sustentabilidade das finanzas públicas. Cun límite de gasto non financeiro de case 14.000 millóns de euros, estes orzamentos reflicten a ambición de seguir avanzando cara a un futuro máis xusto, inclusivo e próspero para toda a cidadanía galega.

II

Na parte dispositiva, a lei estrutúrase en seis títulos, dezasete disposicións adicionais, tres disposicións transitorias e tres disposicións derradeiras.

A parte esencial da Lei dos orzamentos recóllese no título I, relativo á aprobación dos orzamentos iniciais e ao réxime das modificacións de crédito, por canto no seu capítulo I, baixo a rúbrica «Aprobación dos créditos iniciais e do seu financiamento», se aproban os ingresos e os gastos que compoñen os orzamentos da Comunidade Autónoma, integrados polos da Administración xeral, os dos organismos autónomos, os correspondentes ás entidades públicas instru-

mentais de asesoramento e consulta –que, para os efectos orzamentarios, teñen a consideración de organismos autónomos–, os das axencias públicas autonómicas, os das entidades públicas empresariais, os dos consorcios autonómicos, os das sociedades mercantís e os das fundacións.

Neste capítulo I defínese o ámbito dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a tipoloxía das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico previstas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Dentro deste capítulo detállanse os beneficios fiscais que afectan os tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado e sinálase, así mesmo, o importe das subvencións reguladoras consideradas na normativa de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Finalmente, dentro dos artigos especificamente destinados aos orzamentos das entidades instrumentais, autorízanse as dotacións iniciais das subvencións de explotación e de capital ás entidades públicas empresariais e ás sociedades mercantís.

O capítulo II deste título, «Réxime xeral das modificacións orzamentarias», regula os principios e as competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias, as regras de vinculación que afectan os créditos orzamentarios, a determinación dos que teñen a natureza de créditos ampliables, entre os que se inclúen os créditos destinados ao pagamento das vacinas, e as limitacións aplicables ás transferencias de créditos.

O título II, relativo aos «Gastos de persoal», estrutúrase en catro capítulos.

O capítulo I, dedicado aos gastos do persoal ao servizo do sector público, establece a evolución da masa salarial fixando que non poderá experimentar ningún incremento con respecto a vixente no 31 de decembro de 2024, en termos homoxéneos, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á súa antigüidade. Así mesmo, recolle que para o ano 2025 só se poderá proceder, no sector público, á incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e aos requisitos establecidos na normativa básica estatal. No resto do capítulo regúlase a contratación de persoal laboral temporal, de persoal funcionario interino e de persoal vinculado ás encomendas de xestión ou ás encargas a medios propios.

O capítulo II, baixo a rúbrica «Dos réximes retributivos», establece as retribucións dos altos cargos e outro persoal directivo, así como as das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior, que non experimentarán incremento respecto das vixentes no 31 de decembro de 2024. Igualmente, no que atinxe o persoal funcionario, o persoal laboral, o persoal ao servizo das institucións sanitarias e mais o persoal dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza, aquelas manteranse nas contías vixentes no 31 de decembro de 2024.

Todo isto sen prexuízo do establecido na disposición adicional oitava, que establece que as retribucións do persoal do sector público previstas para o ano 2025 serán obxecto de adecuación ao previsto no capítulo II do Real Decreto-lei 4/2024, de 26 de xuño, polo que se prorrogan determinadas medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos con-

flitos de Ucraina e oriente Próximo e se adoptan medidas urxentes en materia fiscal, enerxética e social, e habilita, a Consellería competente en materia de facenda, a levar a cabo as xestións necesarias para facer efectivo calquera outro aumento, no seu límite máximo, no momento, en ambos casos, en que se habiliten pola normativa básica do Estado.

O capítulo III, dedicado a «Outras disposicións en materia de réxime de persoal activo», recolle que para o ano 2025 as relacións de postos de traballo deberán modificarse para as axustar ás previsións orzamentarias que se deduzan do anexo de persoal, sen que se poidan prover aqueles postos para os cales non estea prevista unha dotación, e, ademais, que no anexo de persoal non poderán existir códigos de liñas orzamentarias que non amparen créditos para dotacións de postos de traballo, para substitucións de persoal temporal ou para conceptos retributivos. O resto do capítulo regula os requisitos para a determinación ou a modificación das retribucións do persoal laboral e non-funcionario, o persoal directivo das entidades instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma, o nomeamento do profesorado interino a tempo parcial en centros docentes non-universitarios, os profesores e as profesoras de corpos docentes e o persoal eventual e de gabinete.

O capítulo IV, dedicado ás «Universidades», fixa o límite máximo dos custos do persoal das tres universidades públicas galegas, as retribucións adicionais do persoal ao seu servizo e a obriga de comunicar mensualmente a provisión de persoal laboral temporal para cubrir necesidades docentes urxentes e inaprazables. Alén diso, establécese que as universidades públicas galegas poderán aplicar a taxa de reposición prevista na normativa básica estatal, con respecto das disponibilidades orzamentarias dotadas no capítulo I.

O título III, «Operacións de endebedamento e garantía», estrutúrase en dous capítulos, relativos ás operacións de crédito e ao afianzamento por aval.

No primeiro destes capítulos establécese que para o ano 2025 a posición neta debedora da Comunidade Autónoma non poderá incrementarse. Tamén se regulan neste capítulo as operacións de débeda de tesouraría, a formalización doutras operacións financeiras e o endebedamento das entidades instrumentais do sector público. No tocante ao endebedamento das entidades instrumentais do sector público, a única excepción refírese ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), na cal se recolle a posibilidade, para os préstamos directos, de que se poidan formalizar entre as entidades financeiras e os adxudicatarios ou as adxudicatarias que, estando en réxime de alugamento, decidan adquirir as vivendas que foron cedidas en uso ao IGVS e para as execucións de hipotecas de vivendas de promoción pública da adxudicación ou cesión de remate delas a prol do IGVS.

No capítulo II, relativo ao «Afianzamento por aval», en canto ao apoio financeiro aos proxectos empresariais, mantense para o 2025 a contía máxima dos avais que pode conceder o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), cun importe que non supere o saldo efectivo vixente de cincocentos millóns de euros. Así mesmo, incorpórase a autorización relativa á concesión de avais para a articulación dos instrumentos financeiros incluídos no Programa de

desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 e no Plan estratéxico da Política agraria común de España (PEPAC) 2023-2027, cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader). Tamén se recolle a autorización ao Instituto Galego da Vivenda e Solo para a concesión de avais por un importe máximo de cinco millóns de euros, con destino á compra da primeira vivenda por persoas menores de trinta e seis anos e cun límite máximo do vinte por cento do prezo de compravenda.

No título IV, «Xestión orzamentaria», mantéñense os preceptos relativos á intervención limitada, á fiscalización das operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma, á fiscalización dos nomeamentos ou dos contratos de substitución do persoal, á identificación dos proxectos de investimento, á autorización do Consello da Xunta para a tramitación de determinados expedientes de gasto, á regulación das transferencias de financiamento, ás subvencións nominativas, á concesión directa de axudas e subvencións, á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma para determinados supostos, ao pagamento mensual de axudas e subvencións que se conceden a persoas físicas para financiar estudos de investigación, ao informe preceptivo e vinculante da Consellería de Facenda e Administración Pública, que, sen prexuízo da análise de risco que realice o xestor, determina os efectos sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nos préstamos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, e mais aos expedientes de dotación artística e ao módulo económico de distribución de fondos públicos para o sostemento de centros concertados. Neste establécese a posibilidade da aceptación por parte da Administración autonómica de pagamentos á conta para as retribucións do persoal docente do colectivo de empresas do ensino privado, desde o 1 de xaneiro ata o momento en que se asinen as táboas salariais para o ano 2025.

O título V, dedicado ás «Corporacións locais», estrutúrase en dous capítulos.

O primeiro deles, dedicado ao financiamento e á cooperación con estas entidades, detalla as transferencias que lles corresponden como consecuencia de convenios e subvencións, así como a participación dos concellos nos tributos da Comunidade Autónoma a través do Fondo de Cooperación Local.

O conxunto de achegas realizadas aos concellos no ano 2025 acadará o importe de 626 millóns de euros, a cantidade máis elevada da serie histórica.

Como novidade para o ano 2025 procédese a incrementar a dotación do Fondo Base en 5.400.000 euros pero para repartir soamente entre os concellos con poboación de dereito inferior a 15.000 habitantes, segundo os datos oficiais de poboación á data da aprobación polo Consello da Xunta do proxecto de lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, co obxectivo de reforzar o financiamento dos concellos máis pequenos.

Estes concellos son os que teñen máis problemas para prestar aos seus cidadáns os servizos públicos locais en condicións de igualdade aos concellos máis grandes, principalmente porque non poden beneficiarse de economías de escala na súa prestación.

Por tanto, a maior parte do incremento do Fondo de cooperación local, como consecuencia da maior recadación dos capítulos I, II e III da Administración xeral, adícase a incrementar o Fondo Base no canto de incrementar o Fondo adicional.

Establécese tamén, neste capítulo, o sistema de distribución entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e os concellos para o Fondo Base, de maneira que estes participan no mesmo segundo o coeficiente de repartición que lles correspondeu no ano 2011. O importe do Fondo Base que soamente se reparte entre os concellos de menos de 15.000 habitantes se repartirá cos mesmos coeficientes pero sen ter en conta os dos concellos que teñan máis poboación.

Porén, no ano 2025, as entregas á conta do Fondo Base e do Fondo Adicional increméntanse respecto ao ano 2024 por riba do incremento do gasto non financeiro total da Xunta de Galicia, un 4%, como consecuencia do incremento dos capítulos I, II e III dos ingresos da Administración xeral no orzamento do ano 2025 respecto do inicial do ano pasado.

O Fondo Adicional repartirase no ano 2025 conforme o acordo da Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local. Entre os criterios aprobados para a repartición destacan os concellos con institucións penitenciarias no seu termo municipal, os concellos de menos de 50.000 habitantes que teñen que asumir os gastos de funcionamento dos centros de saúde da súa titularidade, as prazas en conservatorios municipais de grao medio, os concellos resultantes dun proceso de fusión en cumprimento do sinalado na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, os concellos que teñen que asumir o financiamento dos servizos de emerxencia de carácter supramunicipal, para os concellos de menos de 15.000 habitantes que realicen actuacións de mellora da eficiencia enerxética das infraestruturas municipais, para investimentos en infraestruturas municipais que supoñan un desenvolvemento estratéxico desde o punto de vista económico, social ou territorial.

Dentro do fondo adicional crease un subfondo destinado a todos os concellos para compensar os custos derivados da xestión de residuos urbanos.

O capítulo II deste título regula o procedemento de compensación e retención de débedas dos concellos contra os créditos que lles corresponden pola súa participación no Fondo de Cooperación Local. Debido ao carácter recorrente dos ditos artigos, sen apenas variacións nos últimos anos, adóptase a decisión de outorgarlles vixencia indefinida e non anual como ocorría ata o de agora.

No título VI, relativo ás «Normas tributarias», inclúese un único precepto para establecer os criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada e o canon eólico.

O contido desta Lei de orzamentos complétase coas disposicións adicionais, transitorias e derradeiras referidas, nas cales se recollen uns preceptos de índole moi variada.

As disposicións adicionais regulan, entre outras materias, a información ao Parlamento; o orzamento inicial das axencias públicas autonómicas e os requisitos de creación; a autorización de orzamentos en entidades instrumentais de nova creación; as normas para a remisión de información económico-financeira e o control desta, coa finalidade de recoller as obrigas en relación co inventario das entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e, doutra banda, para adaptar as normas sobre a competencia da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia á normativa vixente, en relación coas axencias e cos consorcios adscritos á Comunidade Autónoma que deben auditar as súas contas anuais; a venda de solo residencial por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo; as retribucións dos consellos de administración; as prestacións extraordinarias para as persoas beneficiarias de pensións e subsidios non-contributivos, e, no relativo aos gastos de persoal, a autorización para a modificación dos cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde, as medidas en relación co V Convenio colectivo único para o persoal laboral, e no caso dos centros concertados recóllense as normas dos módulos económicos e, ademais, no suposto de que se recolla nunha disposición un incremento nos módulos estatais para a distribución dos fondos públicos para o sostemento dos centros concertados, aplicarase o mesmo incremento na nosa comunidade. Tamén se regulan as contías das axudas directas destinadas a paliar a pobreza enerxética en consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social.

Regúlase, ademais, o dereito a percibir unha axuda económica de mil douscentos euros, a razón de cen euros mensuais, a través da Tarxeta Benvida para todas as familias que esperen o nacemento ou teñan unha filla ou un fillo ou adopten un neno ou unha nena menor dun ano no 2025. Adicionalmente, para aquelas familias con renda igual ou inferior a vinte e dous mil euros, a axuda ampliarase no segundo ano de vida e ata que a nena ou o neno cumpra tres anos, ou ata que se cumpran tres anos do ditado da correspondente resolución para os supostos de adopción ou garda con fins adoptivos. A contía das axudas para as familias con estas rendas será de seiscentos euros por ano, a razón de cincuenta euros por mes, se o fillo ou a filla que dá dereito á axuda é o primeiro; de mil douscentos euros por ano, a razón de cen euros por mes, se a filla ou o fillo que dá dereito á axuda é o segundo, e de dous mil catrocentos euros por ano, a razón de douscentos euros por mes, se o fillo ou a filla que dá dereito á axuda é o terceiro ou sucesivos. Para as familias que residan no rural e para as que teñan a terceira filla ou o terceiro fillo e sucesivos, a axuda incrementarase nas condicións que estableza a Consellería de Política Social e Igualdade.

E unha das disposicións adicionais tamén establece un mecanismo para axilizar a xestión orzamentaria ao habilitar a Consellería de Facenda e Administración Pública para efectuar determinadas modificacións orzamentarias.

As disposicións transitorias regulan o Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria que xa se prevía na Lei de orzamentos do ano 2024 e o mantemento do Mecanismo de garantía de investimentos públicos.

As tres últimas disposicións finais regulan o desenvolvemento, a vixencia e a entrada en vigor da lei.

XII.2. MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS DE ACOMPAÑAMENTO PREVISTAS PARA A SÚA ENTRADA EN VIGOR NO ANO 2025

I

Os orzamentos requiren, para a súa completa aplicación, a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que, pola súa natureza, deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais senón en leis específicas. O debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Constitucional, que configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa de que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos en que desenvolve a súa acción. Desde esta perspectiva, tendo presente a actividade que desenvolve a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos obxectivos se expoñen na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025, e co obxecto de contribuír a unha maior eficacia e eficiencia destes, esta lei contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúan á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola comunidade autónoma a través da execución orzamentaria. Este é o fin dunha norma cuxo contido esencial o constitúen as medidas de natureza tributaria, aínda que se incorporan outras de carácter administrativo.

II

A estrutura desta lei divídese en dous títulos: o primeiro dedicado ás medidas fiscais e o segundo, ás de carácter administrativo.

O título I, relativo ás medidas fiscais, está dividido en dous capítulos.

O capítulo I introduce medidas en materia de tributos cedidos.

Na liña xa iniciada no ano 2016 co obxecto de alixeirar a carga tributaria nas sucesións entre persoas parentes directas e a do 2019 que a estendera aos irmáns e irmás, modifícase a redución aplicable no imposto sobre sucesións ás persoas parentes do grupo III mediante a elevación e unificación do importe da redución para todas as persoas parentes deste grupo (irmás e irmáns,

tías e tíos, sobriñas e sobriños, sogras e sogros, cuñadas e cuñados e noras e xenros), aumentándoo ata 25.000 euros, de xeito que calquera sucesión entre estas persoas parentes de ata ese importe non vai tributar polo imposto sobre sucesións, favorecendo a transmisión entre xeracións.

Contémplanse tres medidas fiscais en materia de vivenda, dirixidas a incentivar a posta no mercado de vivendas e a posibilitar a promoción de 2.300 vivendas de promoción pública, en execución do compromiso do goberno galego de duplicar o parque público de vivenda.

Así, en primeiro lugar, equipárase a adquisición de locais comerciais con destino final de uso como vivenda, co propio concepto de vivenda, para os efectos da aplicación dos tipos bonificados aplicables á súa adquisición sempre que se presente, nun prazo máximo de catro anos, comunicación previa de primeira ocupación.

En segundo lugar, na modalidade de actos xurídicos documentados, introdúcese para o Instituto Galego de Vivenda e Solo e as entidades participadas maioritariamente polo dito organismo, unha bonificación na cota do 100% para actos e negocios que forman parte do proceso construtor das vivendas de promoción pública, como as adquisicións de solo residencial, os actos de agrupación, agregación, segregación e división, a declaración de obra nova e división horizontal, as vendas de solo público residencial, os actos relativos ás garantías pactadas en favor das ditas entidades, así como os préstamos hipotecarios que poidan solicitar. Esta modificación resulta fundamental para poder levar a cabo a promoción de vivenda de promoción pública reducindo os tributos que afectan aos actos necesarios para dita promoción.

E, por outra banda, en consonancia co compromiso do goberno galego en materia de vivenda e co fin de incentivar a promoción e posta no mercado de vivendas en alugueiro, na modalidade de actos xurídicos documentados, amplíase o ámbito obxectivo da bonificación do 75% para as operacións de adquisición, dereitos reais de garantía e rehabilitación de edificios destinados a vivendas de aluguer.

Efectúanse así mesmo distintas precisións técnicas no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, fundamentalmente coa finalidade de actualizar a súa redacción consonte coa normativa vixente.

O capítulo II, relativo aos tributos propios, só está integrado por un precepto, sobre as taxas, no cal, por unha banda, se establece que os tipos das taxas de contía fixa non experimentarán ningunha actualización respecto ás contías exixibles no momento da entrada en vigor desta lei e, por outra banda, se introducen diversas modificacións na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, consistentes tanto na creación de novas taxas como na modificación ou eliminación dalgunhas vixentes.

Pola súa banda, o título II divídese en XVI capítulos.

No capítulo I, de medidas de fomento en materia de turismo sustentable, a lei prevé, como medida fiscal para impulsar o turismo sustentable, a creación do imposto sobre estadías turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, como tributo indirecto, instantáneo e propio da comunidade autónoma. O imposto gravará a especial capacidade económica das persoas físicas posta de manifesto pola súa estadía en calquera establecemento turístico situado no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Prevese que os concellos poderán establecer de forma voluntaria, en execución da súa autonomía municipal, unha recarga sobre o imposto autonómico ás estadías turísticas, cuxos ingresos estarán afectados cando menos nun 80% a investimentos e gastos vinculados á promoción, impulso, protección, fomento e desenvolvemento do turismo sustentable.

No capítulo II, dedicado ás medidas en materia de telecomunicacións e audiovisuais de Galicia, suprímese o Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia. Este órgano, creado en 1995, ten actualmente escasa funcionalidade debido, entre outras cousas, á súa configuración cunha composición en canto aos seus membros hoxe superada, unido a que gran parte das materias sobre as que se exercen as funcións asesora e consultiva - audiovisual e sobre todo as telecomunicacións- foron evolucionando cara a outros sectores relacionados coa sociedade da información e as novas tecnoloxías, o que desaconsella o seu mantemento tal e como está conformado actualmente. En coherencia con esta medida e por seguridade xurídica, modifícanse e derróganse unha serie de normas xurídicas que contiñan referencias ao mesmo.

O capítulo III, dedicado á enerxía eólica, aborda unha modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Así, ademais doutras modificacións puntuais actualízase a regulación do Plan sectorial eólico de Galicia, como instrumento de ordenación do territorio que ten por obxecto ordenar e regular a implantación territorial de todas as infraestruturas e instalacións necesarias para o aproveitamento da enerxía renovable eólica en Galicia.

O plan sectorial pretende, entre outros extremos, promover e impulsar o despregamento e desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia, como enerxía renovable, tendo en conta o seu papel esencial no cumprimento dos obxectivos de redución das emisións netas de gases de efecto invernadoiro e de neutralidade climática da Unión Europea.

Así mesmo, a súa finalidade é a de promover os beneficios sociais e económicos derivados do aproveitamento das enerxías renovables en Galicia, mediante a creación de novos postos de traballo sustentables, a modernización e o desenvolvemento económicos, o desenvolvemento de ecosistemas industriais e o fomento das industrias locais.

Outra das finalidades do plan é a de contribuír á redución de custos da enerxía e a redución da dependencia enerxética das persoas consumidoras locais e industriais das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos, fomentando a constitución de comunidades de enerxías renovables e reducindo a dependencia e pobreza enerxéticas, así como a garantir, en xeral, a

dispoñibilidade dunha parte da enerxía xerada polos parques eólicos por parte das consumidoras e consumidores galegos con prezos estables a medio e longo prazo, evitando a variabilidade dos custos enerxéticos.

Dentro do contido do plan, recóllese a obriga dos/as titulares das autorizacións de cumprir as condicións e requisitos que sexan en cada momento aplicables para reducir o impacto da implantación e desenvolvemento das actividades no medio ambiente, de acordo coas normas de calidade ambiental esixibles.

En conexión con esta materia, introdúcese unha disposición adicional na Lei 8/2009, do 22 de decembro, que regula actuacións dirixidas á repotenciación de parques eólicos para reducir o seu impacto no territorio e no medio ambiente. Así, decláranse de interese xeral as actuacións de repotenciación de parques eólicos de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia que consistan na redución do número de aeroxeradores e a súa substitución por outros máis capaces ou eficientes, manténdose a potencia autorizada no proxecto. As actuacións de repotenciación serán obrigatorias para todos os titulares das autorizacións existentes no momento da entrada en vigor desta disposición, de acordo co establecido na norma. As actuacións de repotenciación buscarán a máxima redución posible do número de aeroxeradores en funcionamento, procurándose unha redución como mínimo á cuarta parte dos existentes, salvo que as condicións e valores ambientais do emprazamento desaconsellen a instalación de aeroxeradores do tamaño que permita alcanzar a devandita porcentaxe. A autorización do proxecto de repotenciación implicará a obriga de proceder ao desmantelamento dos aeroxeradores obsoletos nos termos que se determinen, así e como á restitución ambiental dos terreos que non resulten necesarios para a explotación.

Así mesmo, introdúcense na Lei 8/2009, do 22 de decembro, unhas determinadas disposicións co obxecto de dar cumprimento ás modificacións efectuadas na Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables. Estas disposicións refírense, en primeiro lugar, á elaboración dunha base de datos cartográfica relativa ao despregamento da enerxía renovable eólica, a fin de determinar o potencial doméstico e as zonas terrestres dispoñibles para a instalación de parques eólicos, as súas infraestruturas de evacuación e de rede. Así mesmo, regúlanse as Zonas de aceleración renovable eólica, instrumentos específicos de planificación, para a designación de zonas terrestres nas que non se prevexa que o despregamento da enerxía eólica vaia ter un impacto ambiental significativo. A súa designación requirirá a tramitación dunha avaliación ambiental estratéxica. Tamén se prevé que será de aplicación o establecido na Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, en canto ao procedemento de concesión de autorizacións en zonas de aceleración renovable eólica.

No capítulo IV, de mobilidade, procédese a unha modificación da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, no relativo á integración tarifaria e de información do sistema de transporte público de Galicia. Compleméntase esta regulación para amparar actuacións orientadas á implantación de sistemas baseados en conta (ABT), que

achegan gran facilidade de uso ás persoas usuarias e unha flexibilidade á Administración e aos operadores de transporte á hora de establecer novas modalidades de pagamento. Habilítase así ao órgano autonómico competente en materia de transportes para concretar as condicións de uso destes sistemas. Regúlase así mesmo un mecanismo de participación dos colectivos sociais, empresas e administracións, integradas todas elas no Consello Galego de Transportes.

O capítulo V establece medidas en materia de medio ambiente.

Por unha banda, modifícase a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, fundamentalmente de cara á introdución dun coeficiente que gradúe a cota do canon da auga por perdas nas redes de abastecemento para os vindeiros anos 2025 a 2028.

A Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario, creou un gravame ás perdas de auga que se produzan nas redes de abastecemento cando supoñan máis do vinte por cento da auga captada. Porén, as dificultades técnicas para identificar correctamente os puntos de perda de auga e administrativas e económicas para abordar en moitos casos os investimentos precisos, fan que a porcentaxe de perdas siga de momento nun valor medio elevado e que os concellos máis afectados sexan os máis pequenos e con menos recursos. Para evitar incrementar os gastos que teñen estes concellos, prevese a exención do pagamento do gravame durante dous anos máis e a súa bonificación nun 50% o ano seguinte, considerando que non están convenientemente acompasadas as obrigas recollidas na lei e os prazos concedidos pola mesma para a súa implementación, tal e como se constata da experiencia da xestión do ciclo da auga polos axentes interesados.

Asemade, modifícase a Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, coa finalidade de reducir os efectos negativos da xeración e xestión dos residuos na saúde humana e no medio ambiente. Neste senso poderase establecer un canon unitario de tratamento por tonelada de contía reducida de ata o 15% respecto do vixente no ano anterior, ao fin de favorecer a implantación de medidas orientadas a incentivar a recollida selectiva de residuos urbanos e a redución do lixo convencional, fomentando a reciclaxe de envases lixeiros e/ou biorresiduos.

Realízanse puntuais modificacións na Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia. Así, no que atinxe ao réxime de regulación aplicable nos terreos cinexéticos nos que non se teña aprobado o correspondente plan de ordenación ao comezo da tempada, garantindo a súa continuidade temporal en determinadas condicións. Igualmente, amplíase o período de vixencia da licencia de caza ao colectivo de persoas maiores de 65 anos, que pasa a ser indefinido. E finalmente, amplíase o prazo de duración dos procedementos administrativos sancionadores.

Introdúcense precisións, na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, para adaptala á recente normativa básica estatal, excluíndo aos establecementos veterinarios da consideración de núcleos zoolóxicos de animais de compañía,

en aras de garantir a homoxeneización e a seguridade xurídica na aplicación da norma, así como simplificar o seu coñecemento polas persoas profesionais e a cidadanía.

Modifícase a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, co obxecto de axilizar o procedemento de aprobación dos instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos, mediante a simplificación dos trámites administrativos, substituíndo o preceptivo informe do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en determinados supostos por un envío da proposta para o seu coñecemento por parte deste órgano consultivo.

Na Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, esténdese a vixencia das licenzas para persoas maiores de 65 anos, con carácter indefinido, na mesma liña da disposición introducida respecto da caza. Ademais, para cumprir co principio de proporcionalidade, posibilítase en determinadas circunstancias excepcionais, minorar as sancións previstas para as infraccións cometidas nesta materia, e se redefinen as circunstancias atenuantes da responsabilidade.

Asemade, modifícase a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, para dar seguridade xurídica aos operadores de todos os sectores cuxos proxectos teñen que ser sometidos a avaliación de impacto ambiental ordinaria e aclarar o prazo de vixencia do trámite de información pública e de consultas ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas contemplado na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

No capítulo VI, de Educación e Innovación, realízanse varias modificacións.

Por unha banda, introdúcense unhas medidas extraordinarias nesta materia relativas ás ratios do alumnado nas distintas etapas educativas. O Acordo do 11 de outubro de 2023, asinado entre la Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as organizacións sindicais CC.OO, ANPE e UGT-SP Ensino, sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, contempla un amplo abano de medidas para a mellora da calidade, a inclusión e a equidade do ensino.

Entre esas medidas resaltan as relativas á redución progresiva de ratios nas distintas etapas educativas e a un cómputo diferenciado para a mellora da resposta educativa ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Coa finalidade de dar seguridade xurídica no despregamento e interpretación das medidas relativas á redución de ratios e establecer un calendario que permita blindar no tempo o seu desenvolvemento, faise preciso unha determinación normativa do máximo rango.

Por outra banda, modifícase a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, para establecer medidas para a promoción da excelencia de centros e unidades de I+D+i

do sistema universitario de Galicia, a través de procesos competitivos baseados en estándares internacionais, coa participación de comités científicos formados por persoal experto internacional, independente e de recoñecido prestixio. Con esta modificación preténdese non só simplificar e axilizar tales medidas senón tamén adecualas á realidade do ámbito que regula, en constante cambio e evolución.

Ademais, modifícase o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar para, entre outras cuestións, acomodar a nova figura da persoa coordinadora de benestar e protección ao marco normativo do sistema educativo galego, recoller a regulación sobre o uso de móbiles e dispositivos electrónicos, delimitar os prazos temporais dos períodos de información previa nos casos de acoso ou ciberacoso escolar ou actualizar obxectivos xerais do plan de convivencia. A urxencia desta medida vén xustificada pola necesaria revisión e axuste regulatorio desta norma que dea resposta á nova realidade normativa e social.

No capítulo VII, correspondente á política social, engádese un Título XI á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que recolle unha nova regulación do procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, co obxecto de simplificalo e axilizar a súa tramitación. Como principais novidades, destaca a posibilidade de tramitar conxuntamente nun mesmo procedemento o recoñecemento de grao de dependencia, o dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia e o recoñecemento do grao de discapacidade, cando así se pida na correspondente solicitude, atendendo á experiencia que amosa que as situacións de dependencia adoitan levar aparellado un determinado grao de discapacidade.

Refórzanse a información e o asesoramento das persoas solicitantes, prevéndose a posibilidade de que as persoas traballadoras sociais da Xunta de Galicia e das entidades locais actúen como profesionais de referencia, prestando a necesaria asistencia en relación cos trámites do procedemento e recursos máis acaídos ás circunstancias daquelas. Tamén se reducen as cargas que ata este momento pesaban sobre a cidadanía. Así, no caso de autorizalo na solicitude, non será necesario achegar o informe de saúde no que se basea a valoración e que será recabado de oficio polo órgano competente en materia de dependencia.

A lei detalla o procedemento de valoración, o papel dos equipos técnicos de valoración e as súas funcións. Simplifícase o procedemento de revisión do grao de dependencia e do programa individual de atención e, paralelamente á regulación establecida para o seu recoñecemento, prevese a posibilidade de que, xunto coa revisión do grao de dependencia e do programa individual de atención, se solicite polo interesado a revisión do grao de discapacidade, dando lugar á tramitación dun único procedemento que rematará cunha única resolución que se pronuncie sobre ambos extremos.

Por último, a lei prevé distintos mecanismos de coordinación, mediante comisións sectoriais específicas ou grupos de traballo no ámbito da propia administración autonómica e a través da

formalización dos correspondentes protocolos de coordinación entre o sistema público de servizos sociais e o sistema de saúde, para garantir unha efectiva atención ás persoas en situación de dependencia. Tamén se prevé expresamente a actualización dos sistemas de información que dan soporte á tramitación dos procedementos de recoñecemento da dependencia e da discapacidade e o desenvolvemento dun plan de formación coa finalidade de facilitar a adquisición das competencias e das habilidades necesarias para a xestión dos procedementos de dependencia e discapacidade.

Esta modificación implica as correlativas no Decreto 246/2011, do 15 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no relativo aos órganos consultivos e de participación, por motivos de coherencia e seguridade xurídica; e no Decreto 142/2023, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

No capítulo VIII, de Igualdade, modifícase a Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Así, precísanse as funcións atribuídas á unidade administrativa de igualdade dependente da consellería con competencias en materia de emprego, en relación coa emisión de informes dende a perspectiva de xénero dos convenios colectivos que sexan obxecto de rexistro ante a autoridade laboral.

Así mesmo, respecto do Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar, mellórase a súa composición e organización, ao concretar, por un lado, os perfís da representación da Administración, e por outro, ao incluír na súa composición tanto a representantes do Consello Agrario Galego que ten, entre outras, a función de impulsar a participación das mulleres do medio rural, como a representantes da Federación Galega de Confrarías que integran, a través das confrarías, a maioría das mulleres profesionais dos ámbitos pesqueiro e marisqueiro.

No capítulo IX, en materia de economía e industria, introdúcense medidas temporais e excepcionais, en liña coas actuacións dirixidas a incrementar as facilidades para a creación de solo empresarial, para habilitar a posibilidade de declarar e aprobar proxectos de interese autonómico de creación de solo empresarial en concellos de menos de 20.000 habitantes. Estas medidas teñen carácter de temporais e extraordinarias, e serán aplicables a aqueles proxectos cuxa tramitación sexa iniciada ata o 31 de decembro de 2029.

Por outra banda, inclúense outras medidas relativas a diversas disposicións. Así, modifícase a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia coa finalidade, por unha banda, de dar un pulo ao Consello da Minaría de Galicia e, por outra banda, de impulsar a declaración de municipios mineiros. En relación ao primeiro, a experiencia acumulada no funcionamento do Consello Galego de Economía e Competitividade aconsella volver a contar cun órgano consultivo especializado na materia para abordar todas as cuestións que afectan ao sector. Por esta razón, efectúanse as correspondentes modificacións en relación co Consello Galego de Econo-

mía e Competitividade para volver a activar e poñer en funcionamento o Consello da Minaría de Galicia. Estes cambios implican a modificación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e do Decreto 42/2015, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Consello Galego de Economía e Competitividade.

No eido dos municipios mineiros, a modificación realizada concreta os requisitos e procedemento dirixido a obter o recoñecemento de tal condición. Os efectos deste recoñecemento incluirán a posibilidade de que tales municipios sexan destinatarios de medidas específicas de colaboración e fomento artelladas polo sector público autonómico. Co obxecto de facilitar o seguimento desta medida créase o Rexistro de Municipios Mineiros de Galicia.

Por outra banda, tamén se introduce unha modificación relativa ás solicitudes de reclasificación de dereitos mineiros da sección A), para dar cumprimento ao Acordo do 3 de setembro de 2024 da Comisión Bilateral de Cooperación entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei de Galicia 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e publicado mediante Resolución do 9 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.

Ademais, a Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia tamén se modifica coa finalidade principal atribuír á consellería competente en materia de urbanismo as funcións relativas á autorización e rexistro das entidades de certificación de conformidade municipal (ECCOM), así como a competencia sancionadora. Por outra banda, equipárase o réxime e os efectos derivados da presentación dos títulos habilitantes exixidos pola Lei 9/2013, do 19 de decembro, acompañadas dun certificado de conformidade emitido por unha ECCOM, aos previstos no artigo 146.bis da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para os actos de edificación e uso do solo e do subsolo.

Introdúcense modificacións no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro. Estas modificacións establecen un novo procedemento que permitirá o desenvolvemento de solo empresarial de iniciativa privada dunha forma máis áxil naqueles emprazamentos nos que exista unha demanda real para a implantación de proxectos industriais estratéxicos. Nas novas áreas empresariais creadas a través do dito procedemento localizaranse instalacións de aproveitamento de enerxías renovables, de forma que unha porcentaxe da súa produción teña que dedicarse á subministración ás empresas localizadas no ámbito sobre o que se pretende actuar, así como a outras empresas e persoas consumidoras da zona.

En consonancia coas medidas anteriores, inclúense unha serie de cambios na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia.

No capítulo X acláranse conceptos ou cuestións de procedemento na Lei 6/2023, do 2 de novembro, de patrimonio de Galicia, postos de manifesto trala súa aplicación, co obxecto de acadar unha maior seguridade xurídica para as persoas interesadas e as administracións impli-

cadas. Así, concrétanse supostos de venda directa, aclárase o procedemento para a venda de bens obsoletos, perecedoiros ou deteriorados ou establécense infraccións relativas á obriga das entidades financeiras de comunicar os saldos e depósitos abandonados, en consonancia co establecido na normativa estatal e en aplicación do previsto na propia norma autonómica.

Por outra parte, a modificación da Lei 3/2023, do 4 de xullo, reguladora dos xogos de Galicia, limítase a corrixir un erro material que afecta á numeración de determinados artigos aos que a norma se remite.

O capítulo XI introduce medidas en materia de vivenda e infraestruturas.

A sección relativa ás medidas extraordinarias e temporais en materia de vivenda ten por obxecto facer fronte á situación actual, caracterizada pola falta de vivenda a prezo accesible, tanto en venda como en alugueiro, e pola existencia constatada dunha forte demanda de vivenda pola cidadanía.

Neste escenario, as medidas propostas perseguen, fundamentalmente, facilitar a tramitación dos proxectos de interese autonómico para a planificación e proxección de actuacións de creación de solo residencial de promoción pública por parte da Xunta de Galicia, coa finalidade última de acadar unha maior axilidade na súa tramitación, simplificando o procedemento para a aprobación e modificación destes instrumentos sen menoscabar a seguridade xurídica.

Prevense, así mesmo, medidas para axilizar a construción de vivendas protexidas de promoción pública de titularidade autonómica, como a atribución aos correspondentes proxectos de construción da consideración de obras públicas de interese xeral coas consecuencias que isto implica ou a regulación da reserva de prazas de aparcadoiros de vehículos nas parcelas destinadas a este tipo de vivendas. Outra das finalidades desta regulación é favorecer e facilitar a utilización de edificacións xa existentes para o seu destino a vivenda, en concreto dos locais destinados a un uso terciario e das edificacións non acabadas que reúnan determinadas condicións.

Tamén se modifica a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, para implantar os mecanismos que posibiliten a execución do xa mencionado obxectivo de duplicar o parque de vivenda pública nos vindeiros anos e de xestionar solo para a construción de 20.000 vivendas protexidas.

Co obxectivo principal de garantir que as persoas con menos ingresos poidan acceder a unha vivenda, prevese que os prezos finais de adxudicación das vivendas protexidas de promoción pública, así como os requisitos de ingresos para o seu acceso, se determinen a través de acordo do Consello da Xunta de Galicia, o que permitirá ademais a súa adaptación á situación cambiante do sector.

Búscase tamén axilizar a adxudicación destas vivendas, eliminando trámites para a inscrición no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia, e recoñecendo a actividade do terceiro sector neste eido, posibilitando a súa xestión con fins de

inserción ou asistenciais, a través de entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan programas de carácter social no eido da vivenda, con acreditada experiencia na procura de vivenda e mediación social.

Garántese a duración permanente do seu réxime de protección, con independencia da data da súa cualificación, para que estas vivendas sirvan sempre para a finalidade para a que se promoven que é a de facilitar o acceso á vivenda das persoas con menos recursos, á vez que se consigue unha maior eficiencia na xestión dos recursos públicos. Con este mesmo obxectivo, establécense procedementos áxiles para xestionar as débedas das persoas adxudicatarias de vivendas públicas en favor da Administración pública.

Posibilítase a cesión gratuíta polos concellos de solo residencial con destino á construción de vivendas protexidas. Neste suposto, poderá cedérselle aos concellos, como única contraprestación e sempre que así o soliciten, a totalidade ou parte dos locais comerciais que, de ser o caso, se constrúan na devandita promoción pública, así como adxudicarlles directamente en venda ata un 20% das vivendas protexidas de promoción pública resultantes e os seus anexos, para atender os casos de especial necesidade.

Para concluír, coa finalidade de facilitar a emancipación da mocidade, prevese a posibilidade de impulsar, en colaboración coa consellería competente en materia de xuventude, a promoción pública e a xestión de aloxamentos compartidos, destinados a satisfacer necesidades transitorias de vivenda das persoas menores de 36 anos.

Por outra banda, modifícase a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia para dotar ás administracións promotoras das obras de estradas de ferramentas legais máis efectivas para axilizar a retirada ou modificación dos bens ou instalacións para a prestación de servizos de interese xeral que impidan ou entorpezan a súa execución. Para iso, establécese a antedita obriga e regúlanse as súas condicións. Ademais, tipifícase como infracción o seu incumprimento, identificando como responsable á persoa titular do servizo, e establécese que a propia retirada ou modificación dos bens ou instalacións forma parte da obriga de reparación do dano causado, sen prexuízo da sanción que se impoña. Regúlase a posibilidade de impoñer multas coercitivas no caso do incumprimento do prazo máximo para a retirada ou modificación, sen necesidade de que teña recaído resolución do correspondente expediente de sanción e engadindo o seu importe ao da sanción que, no seu caso, se impoña.

Por outra banda, realízase unha clasificación máis completa e coherente de todo o réxime de usos no seu entorno, para adaptar a súa redacción á clasificación establecida.

Modifícase tamén a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Por unha banda, e cun carácter fundamentalmente procedimental, para introducir aclaracións e precisións que contribúan a facilitar a súa aplicación, acurtar prazos de tramitación e disipar as dúbidas que vén suscitando a súa aplicación práctica; destacando, como reforzo da simplificación e axilización de

trámites, a modificación da regulación relativa ás entidades de certificación de conformidade municipal ou ás modificacións non substanciais dos instrumentos de planeamento urbanístico. E, por outra banda, preténdese posibilitar a instalación de sistemas de depuración individual, cando non se trate de novas edificacións, naquelas parcelas que non dispoñen de superficie suficiente aos bordos das parcelas e que tampouco dispoñen dos servizos de saneamento municipal, garantindo en todo caso a salubridade da poboación.

A modificación da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, afecta ás normas de aplicación directa ás que están suxeitas as intervencións nos edificios incluídos no ámbito territorial das categorías de bens definidos na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia e aos ámbitos obxecto de planeamento especial de protección, mediante a introdución de aclaracións, precisións e puntualizacións que contribúen, en última instancia, a facilitar a súa aplicación e disipar as dúbidas suscitadas no curso da súa vixencia.

Cómpre salientar a modificación introducida para permitir que, en ausencia dunha resolución de homoxeneización ditada por solicitude dos concellos, as persoas propietarias de edificios ou as promotoras de intervencións neles poidan solicitar, sempre a través desas entidades locais, a homoxeneización específica do nivel de protección da edificación sobre a que teñan interese.

No capítulo XII, de Sanidade, introdúcense modificacións puntuais en materia do emprego público do persoal estatutario.

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, xa permite que, por razóns de interese xeral e necesidades obxectivas, poida eximirse do requisito da nacionalidade para o acceso á condición de persoal estatutario das categorías profesionais de persoal licenciado sanitario, na que se inclúe o persoal médico. Esténdese agora esta habilitación normativa, dirixida a incrementar o número de aspirantes ao emprego público nesas categorías e facilitar polo tanto o seu acceso, ao persoal diplomado sanitario.

Na Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde, introdúcense A Barbanza e O Salnés entre os distritos sanitarios nos que os servizos prestados computarán o triplo da puntuación que se estableza nos futuros procesos selectivos e concursos de traslados, de cara a facilitar a captación de profesionais sanitarios.

Por outra banda, modifícase o Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, coa finalidade de axilizar a toma de posesión do persoal estatutario, o que resulta especialmente relevante de cara á vindeira estabilización de 5.000 persoas en 105 categorías, homoxeneizando este prazo co previsto para o persoal empregado público establecido de modo xeral.

No capítulo XIII, dedicado ao patrimonio cultural, realízanse modificacións puntuais na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, para establecer as condicións en que determinadas actuacións poderán ser realizadas sen a necesidade dun procedemento de autorización previa en materia de protección do patrimonio cultural, por non teren incidencia sobre os valores que se protexen, o que redundará nunha maior axilidade na tramitación administrativa e nunha maior seguridade xurídica para as persoas interesadas e as administracións implicadas.

No capítulo XIV, dedicado ao medio rural, introdúcense medidas en diversos ámbitos:

Modifícase a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, co obxectivo principal de fomentar o asociacionismo entre as persoas propietarias forestais, flexibilizando a figura de agrupación forestal de xestión conxunta e habilitando un tipo de asociación máis sinxela en canto á súas finalidades e actividades. Para isto, contémplase a posibilidade de crear asociacións sen base territorial con finalidades, entre outras, de representación, comercialización, loita integrada contra pragas ou enfermidades ou apoio técnico, sen o requisito de cesión das superficies á agrupación. Habilítase a posibilidade de empregar outros instrumentos -distintos do proxecto de ordenación- máis simples para os montes que sexan obxecto dunha xestión pública de pequena superficie. E, co mesmo obxectivo de simplificación da xestión dos montes, prevese que a administración forestal poida asumir a redacción do instrumento cando concorran determinadas circunstancias. En consonancia, e para achegar seguridade xurídica, adáptase a redacción do Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.

Na Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia abórdase a regulación de situacións non previstas inicialmente na norma, cuxa necesidade se puxo de manifesto trala súa entrada en vigor, en aras de manter a eficacia e eficiencia na xestión administrativa e a satisfacción do interese público.

Modifícase a Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que establecía medidas en materia de benestar animal nos animais de produción, para concretar, entre as medidas de corrección, seguridade e control que impidan a continuidade na produción do dano en materia de coidado dos animais, a inhabilitación da persoa titular da explotación ou responsable dos animais para o exercicio da profesión, oficio ou comercio relacionado cos animais, así como para a súa tenencia. A súa implementación responde á crecente preocupación polos dereitos dos animais e ás esixencias de garantir prácticas sostibles e éticas na produción agropecuaria.

En materia de calidade alimentaria, adecúanse os órganos competentes para a imposición de sancións á nova estrutura orgánica da consellería, para o que se realiza unha modificación puntual na Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia e, coherentemente, no Decreto 2/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regulan os órganos competentes e o procedemento para a imposición de sancións en materias do medio rural.

No capítulo XV, de mar, modifícase a Lei 9/1993, do 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia, de cara a establecer como recursos das confrarías as cantidades recadadas na primeira venda dos excedentes procedentes das cantidades de marisco obtido durante a actividade marisqueira. Deste xeito, lexitímase ás entidades titulares dos plans de xestión marisqueira para dispoñer destes recursos económicos para facer fronte ás súas obrigas. Esta modificación reflíctese, por motivos de coherencia, tamén no Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións. Con todo, a efectividade deste novo ingreso condiciónase a un posterior desenvolvemento, que deberá acometer a consellería con competencias en materia de mar, para concretar os requisitos e límites para a recadación coas debidas garantías deste recurso.

Tamén se modifica a Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, coa finalidade de que, de xeito excepcional, Portos de Galicia autorice prórrogas non previstas no título concesional, naquelas concesións de interese estratéxico ou relevante para a explotación portuaria e para o desenvolvemento económico, social ou turístico da comunidade concentrada na súa zona de influencia, sempre que a entidade concesionaria se comprometa a realizar un investimento adicional, unha contribución económica ou unha combinación de ambos supostos

No capítulo XVI, relativo ao emprego público, organización e funcionamento da Administración autonómica, modifícanse distintas normas. Por unha banda, en materia de emprego público, acométese a modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia para adaptar as funcións e titulación da escala de letrados á Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, así como das titulacións da especialidade de educador/a social. Recóllese tamén a consecuencia no chamamento das listas para o persoal interino que non superou o período de proba para o desempeño dun posto de traballo. Por último, introdúcese a garantía das retribucións para o persoal laboral fixo posterior ao Estatuto Básico do Empregado Público que se funcionarice, coa finalidade de equiparar as súas condicións retributivas co persoal xa funcionarizado.

Abórdase a modificación puntual do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia co obxecto de axilizar, de xeito inmediato, os chamamentos para a cobertura de postos vacantes e de realizar unhas actualizacións técnicas no dito decreto en relación co persoal dos Servizos de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais.

Lévanse a cabo diversas modificacións no Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumen-

tais integrantes do sector público autonómico, coa finalidade de adaptalo á Lei de emprego público de Galicia, de introducir algunhas modificacións e aclaracións na figura da adscrición provisional e para garantir a posibilidade de contar con persoal especializado nas comisións de valoración, de cara á resolución dos vindeiros concursos ordinarios.

Pola súa banda, en materia de organización e funcionamento, modifícase a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, coa finalidade de determinar o réxime aplicable ás persoas titulares dos departamentos territoriais.

Tamén se acomete a modificación da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, coa finalidade de que esta reflicta os cambios organizativos derivados da creación da Dirección Xeral de Asuntos Constitucionais e Desenvolvemento Lexislativo.

Na mesma liña, este capítulo inclúe modificacións puntuais e organizativas do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e se aproban os seus estatutos.

A parte final da lei está composta por dez disposicións adicionais, cinco disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e tres disposicións finais.

En primeiro lugar, dentro das disposición adicionais, recóllense normas para o fomento do Polo de investigación e desenvolvemento da biotecnoloxía de Galicia, atendendo ao carácter estratéxico do sector para o desenvolvemento do sistema produtivo de Galicia e a súa transferencia de resultados de investigación e innovación nas fases temperás, así, como ao seu carácter estratéxico para a mellora da saúde humana, a agricultura e gandería, a preservación da biodiversidade e a sustentabilidade ambiental. O polo entenderase como o fomento e a coordinación de medios, recursos e infraestruturas que permitan desenvolver algunha ou todas as fases dos procesos de investigación e transferencia de resultados no eido da biotecnoloxía que se pretenden fomentar.

En materia de medios audiovisuais, a disposición adicional segunda contempla un prazo de dous meses, a partir da entrada en vigor da lei, para a comunicación á administración das modificacións da programación levadas a cabo polos titulares dun servizo de comunicación audiovisual radiofónica, que poderán autorizarse previa valoración da pluralidade radiofónica existente na localidade correspondente.

A disposición adicional terceira realiza unha ampliación de prazos en materia de licenzas dos servizos de comunicación audiovisual televisiva.

A disposición adicional cuarta recolle a adaptación da normativa reguladora do canon eólico.

A disposición adicional quinta, en materia de medio ambiente, contempla, de xeito excepcional para os anos 2023 e 2024, a condonación do pagamento do canon por perdas nas redes de abastecemento establecido pola Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario, con base na mesma xustificación que dá lugar á introdución na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, do coeficiente gradual para o período 2025-2028.

A disposición adicional sexta, en materia de medio ambiente, vai dirixida a aclarar como se emiten os informes de compatibilidade cos obxectivos de calidade e ambientais previstos na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, segundo o tipo de proxectos que se queiran implantar en terreos de dominio público o de servidume de protección marítimo terrestre.

A disposición adicional sétima, en materia de educación e Innovación, prevé a aplicación a aquelas iniciativas das entidades instrumentais do sector público autonómico, que supoñan a implantación de infraestruturas ou instalacións dirixidas á investigación e á aplicación da computación e comunicacións de altas prestacións, así como, en xeral, doutros recursos facilitadores das tecnoloxías da información e da comunicación, o procedemento de declaración e de aprobación e efectos establecidos para os proxectos industriais estratéxicos do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

A disposición adicional oitava, en materia de economía e industria, recolle diversas previsións sobre a constitución do Consello de Minaría de Galicia.

A disposición adicional novena, en materia de emprego público, recolle medidas especiais relativas ás listas de contratación de persoal laboral ou de persoal funcionario interino durante o ano 2025.

A disposición adicional décima recolle estipulacións respecto á cancelación e devolución de garantías en promocións públicas de urbanización ou edificación.

As disposicións transitorias primeira e segunda conteñen determinacións temporais en materia de enerxía eólica.

A disposición transitoria terceira, en materia de economía e industria, establece o réxime transitorio previo á constitución do Consello de Minaría de Galicia.

A disposición transitoria cuarta recolle cuestións relativas á modificación da natureza das débedas das persoas adxudicatarias de vivendas de promoción pública de titularidade do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

A disposición transitoria quinta establece aspectos respecto da reserva de prazas de aparcadoiros para vivendas.

A disposición derrogatoria única da lei prevé a derrogación das disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao previsto nela.

Por último, a disposición final primeira recolle unha cláusula de salvagarda do rango regulamentario aplicable aos decretos modificados a través desta lei; a disposición final segunda habilita o Consello da Xunta de Galicia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento da lei; e a disposición final terceira establece a entrada en vigor da norma.